DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 1 de outubro de 2021

ÍNDICE DE ASUNTOS TRATADOS

ASUNTOS

* Declaración institucional en apoio á Illa da Palma pola erupción volcánica na zona de Cabeza de Vaca o 19 de setembro de 2021..... **6**

Información e actas

1. Toma de posesión da deputada do Partido Popular, dona Teresa Villaverde Pais... **6**

2. Aprobación da acta da sesión anterior, número 8/2021, de 10 de setembro..... **7**

3. Dación de conta das Resolucións da Presidencia, desde o 4 de setembro ata o 24 de setembro de 2021 ..... **8**

Comisión de Cultura, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística

4. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Auditorio de Galicia polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o Programa de actividades do ano 2021. 8

Comisión de Benestar Social e Educación

5. Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela para Financiar o reparto de alimentos na zona sur da provincia da Coruña e do correspondente convenio. **17**

6. Aprobación da concesión de subvención nominativa ao Concello de Carballo para cofinanciar o Mantemento da Unidade de Condutas Aditivas no ano 2021 e do correspondente convenio..... **25**

Comisión de Promoción Económica e Asistencia a Municipios

7. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Oleiros para financiar a "XXVII Feira Olería Tradicional Alfaroleiros".. **33**

Comisión de Infraestructuras Viarias, Vías e Obras Provinciais

8. Aprobación definitiva do Plan de Investimentos 2021, Oitava Fase **40**

9. Aprobación técnica do Plan de Investimentos 2021, novena fase **41**

10. Aprobación do Plan de Sendas Peonís 2021, cuarta fase **42**

11. Aprobación da rectificacion do acordo plenario adoptado en sesión celebrada o 10 de setembro de 2021, relativo a aprobación técnica do Plan de Sendas Peonís 2021, Terceira Fase. **43**

Comisión de Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamento

12. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do Convenio subscrito co concello de Sada para cofinanciamento do subministro obxecto do Proxecto Xanela Aberta: pantallas e totems de información turística **44**

13. Ratificación da Resolución da Presidencia núm. 34833 de 3 de setembro de 2021 pola que se aproba a nova composición da Mesa de Contratación Permanente da Deputación Provincial da Coruña que modifica a designada por Resolución da Presidencia núm. 35664 de 15 de outubro de 2019 ..... **44**

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Turismo e Patrimonio Histórico e Cultural

14. Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Mellora accesibilidade a Fontán e reparación escaleira Avda. do Porto", do Concello de Sada, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 co código 2018.2000.0292.0 ..... **47**

15. Aprobación do proxecto modificado número 2 do investimento denominado "Construción de beirarrúas e saneamento en Pasarela", do Concello de Vimianzo, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017 co código 2017.3290.0392.0 ..... **48**

16. Aprobación do Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN DE MUNICIPIOS DEL CAMINO DE SANTIAGO polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "A LOS PIES DEL PEREGRINO" **50**

17. Aprobación do Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "ACTIVIDADES PROXECTO XEOPARQUE CABO ORTEGAL" **58**

18. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Consorcio de Turismo y Congresos de A Coruña polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "Realización de actividades que impulsen a proxeción e promoción internacional da cidade da Coruña como destino de producciónsaudiovisuais e de turismo cultural" **68**

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

19. Aprobación da toma de coñecemento da información sobre o período medio de pago a provedores á que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de agosto de 2021 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento

da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña entre o 1 e o 31 de agosto de 2021. ..... **77**

20. Aprobación da toma de coñecemento da remisión, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, da información da execución orzamentaria da Deputación Provincial e dos seus entes dependentes correspondente ao segundo trimestre de 2021 ..... **78**

21. Aprobación da toma de coñecemento da aprobación definitiva da Conta Xeral do exercicio 2020 do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e da incorporación do informe definitivo de auditoría financeira elaborado pola Intervención Provincial. **78**

22. Aprobación definitiva da Conta Xeral integrada do exercicio 2020, conformada pola da Deputación Provincial da Coruña, a do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e as Contas Anuais da Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña. **80**

23. Aprobación do Plan de Acción da Presidencia 2021, para dar cumprimento ao establecido no artigo 38 do Real Decreto 424/2017, do 27 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do Control Interno do Sector Público Local. **81**

24. Aprobación de creación e bases cos criterios de distribución do incentivo de produtividade para o persoal laboral (non directivo) da Fundación Axencia enerxética provincial da Coruña (FAEPAC). **86**

25. Desestimación do recurso de reposición interposto polo Colexio de Educadores/as sociais de Galicia contra a aprobación da modificación da relación de postos de traballo 2021. ..... **91**

26. Dación de conta das resolucións de presidencia número 34521/2021 e 34519/2021 polas que se nomea e cesa persoal eventual..... **94**

Comisión de Transición Ecolóxica, Emprego e Territorio Sostible

27. Aprobación da formalización dun convenio de colaboración coa Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC) para cofinanciar o proxecto "ASESORÍA ENERXÉTICA 2021" **94**

ACTUACIÓN DE CONTROL:
MOCIÓNS

1.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre sucursais bancarias no rural.. **102**

2.Moción que presenta o Grupo Provincial Popular en apoio ao acceso á poboación aos servizos financeiros **111**

3.Moción que presenta o grupo provincial do PSdeG-PSOE contra o risco de exclusión financeira da poboación rural da provincia **113**

4.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre a Mina de Touro..... **131**

Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 1 de outubro de 2021.

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 1 de outubro de 2021, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

Preside: don Valentín González Formoso, Presidente da Corporación Provincial

Deputados/as

Asistentes:

Don Valentín Alfonsín Somoza	PP
Dona Martina Aneiros Barros	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Germán Castrillón Permuy	PP
Dona María Milagros Castro Sánchez	PSOE
Don Ignacio Codesido Barreiro	PP
Don Xosé Xurxo Couto Rodríguez	BNG
Don Antonio Deibe Sanmartín	PP
Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Don José Blas García Piñeiro	PSOE
Don Ángel García Seoane	AVV
Dona Sandra González Castro	PSOE
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Dona Ana Lamas Villar	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don Alberto Lema Suárez	MA
Dona María del Carmen Muiño Filgueira	BNG
Don José Javier Pego Sampedro	PP
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don José Manuel Pequeño Castro	PSOE
Don José Luis Pérez Añón	PP
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Don Roberto Rodríguez Martínez	PP
Don José Francisco Santos Regueiro	PP
Don Manuel Taboada Vigo	PP
Dona Teresa Villaverde Pais	PP

Excusada:

Rosa Mª Gallego Neira	PP

Actúa como secretario: don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación.

Está presente o Interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera

Aberto o acto ás 12:05 horas, tratáronse os seguintes asuntos:

1.- Toma de posesión da deputada do Partido Popular, dona Teresa Villaverde Pais

Sr. Secretario

Don Miguel Colmenero Menéndez de Luarca, presidente da Xunta Electoral Central, expediu con data 10 de agosto pasado credencial expresiva de que foi designada deputada da Deputación Provincial da Coruña dona María Teresa Villaverde Pais, en substitución, por renuncia, de don Manuel María Durán Guillán, por figurar dona María Teresa como suplente nas listas de candidatos presentadas polo Partido Popular nas eleccións locais do día 26 de maio de 2019. A señora Villaverde Pais formulou, nos modelos aprobados por esta Corporación, declaración sobre os seus bens patrimoniais, sobre as súas actividades e posibles incompatibilidades nos termos previstos no número 7 do artigo 75 da Lei reguladora das bases do réxime local. Reúne, xa que logo, os requisitos necesarios para a toma de posesión como deputada provincial mediante a preceptiva prestación de xuramento ou promesa.

Dona Teresa Villaverde Pais toma posesión do seu cargo, con arranxo á fórmula establecida no R.D. 707/1979, de 5 de abril,, séndolle imposta seguidamente a medalla da provincia como atributo do seu cargo de deputada provincial.

Sr. Presidente

Antes de continuar, en nome de toda a Corporación, Teresa, darche a benvida. Xa es unha vella coñecida nesta casa como deputada, e como alcaldesa, un exemplo de espírito colaborativo sempre é benvido nesta casa.

Continuamos coa declaración institucional sobre o apoio á illa da Palma.

Sr. Secretario

Declaración institucional en apoio á Illa da Palma pola erupción volcánica na zona de Cabeza de Vaca o 19 de setembro de 2021

O pasado domingo, 19 de setembro de 2021, e tras varias semanas dunha actividade sísmica cada vez máis intensa, entraba en erupción a zona de Cabeza de Vaca, na illa da Palma.

O paso das coadas de lava no seu percorrido desde o cume ata o mar segue deixando, como consecuencia, a destrución de vivendas, unhas 200 vivendas ata o momento, a destrución do modo de vida de numerosas familias e unha sensación permanente de incerteza que mantén a todos os canarios co corazón encolleito e que debe ser minimizada pola acción coordinada de todas as Administracións.

Desde a Deputación da Coruña, queremos enviar unha mensaxe de solidariedade a

toda a sociedade palmeira nestes momentos de gran preocupación. Así mesmo, queremos trasladar todo o noso apoio ás persoas evacuadas dos seus fogares e, moi especialmente, o noso agarimo a quen perdeu as súas vivendas, os seus cultivos ou calquera outro ben baixo a lava. A dor, angustia e desesperación que senten, sentímolo tamén nós. Tamén, queremos poñer en valor a resposta do pobo da Palma, o seu exemplo de civismo co que, nuns momentos moi duros, asumiu as recomendacións das autoridades priorizando a seguridade persoal e colectiva.

É UNHA LECCIÓN PARA TODOS.

Agradecemos e destacamos o traballo incansable que desde o pasado domingo están a desenvolver a comunidade científica, os equipos de emerxencia, Corpos e Forzas de Seguridade do Estado, organizacións non gobernamentais, Exército, policías locais, profesionais do sector sanitario, medios de comunicación e tantos colectivos que co seu labor sobre o terreo contribúen a reducir as consecuencias deste fenómeno da natureza. Grazas por permanecer á beira de cada persoa; grazas pola súa vocación, pola súa entrega, pola súa valentía e polo seu esforzo.

Ademais, a erupción está causando graves danos en vivendas, empresas e terras de traballo, que derivarán en profundos problemas económicos. O Goberno de España debe contribuír económicamente con axilidade e mediante os mecanismos que sexan precisos para paliar os efectos económicos na Illa.

Polo exposto, a Corporación dá Deputación provincial da Coruña DECLARA a súa vontade de:

1. Enviar unha mensaxe de solidariedade a toda a sociedade palmeira nestes momentos de gran preocupación. Trasladamos todo o noso apoio ás persoas evacuadas dos seus fogares e, moi especialmente, o noso agarimo a quen perdeu as súas vivendas, os seus cultivos ou calquera outro ben baixo a lava.

2. Felicitar e agradecer o traballo incansable que están a desenvolver a comunidade científica, os equipos de emerxencia, Corpos e Forzas de Seguridade do Estado, organizacións non gobernamentais, as institucións públicas locais, autónomicas e estatais, exército, policías locais, profesionais do sector sanitario, medios de comunicación e tantos colectivos que co seu labor sobre o terreo contribúen a reducir as consecuencias deste fenómeno da natureza.

3. Demandar ao Goberno de España que axilice e execute as axudas económicas necesarias para paliar os efectos directos e indirectos da erupción volcánica na Illa da Palma.

2.- Aprobación da acta da sesión anterior, número 8/2021, de 10 de setembro

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

Apróbase, por unanimidade, a acta da sesión anterior, número 8/2021, do 10 de setembro.

3.- Dación de conta das Resolucións da Presidencia, desde o 4 de setembro ata o 24 de setembro de 2021

Dáse conta das Resolucións da Presidencia, desde o 4 de setembro ata o 24 de setembro de 2021

4.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Auditorio de Galicia polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o Programa de actividades do ano 2021.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa por importe de **200.000,00 €,** ao Auditorio de Galicia, para cofinanciar o *Programa de actividades do ano 2021,* cun orzamento subvencionado de 256.935,00 €, de acordo co texto que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación o seu informe do 14 de setembro de 2021.

3.- Incluír a dita subvención no Plan Estratéxico Provincial de Subvencións 2020/2022, da Deputación da Coruña.

4.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2022, autorice o correspondente Orzamento.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Auditorio de Galicia polo que se instrumenta unha subvención nominativa para

cofinanciar o *Programa de actividades do ano 2021.*

Na Coruña, a

REUNIDOS

Don/a ……., en representación da Deputación Provincial da Coruña

Don/a ……., en representación do Auditorio de Galicia

EXPOÑEN

1.- O Concello de Santiago de Compostela, en sesión plenaria celebrada o vinte e sete de setembro de mil novecientos noventa, aprobou a constitución do Organismo Autónomo Auditorio de Galicia e, o vinte e nove de novembro, aprobou definitivamente os seus estatutos.

Con posterioridade, foi publicada no BOP 222, de data 24 de setembro de 2004, a modificación dos Estatutos do Auditorio de Galicia, que se rexerá polo previsto no artigo 85 bis da LRBRL (Lei 7/1985), coas modificacións introducidas pola Lei 57/2003, de medidas para a modernización do goberno local.

De conformidade co acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 15 de abril de 2004, o Auditorio de Galicia é o órgano xestor da actividade cultural do Concello de Santiago de Compostela.

2.- Tal e como recolle o art. 2 dos seus Estatutos, o Auditorio de Galicia debe elaborar, deseñar e executar os programas de actividades culturais no ámbito da música, ópera, teatro, congresos e exposicións.

3.- De conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, 22 de xullo, de Administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura, polo que a Deputación da Coruña, do mesmo xeito que o Auditorio de Galicia, exerce competencias en materia de actividades culturais e de promoción da música, existindo a posibilidade legal de subscribir convenios coas distintas administracións públicas para o cumprimento dos fins previstos na normativa vixente.

4.- O Auditorio de Galicia desenvolve ao longo do ano unha programación de concertos, actividades didácticas e exposicións, cunha difusión moi superior á do termo municipal de Santiago de Compostela.

5.- En exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña recoñece o labor cultural que ven desempeñando o Auditorio de Galicia e considera de interese as actividades que desenvolve.

6.- Coa finalidade de establecer as condicións de colaboración para a realización do *Programa de actividades do ano 2021,* a Deputación da Coruña e o Auditorio de Galicia acordan suscribir o presente convenio, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Auditorio de Galicia**, con CIF: Q1500340C, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial da ***Programa de actividades do ano 2021***, que se indica deseguido:

* Semana do patrimonio invisible: xornadas sobre difusión do patrimonio e recuperación do patrimonio invisibilizado e, como elemento nuclear contará con visitas a lugares patrimoniais que normalmente están pechados e non se poden visitar.

* Xornadas de ilustración urbana: incluídas no programa Compostela Ilustrada, estas xornadas desenvólvense como un elemento nuclear para a divulgación da arte do debuxo e da banda deseñada.

* Música, o carácter singular da programación musical que elabora o Auditorio recae en dous alicerces: o primeiro o apoio e a estabilidades dunha programación clásica, case única no país con vontade de achegamento do repertorio clásico aos habitantes da provincia. E por outra banda, o apoio das músicas e tendencias de vanguarda e actualidade que nos achegan novas vías de enfrontarnos co feito musical artístico:

    - Programa de abono clásico: programación deseñado por Paul Daniel baixo o título "'Emocións naturais. Natureza, amor, vida' incluirá 23 concertos.

    - Programa de piano "Ángel Brage": concertos entre outros do pianista Javier Perianes.

* Ciclo de Lied: en colaboración coa Asociación de Amigos da Ópera de Santiago, este ano chega á súa 22ª edición.

* Xornadas de música contemporánea: este ano centraranse nos compositores e intérpretes da diáspora. Nesta edición a liña temática de programación será a escolla de composicións feitas por mulleres e intrepretadas por elas.

* Gala aRi(t)mar: a singularidade deste proxecto atópase na vontade pedagóxica e na busca de puntos de encontro das realidades lusófonas, entendendo a nosa comunidade de fala como integrante desta diversa rede de comunidades falantes polo mundo.

* Artes escénicas e de movemento: as principais liñas que se teñen en conta para esta programación son o apoio as compañías da cidade, equilibrio entre as disciplinas da palabra e o movemento, interdisciplinaridade da escenas coa literatura, música, xénero, ciencia, política, memoria, cine...e atención a diversidade de públicos e fomento de creación de novos públicos.

* Festival C, configúrase como unha proposta de actividades culturais para o verán compostelán que pretende facer unha mostra de disciplinas artísticas maiormente

galegas en espazos ao aire libre.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

O Auditorio de Galicia desenvolverá as actividades programadas, segundo se define na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Programa de abono		
Deseño e maquetación do programa		3.500,00.-
Impresión programas		5.000,00.-
Impresión programas de man		8.000,00.-
Suministro de augas para concertos		500,00.-
Dereitos de autor		200,00.-
Envíos postais		1.000,00.-
Reparto cartelería		200,00.-
Impresión mupis		200,00.-
Comunicación e difusión na Axenda C		1.500,00.-
Venda telemáticas de abonos e entradas		2.500,00.-
	Subtotal	***22.600,00.-***
Ciclo piano A. Brage		
Honorarios pianistas		8.470,00.-
Dereitos de autor e afinacions		200,00.-
	Subtotal	***8.670,00.-***
Ciclo de lied		
Honorarios artistas		21.000,00.-
Deseño de materias		1.500,00.-
Impresión cartel e programa		1.500,00.-
Dereitos de autor		1.000,00.-
Afinacións		700,00.-
	Subtotal	***25.700,00.-***
Xornadas Música Contemporánea		
Honorarios artistas		20.000,00.-
Deseño de materiais		1.500,00.-
Impresións		1.500,00.-
Dereitos de autor		1.000,00.-
Afinacións		300,00.-
Aluguer material técnico		1.000,00.-
	Subtotal	***25.300,00.-***
Gala Ari[t]mar		
Contratación artística		5.000,00.-
Aluguer de material		2.000,00.-
Coordinación e produción da Gala		5.000,00.-
Servizos profesionais		1.000,00.-
	Subtotal	***13.000,00.-***

Festival C		
Contratacións artísticas		23.000,00.-
Asistencia técnica		5.000,00.-
Seguridade e acomodación		2.000,00.-
Servizo de reparto de entradas		1.500,00.-
Producción		6.500,00.-
	Subtotal	***38.000,00.-***
Semana do Patrimonio Invisible		
Servicios técnicos		18.000,00.-
	Subtotal	***18.000,00.-***
Xornadas de Ilustración Urbana		
Coordinación e deseño do programa		2.990,00.-
Contratación de ponentes		10.800,00.-
Impresión de material gráfico		1.210,00.-
	Subtotal	***15.000,00.-***
Artes escénicas e do movemento		
Encontro paraíso		6.000,00.-
Las criadas		11.495,00.-
Una noche sin luna		9.680,00.-
Nevermore		16.940,00.-
Principiantes		13.310,00.-
Si esto es un hombre		1.540,00.-
Soga e Cinsa		7.700,00.-
Asistencias técnicas		6.000,00.-
Atención aos públicos		2.500,00.-
Aluger de material		3.000,00.-
Publicidade e impresión de materiais		4.000,00.-
comunicación e difusión na Axenda C		1.500,00.-
Servizo de venda de entradas		2.500,00.-
Dereitos de autor		2.000,00.-
Prefuncions		2.500,00.-
	Subtotal	***90.665,00.-***
	Total	***256.935,00 €***

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **200.000 €,** o que representa unha porcentaxe do **77,84 %.**

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria

que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 77,84 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3343/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Auditorio de Galicia obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Auditorio de Galicia.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Auditorio de Galicia, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 euros, con carácter previo á contratación, o Auditorio de Galicia deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos proveedores; entre as ofertas recibidas, deberase elexir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa económicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Auditorio de Galicia.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada ao Auditorio de Galicia unha vez que se presente de xeito telemático (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* **Memoria de actuación**, suscrita polo representante legal do Auditorio de Galicia, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

*** Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2021.

*** Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

*** Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2021.**

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Auditorio de Galicia deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2022.**

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento ao Auditorio de Galicia para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da

subvención e demáis responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Auditorio de Galicia da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financieira indicada polo Auditorio de Galicia.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponde, o Auditorio de Galicia terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de interés legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O Auditorio de Galicia deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por ésta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Auditorio de Galicia destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuizo dos libros e rexistros contábles que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Auditorio de Galicia deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Auditorio de Galicia poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención

pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Auditorio de Galicia queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Auditorio de Galicia serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos deteritos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de

subvencións, a concesión da subvención ao Auditorio de Galicia será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2022** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2021.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2022, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do Auditorio de Galicia, realizada alomenos un mes antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento."

5.- Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela para Financiar o reparto de alimentos na zona sur da provincia da Coruña e do correspondente convenio.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de 3**0.000,00 €**, á Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela para *Financiar o reparto de alimentos na zona sur da provincia da Coruña* cun orzamento subvencionado de 37.500 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

3.- Incluír a dita subvención no Plan Estratéxico Provincial de Subvencións 2020/2022, da Deputación da Coruña.

4.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2022, autorice o correspondente Orzamento.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela polo que se instrumenta unha subvención nominativa para *financiar o reparto de alimentos na zona sur da provincia da Coruña .*

Na Coruña, a

REÚNENSE

D/Dna._____en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña,

D/Dna._____ en nome e representación da Asoc. Banco de Alimentos de Santiago de Compostela

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

EXPOÑEN

1.- Que a Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela é unha

entidade sen ánimo de lucro, que conforme aos seus estatutos, no artigo 5, ten como fins recadar alimentos da sociedade, principalmente os de carácter excedentario como medio de solidariedade cos necesitados, almacenándoos para a súa posterior doazón, proporcionar os alimentos doados ás institucións e centros asistenciais da Provincia da Coruña que mostren necesidade e promover a participación do voluntariado que os dous primeiros fins se fagan necesarios.

2.- Os destinatarios finais son as "persoas mais necesitadas", as persoas físicas, individuos e familias ou agrupacións cunha situación de dependencia social e financeira que esté recoñecida polas autoridades competentes.

3.- As principais actuacións da entidade perseguen os obxectivos da concienciación da sociedade nos problemas derivados da escasez de alimentos e na falta de recursos necesarios para poder vivir unha vida digna. Para poder cumprir con estes propósitos, durante o ano desenvólvense as actividades de captación e reparto de alimentos e a promoción da sensibilización da sociedade e accións formativas hacia a sociedade.

4.- Debido á pandemia orixinada polo Covid-19 non se puido realizar as operacións habituais como a captación de alimentos nos supermercados e grandes superficies, colexios, etc,. Tamén foi excepcional a forma de actuar por ter que subministrar a través de voluntarios de Protección Civil dos concellos ás organizacións de reparto.

5.- Que a Deputación da Coruña é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de Bases de Réxime Local 7/85 de 2 de abril , art. 36 e coa Lei de Admón. Local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así como co disposto na Lei de Servizos Sociais de Galicia 13/2008, art. 61 a 63.

6.- Que, dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela, ambas as dúas partes acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da **Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela,** con CIF G70450820, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para Financiar o reparto de alimentos na zona sur da provincia da Coruña*.*

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela.

A Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Concepto		Importe
Compra de alimentos		37.500,00 €
Total		***37.500,00 €***

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **30.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe de 80,00%.

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 **%**, da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores.

Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades da Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela unha vez que se presente de xeito telemático (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal da Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados,(con IVE e Sen IVE) no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

*** Certificación** da aprobación das facturas e demáis documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2021.

*** Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

*** Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2021**.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2022**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1. A Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1. A Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2022** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse feito desde o **1 de xaneiro de 2021**.

Esta vixencia queda subordinada á existencia de crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2022 autorice o correspondente Orzamento.

2. Previa solicitude da Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela, realizada alomenos un mes antes da fin da vixencia do convenio, poderá ser prorrogado o convenio por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes prececeptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

6.- Aprobación da concesión de subvención nominativa ao Concello de Carballo para cofinanciar o Mantemento da Unidade de Condutas Aditivas no ano 2021 e do correspondente convenio.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de **30.000,00 €**, ao Concello de Carballo para cofinanciar o *Mantemento da Unidade de Condutas Aditivas no ano 2021,* cun orzamento subvencionado de 319.916,34 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no

outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

3.- Incluír a dita subvención no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación da Coruña.

4.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2022, autorice o correspondente Orzamento.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carballo polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o *Mantemento da Unidade de Condutas Aditivas ano 2021*

Na Coruña, a

REUNIDOS

Don/a –---------- en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Don/a –----------en representación do Concello de Carballo.

EXPOÑEN

Que o Concello de Carballo é competente para a xestión da Unidade de Condutas Aditivas, conforme co previsto no art. 25 da Lei de Bases de Réxime Local 7/85 de 2 de abril e art. 62 e 14 da Lei de Servizos Sociais de Galicia 13/2008.

Que a Deputación da Coruña, e competente para colaborar na xestión indicada, conforme ao previsto na citada Lei de Bases de Réxime Local art. 36, de conformidade coa Lei de Admón. Local de Galicia 5/97 art. 109 e 119 así como co disposto na Lei de Servizos Sociais de Galicia 13/2008, art. 61 a 63.

Que, co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas institucións acordan suscribir o presente convenio, con arreglo ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de Carballo, con CIF: P1501900C, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial do *Mantemento da Unidade de Condutas Aditivas no ano 2021.*

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar polo Concello de Carballo.

O Concello de Carballo desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
1.- Gastos de persoal	
1.1. Retribucións básicas e complementarias	202.584,37
1.2. Seguridade Social	65.067,97
1.3. Gastos formación do persoal e locomoción do persoal	1.500,00
2.- Produtos farmacéuticos e sanitarios	
2.1. Material sanitario de consumo	5.000,00
3.- Outros aprovisionamentos	
3.1. Libros e revistas	300,00
3.2. Material de limpeza e aseo	600,00
3.3. Material de oficina diverso	2.100,00
4.- Servizos exteriores	
4.1. Limpeza	5.664,00
4.2. Traballos realizados por outras empresas (vixilancia)	37.100,00
TOTAL DO GASTO	**319.916,34**

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **30.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 9,377 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 9,377 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/46201 , na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Carballo obteña para a mesma

finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Concello de Carballo.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Concello de Carballo, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- A contratación cos terceiros para a execución dos servizos, asistencias ou subministracións necesarios realizarase con suxeición ás normas de contratación do sector público, utilizando para tal fin os pregos de condicións tipo da Deputación Provincial para os procedementos abertos e garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación. Procederá a utilización dos criterios e do prego provincial do procedemento negociado cando razóns de carácter científico, literario ou artístico dificulten ou impidan promover a concorrencia.

V.- Publicidade do financiamento provincial.
1.- Na publicidade pola que se dean a coñecer as actividades do Concello de Carballo, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Carballo.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

1.- A achega da Deputación seralle abonada ao Concello de Carballo do seguinte xeito:

Primeiro prazo, por importe do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable a xustificar. O importe deste prazo aboarase unha vez asinado o convenio logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

*** Contas anuais** completas da entidade correspondentes ao exercicio 2020.

*** Orzamento da entidade para o Exercicio 2021,** plan de actuación ou o documento equivalente que corresponda, de acordo coas normas que resulten de xeral aplicación, segundo a natureza xurídica da entidade.

*** Certificacións** acreditativas dos acordos **da aprobación** dos documentos

sinalados.

Segundo prazo, por importe do 50% da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificados, logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

*** Memoria** de actuación, suscrita polo representante legal do Concello de Carballo, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

*** Relación** clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

*** Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2021.

*** Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

*** Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

*** Acreditación** do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable.

2.- No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2021.**

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Carballo deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2022.**

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro

prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento ao Concello de Carballo para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demáis responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Carballo da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financieira indicada polo Concello de Carballo.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponde, o Concello de Carballo terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de interés legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O Concello de Carballo deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Concello de Carballo destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente poderá realizarse o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuizo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Concello de Carballo deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Carballo poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Carballo queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Carballo serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Carballo será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2022** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2021.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2022, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do Concello de Carballo, realizada alomenos un mes antes da fin da vixencia do convenio, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.

1.- O presente convenio ten naturaleza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderase crear unha comisión de seguimento formada por dúas persoas representantes de cada unha das institucións.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento."

7.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Oleiros para financiar a "XXVII Feira Olería Tradicional Alfaroleiros"

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.-Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estos principios se encontran recollidos nos artígos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solventada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe

2º.- Aprecianse no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva,como o incorporado no presente expediente:

- A actividade subvencionada ao Concello de Oleiros, relativa á “XXVII Feira de Olería Tradicional “Alfaroleiros” pretende mediante este evento a dinamización comercial, tendo en conta que se trata dun acto de exaltación desta artesanía tradicional, senón tamén na maior actividade de promoción do ámbito xeográfico no que esta inmersa. Contribuíndo decisivamente ao desenvolvemento socioeconómico.Xunto coa dinamización comercial, a mostra repercute igualmente nunha promoción económica da vila, xa que vai atraer unha grande afluencia de xente, fomentando a promoción cultural, turística, comercial e socioeconómica do entorno xeográfico da vila de Oleiros.

- Por todo o exposto, Alfaroleiros constitúe unha das mellores e máis poderosas ferramentas para a promoción cultural, turística e económica do Concello de Oleiros e serve este evento para apoiar un oficio tradicional como é a oleiría e potenciar ao mesmo tempo o uso da hostalería e do comercio existente na zona.

- Por outra banda segundo a memoria presentada polo concello, esta feira de olería tradicional ten carácter nacional xa que participan artesáns de distintos

puntos da xeografía española, seleccionados pola calidade das súas obras, que durante unha semana amosan os seus traballos ao público.

- Un dos obxectivos principais desta feira é promocionar o patrimonio da olería tradicional como medio de coñecemento da nosa identidade e como fonte de riqueza cultural e intelectual. Para acadar este fin, o Concello de Oleiros traballou activamente no deseño de ferramentas de difusión que facilitasen e atraesen o interes de usuarios e potenciais visitantes. Foi así como se puxo en marcha a Escola Municipal de Olería e a feira de olería popular "Alfaroleiros".

- Cabe considerar, ademais, que o proxecto, pola envergadura e importes que conleva, excede dos parámetros das subvencións que veñen a concederse nas convocatorias de réxime de concorrencia competitiva do Servizo.

- Este ano debido á pandemia é mais necesario que nunca a celebración desta feira xa que supón un apoio para os profesionais da olería.

3º Aprobar o texto e a formalización do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello Oleiros con CIF P1505900I para cofinanciar " XXVII Feira Olería Tradicional "Alfaroleiros" cunha achega provincial de 30.000,00 € con cargo á aplicación presupustaria 0510/3341/46201, que representa un coeficiente de financiación do 66,60% con respecto a un orzamanto de 45.048,81 €.

4º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Oleiros polo que se instumenta unha subvención nominativa para o cofinaniamento do proxecto "XXVII Feira Olería Tradicional "Alfaroleiros".

En A Coruña a

REUNIDOS

Dunha parte , en representación da Excma. Deputación Provincial de A Coruña,

Doutra parte , en representación do CONCELLO DE OLEIROS

Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e o CONCELLO DE OLEIROS consideran de gran interese para a provincia potenciar que o sector da olería se converta nunha actividade rendible de futuro que repercute favorablemente como medio de desenvolvemento económico, social e xerador de emprego e riqueza non só a nivel local, senón tamén provincial**.**

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONCELLO DE OLEIROS, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio interadministrativo de cooperación ten por a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a do **CONCELLO OLEIROS**, CIF P1505900l fixando as condicións que se impoñan por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento do proxecto "XXVII Feira Olería Tradicional "Alfaroleiros", que se celebrará entre os días do 4 ao 8 de agosto de 2021.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

O CONCELLO DE OLEIROS levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

ACTIVIDADES	IMPORTE
Aluguer grupo electróxeno	665,50 €
Aluguer escenario (2 días)	3.025,00 €
Póliza seguro pezas olería	150,73 €
Impresión bolsas de papel	2.409,00 €
Dúas proxeccións de cinema	1.680,00 €
Concerto Xabier Díaz e Adufeiras do Salitre	7986,00 €
Concerto Indomable	7.260,00 €
Dereitos de autoría SGAE: concerto e proxección cinema	2.000,00 €
Aluguer vaias	185,00 €
Obradorio de olaría	484,00 €
Obradorio de Rakú	484,00 €
Convenio desprazamentos oleriro-as	7.000,00 €
Prensa: Auncios en prensa escrita	4.683,91 €
Prensa: Cuñas radiofónicas e anuncios en TV	5.021,02 €
Prensa: Anuncios Redes Sociais: Instagram e Facebook	726,00 €
Servizo de fotografía	344,85 €
Servizo gravación video	943,80 €
TOTAL	45.048,81 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 30.000,00€ €, o que representa unha porcentaxe de 66,60 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non

foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/3341/46201 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutra subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE OLEIROS obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.Corresponderalle ao CONCELLO DE OLEIROS o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.
2. No procedemento de contratación o CONCELLO DE OLEIROS axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3. No caso de que o CONCELLO DE OLEIROS tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE OLEIROS.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación provincial seralle aboada ao CONCELLO DE OLEIROS, unha vez que se presente a seguinte documentación:

1.-Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE OLEIROS, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2.- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

3.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

4- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

5.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

6.- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

.

O CONCELLO DE OLEIROS deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1 As actividades que son obxecto de financiamento provincial, se realizaran entre o dia 1 de xaneiro ata o 30 de novembro do ano 2021.
2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE OLEIROS deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE OLEIROS para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE OLEIROS da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvención e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida coresponder..
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE OLEIROS na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE OLEIROS terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

O CONCELLO DE OLEIROS deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

1 A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
2 A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE OLEIROS destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONCELLO DE OLEIROS deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o CONCELLO DE OLEIROS poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE OLEIROS queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo

dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable. 3. Para os supostos de retrasos na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
4. Si o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE OLEIROS serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE OLEIROS será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados **dende o 1 de xaneiro ao 30 de novembro do ano 2021**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **30 de abril do ano 2022** sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que o CONCELLO DE OLEIROS non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 31 de marzo de 2022**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE OLEIROS perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do CONCELLO DE OLEIROS, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario do día--- de de

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Represenante da Deputación O representante do CONCELLO DE OLEIROS"

8.- Aprobación definitiva do Plan de Investimentos 2021, Oitava Fase

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar o proxecto incluído no Plan de INVESTIMENTO EN VIAS PROVINCIAIS 2021 OITAVA FASE cun orzamento total de 1.409.124,86 .- euros, con cargo á

aplicación 0410/4531/60900 que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACION	CONCELLO	PRESUPOSTO	EXPROPIACION
2021.1110.0010.0	DP 1405 PONTE SOBRE RIO ANLLÓNS PQ 3+800	PONTECESO E CABANA DE BERGANTIÑOS	1.409.124,86	3.773,66

2.- Iniciar os trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución da seguinte obra:

CÓDIGO	DENOMINACION	CONCELLO	PRESUPOSTO	EXPROPIACION
2021.1110.0010.0	DP 1405 PONTE SOBRE RIO ANLLÓNS PQ 3+800	PONTECESO E CABANA DE BERGANTIÑOS	1.409.124,86	3.773,66

3.- Expoñer ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, consideraranse definitivamente aprobados.

4.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

9.- Aprobación técnica do Plan de Investimentos 2021, novena fase

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar tecnicamente o proxecto incluído no Plan de INVESTIMENTO EN VIAS PROVINCIAIS 2021 NOVENA FASE cun orzamento total de 893.873,15.- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/60900 que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACION	CONCELLO	PRESUPOSTO	EXPROPIACION
2021.1110.0011.0	DP 8001.- PONTE SOBRE O RIO MANDEO NA ESTRADA DP 8001 CRUCES A PENABLANCA, PQ 3+100	SOBRADO	893.873,15 €	16.249,64 €

2.- Iniciar os trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a

execución da seguinte obra:

CÓDIGO	DENOMINACION	CONCELLO	PRESUPOSTO	EXPROPIACION
2021.1110.0011.0	DP 8001.- PONTE SOBRE O RIO MANDEO NA ESTRADA DP 8001 CRUCES A PENABLANCA, PQ 3+100	SOBRADO	893.873,15 €	16.249,64 €

3.- Expoñer ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerarase definitivamente aprobado.

4.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

10.- Aprobación do Plan de Sendas Peonís 2021 cuarta fase

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar o Plan de SENDAS PEONÍS 2021 CUARTA FASE cun orzamento total de 225.102,31.- euros, con cargo á aplicación 0410/4535/60900 que se detalla:

CODIGO	DENOMINACÓN	CONCELLO	PRESUPOSTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS), 0410/4535/60900
2021.1170.0005.0	DP 8901 A GAIOSA A PONTE DE SARANDÓN, MELLORA SEGURIDADE VIARIA P.Q. 2+500 A 3+170.	VEDRA	225.102,31

2.- Expoñer ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, consideraranse definitivamente aprobados.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos

nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

11.- Aprobación da rectificacion do acordo plenario adoptado en sesión celebrada o 10 de setembro de 2021, relativo a aprobación técnica do Plan de Sendas Peonís 2021, Terceira Fase.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Rectificar o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 10 de setembro 2021 en relación coa aprobación técnica do Plan de Sendas Peatonales 2021 Terceira Fase, no sentido que:

ONDE DI:

"Aprobar técnicamente o PLAN DE SENDAS PEONIS 2021, TERCEIRA FASE integrada polo proxecto DP 4803 mellora seguridade viaria senda PQ 7+100 a 10+332 – Pontedeume",

DEBE DICIR:

1.- Aprobar técnicamente o Plan de SENDAS PEATONAIS 2021 TERCEIRA FASE cun presuposto total de 1.148.009,07.- euros, con cargo á aplicación 0410/4535/60900 que se detalla:

CODIGO	**DENOMINACÓN**	**CONCELLO**	**PRESUPOSTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS), 0410/4535/60900**	**EXPROPIACION**
2021.1170.0004.0	DP 4803 MELLORA SEG.VIARIA SENDA PQ 7+100 A 10+332	PONTEDEUME	1.148.009,07	17.349,67

2.- Iniciar os trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución das seguintes obras:

CODIGO	**DENOMINACÓN**	**CONCELLO**	**PRESUPOSTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS), 0410/4535/60900**	**EXPROPIACION**

2021.1170.0004.0	DP 4803 MELLORA SEG.VIARIA SENDA PQ 7+100 A 10+332	PONTEDEUME	1.148.009,07	17.349,67

3.- Expoñer ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, consideraranse definitivamente aprobados .

4.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

12.- Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do Convenio subscrito co concello de Sada para cofinanciamento do subministro obxecto do Proxecto Xanela Aberta: pantallas e totems de información turística

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar a prórroga do prazo de vixencia do Convenio subscrito co concello de Sada para cofinanciamento do subministro obxecto do Proxecto Xanela Aberta: pantallas e totems de información turística ata o 31 de decembro de 2021 condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria."

13.- Ratificación da Resolución da Presidencia núm. 34833 de 3 de setembro de 2021 pola que se aproba a nova composición da Mesa de Contratación Permanente da Deputación Provincial da Coruña que modifica a designada por Resolución da Presidencia núm. 35664 de 15 de outubro de 2019

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Ratificar a Resolución da Presidencia núm. 34833 de 3 de setembro de 2021 pola que se aproba a nova composición da Mesa de Contratación Permanente da Deputación Provincial da Coruña que modifica a designada por Resolución da Presidencia núm.35664 de 15 de outubro de 2019.

ANEXO

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A NOVA COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA QUE MODIFICA A DESIGNADA POR RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA 35664 DE 15/10/2019

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial de A Coruña,

Antecedentes

1º) Mediante Resolución da Presidencia nº 26008 do 29/07/2019 aprobouse a composición da Mesa de Contratación Permanente da Deputación Provincial da Coruña respecto dos procedementos de contratación abertos e restrinxidos, procedementos negociados con publicidade a que se refire o artigo 326.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de 2017, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.
2º) A composición da Mesa de Contratación foi ratificada polo Pleno na sesión de 12 de setembro de 2019, e publicada no BOP nº 182 de 25/09/2019.
3º) Mediante Resolución da Presidencia nº 35664 de 15/10/2019 aprobouse a nova composición da Mesa de Contratación Permanente da Coruña nomeando como deputada titular na Mesa de Contratación da Deputación da Coruña a dona Sandra González Castro, en lugar de Don Bernardo Fernández Piñeiro.
4º) A nova composición da Mesa de Contratación foi ratificada polo Pleno na sesión de 2 de decembro de 2019, e publicado no BOP nº 198 de 17/10/2019.
5º) Visto o escrito do Grupo Provincial Popular no que se nomea como deputado titular na Mesa de Contratación da Deputación da Coruña a Don Roberto Rodríguez Martínez, en lugar de Dona Dalia García Couso, que cesou como deputada provincial.

RESOLVO:

1º) Aprobar a nova composición da Mesa de Contratación Permanente da Deputación Provincial da Coruña respecto dos seguintes procedementos de contratación a que se refire o artigo 326.1 da Lei 9/2017:
- aberto
- aberto simplificado
- aberto simplificadisimo do artigo 159.6
- restrinxido
- diálogo competitivo
- licitación con negociación
- asociación para a innovación

- procedementos negociados fundamentados en imperiosa urxencia prevista na letra b.1 do artigo 168

de maneira que a composición da Mesa de Contratación Permanente da Deputación Provincial da Coruña queda integrada polas seguintes persoas:

<table>
<tr><th></th><th>TITULARES</th><th colspan="2">SUPLENTES</th></tr>
<tr><td>PRESIDENTE</td><td>Deputado provincial (Grupo Bloque Nacionalista Galego, BNG)
D. Xosé Lois Penas Corral</td><td colspan="2">Deputado provincial (Grupo Bloque Nacionalista Galego, BNG)
D. María Carmen Muíño Filgueira</td></tr>
<tr><td rowspan="4">VOGAIS</td><td rowspan="2">Secretario Xeral (con funcións de asesoramiento xurídico)
D. José Luis Almau Supervía</td><td>PRIMER VOGAL SUPLENTE</td><td>SEGUNDO VOGAL SUPLENTE</td></tr>
<tr><td>Oficial Maior
Dª Mª Amparo C. Taboada Gil</td><td>Letrado asesor xurídico
Andrés Fernández Maestre</td></tr>
<tr><td rowspan="2">Interventor Xeral
D. José Manuel Pardellas Rivera</td><td>PRIMER VOGAL SUPLENTE</td><td>SEGUNDO VOGAL SUPLENTE</td></tr>
<tr><td>Interventor adxunto
D. Juan Bautista Suárez Ramos</td><td>Viceinterventor
D. José María Pérez Alvariño</td></tr>
<tr><td rowspan="2">SECRETARIO CON VOZ E SEN VOTO</td><td rowspan="2">Xefe do Servizo de Patrimonio e Contratación
D. Luis Jaime Rodríguez Fernández</td><td>PRIMER SECRETARIO SUPLENTE</td><td>SEGUNDO SECRETARIO SUPLENTE</td></tr>
<tr><td>Xefa da Sección I de Patrimonio e Contratación
Dª María José Lauda Pan</td><td>Xefa da Sección II de Patrimonio e Contratación
Dª Beatriz Méndez López</td></tr>
</table>

<table>
<tr><td rowspan="4">ASISTENTES CON VOZ E SEN VOTO</td><td>Deputada provincial (Grupo Partido Socialista Obrero Español, PSOE)
Dª Sandra González Castro</td><td>Deputado provincial (Grupo Partido Socialista Obrero Español, PSOE)
D. José Manuel Lage Tuñas</td></tr>
<tr><td>Deputada provincial (Grupo Partido Popular, PP)
Dª Martina Aneiros Barros</td><td>Deputado provincial (Grupo Partido Popular, PP)
D. Roberto Rodríguez Martínez</td></tr>
<tr><td>Deputado provincial (Grupo Alternativa dos Veciños, AV)
D. Angel García Seoane</td><td>-</td></tr>
<tr><td>Deputado provincial (Grupo Marea Atlántica, MA)
D. Alberto Lema Suárez</td><td>-</td></tr>
</table>

2º) Dar conta ao Pleno da Corporación da presente resolución para a súa ratificación.

3º) Dispoñer a publicación do presente acordo no perfil de contratante integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, de conformidade co artigo 326.3 e disposición adicional segunda, 7 da Lei 9/2017.

4º) Publicar ademais, para dar maior difusión á composición da Mesa de contratación, no Boletín Oficial de la Provincia e no Portal de Transparencia desta Deputación."

14.- Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Mellora accesibilidade a Fontán e reparación escaleira Avda. do Porto", do Concello de Sada, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de

competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 co código 2018.2000.0292.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2018, aprobadas polo Pleno desta Deputación o día 29 de setembro de 2017 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 188 do 3 de outubro de 2017

Logo de ver o acordo do Pleno da Deputación de data 16 de maio de 2018, en relación coa Resolución da Presidencia número 21270 do 14 de xuño de 2018, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018

Logo de ver que no Anexo V a este acordo figura a listaxe completa dos investimentos que se inclúen no POS+ 2018, no que figura, entre outras, a obra do Concello de Sada denominada “Mellora accesibilidade a Fontán e reparación escaleira Avda. do Porto”, co código 2018.2000.0292.0

Logo de presentar o Concello de Sada un proxecto modificado desta obra, xunto cos informes técnicos e xurídicos favorables xustificativos da modificación do proxecto, así como a certificación acreditativa da súa aprobación polo órgano municipal competente do concello e contando coa conformidade do contratista adxudicatario e co informe de supervisión favorable do proxecto emitido polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios da Deputación

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra do Concello de Sada denominada “Mellora accesibilidade a Fontán e reparación escaleira Avda. do Porto”, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018, co código 2018.2000.0292.0, que foi aprobada polo Pleno desta Deputación na sesión realizada o día 16 de maio de 2018, en relación coa Resolución da Presidencia número 21270 do 14 de xuño de 2018, que supón un incremento no seu orzamento de contrato por importe de 11.251,46 € e no orzamento de adxudicación por importe de 7.649,80 €, e cuxa xustificación se debe a que ao inicio dos traballos se detecta que non existe estabilidade suficiente no conxunto das obras, polo que se fai necesario introducir modificacións relativas á revisión do trazado da escaleira, da sua estrutura principal e dos puntos de apoio.

	PROXECTO INICIAL		PROXECTO MODIFICADO	
	Orzamento de contrata	**Orzamento de adxudicación**	**Orzamento de contrata**	**Orzamento de adxudicación**
Deputación	64.642,39	43.950,00	64.642,39	43.950,00
Concello	0,00	0,00	11.251,46	7.649,80
Total	64.642,39	43.950,00	**75.893,85**	**51.599,80**

2.- A achega provincial a esta obra financiarase con cargo ao crédito consignado na partida 0430/1536/76201 do vixente orzamento provincial.

O concello de Sada acredita que conta no orzamento municipal do ano 2021 con crédito suficiente para facer fronte ao incremento da modificación do proxecto

3.- Notificar este acordo ao Concello de Sada para os efectos oportunos."

15.- Aprobación do proxecto modificado número 2 do investimento denominado "Construción de beirarrúas e saneamento en Pasarela", do Concello de Vimianzo, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017 co código 2017.3290.0392.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado número 2 do investimento denominado “Construción de beirarrúas e saneamento en Pasarela”, do Concello de Vimianzo, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017 co código 2017.3290.0392.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES:

Logo de ver o acordo do Pleno desta deputación do 8 de xuño de 2017, en relación coa Resolución da Presidencia número 22137 do 7 de xullo de 2017, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017 e o seu Plan complementario no que se inclúe este investimento cos datos que se indican a continuación:

	Financiamento

Concello	Código	Denominación	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento Total
Vimianzo	2017.3290.0392.0	Construcción de beirarrúas e saneamento en Pasarela	105.951,05	0,00	105.951,05

Tendo en conta que o Concello de Vimianzo adxudicoulle a obra á empresa CYMCO GALICIA, S.L., co NIF B15961345, mediante Resolución da alcaldía do 10 de abril de 2019, e que no día de hoxe está na súa totalidade pendente de certificar

Logo de aprobar o Concello de Vimianzo un proxecto modificado número 2 deste investimento, asinado polo arquitecto e director da obra, David Estany Garea, previa audiencia á empresa adxudicataria e ao redactor do proxecto modificado número 1, cos correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, e que mantén o mesmo orzamento de contrata que o proxecto modificado número 1, pero que non obstante, supón con respecto deste a substitución da primeira depuradora, prevista no proxecto modificado número 1, que non resulta viable pola súa ubicación ao estar o río nunha cota superior, por un sistema de bombeo que guíe o vertido á rede xeral que conduce a segunda depuradora, así como a substitución da segunda depuradora, pola primeira, de xeito que ao situarse no final do sistema, é perfectamente capaz de absorber o total de vertidos desta área, e, ademais, esta modificación introduce tamén a corrección dalgúns erros do proxecto inicial atopados en obra, como é a existencia dun tramo xa executado de saneamento nesta zona.

Logo de ver o informe do redactor do proxecto e director da obra, no que indica que este proxecto modificado número 2 cumpre con todos os condicionantes contidos nas autorizacións otorgadas mediante as respectivas Resolucións de Augas de Galicia de datas 28 de abril de 2021 e 8 de xuño de 2021.

Tendo en conta que este proxecto modificado número 2 foi supervisado favorablemente polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación o 18 de maio de 2020.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+ 2017, aprobadas polo Pleno provincial o 25 de novembro de 2016 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) núm. 226, do 29 de novembro de 2016

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado número 2 do investimento denominado “Construción de beirarrúas e saneamento en Pasarela”, do Concello de Vimianzo, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017 co código 2017.3290.0392.0, que está adxudicado e totalmente pendente de certificar, que se aprobou polo concello sen variación do seu orzamento de contrata, previa audiencia á empresa adxudicataria e ao redactor do proxecto modificado número 1, que conta cos correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, e que ten como única finalidade a substitución da primeira depuradora, prevista no proxecto modificado

número 1, por un sistema de bombeo que guíe o vertido á rede xeral que conduce a segunda depuradora, e tamén na substitución da segunda depuradora pola primeira, de xeito, que ao situarse no final do sistema, é perfectamente capaz de absorber o total de vertidos desta área, e ademais, con esta modificación se introducen tamén as correccións dalgúns erros do proxecto inicial atopados en obra, como é a existencia dun tramo xa executado de saneamento nesta zona.

Os datos do seu de financiamento son os que se indican na seguinte táboa:

		Contrata	Adxudicación	Baixa	Certificado	Pendente certificar
Concello de Vimianzo Código:2017.3290.0392.0 "Construción de beirarrúas e saneamento en Pasarela"	**Préstamo Deputación**	105.951,05	82.111,28	23.839,77	0,00	82.111,28
	Achega Concello	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	Total	105.951,05	82.111,28	23.839,77	0,00	82.111,28

2.- O financiamento do préstamo provincial a este investimento farase efectivo con cargo á partida orzamentaria 0430/9434/82120 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Vimianzo para os efectos de que poida continuar coa execución desta obra incluída no POS+ 2017."

16.- Aprobación do Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN DE MUNICIPIOS DEL CAMINO DE SANTIAGO polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "A LOS PIES DEL PEREGRINO"

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estos principios se encontran recollidos nos artígos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2º.- Apreciense no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva,como o incorporado no presente expediente:

O proxecto consiste na posta a disposición dunha Unidade Móbil de PODOACTIVA nun tramo do Camiño Francés, entre os concellos de Melide e Santiago, de tal xeito que se ofrecerán servizos podolóxicos necesarios para os peregrinos que permita manter unha atención inmediata ás súas necesidades O que se ofrecerá será:

- Ofrecer ao peregrino atención podolóxica a través da creación dunha Unidade Móbil totalmente equipada como unha consulta de podoloxía ou a través de equipos de podólogos que dispoñan de consulta na zona.
- A Unidade Móbil disporá dunha ruta determinada e estará estratéxicamente localizada chegando a puntos máis remotos.
- No futuro, se o proxecto ten éxito, poderá ampliarse con podólogos da zona que se desplacen aos albegures, de xeito que o peregrnio poida elixir o destino que mellor se adapta ás suas necesidades
- No desenvolvemento posterior do Proxecto Piloto, poderá crearse unha app informática para conectar ao peregrino e ao servizo podolóxico en tempo real.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e co ASOCIACIÓN DE MUNICIPIOS DEL CAMINO DE SANTIAGO CIF G22407431 para financiar o proxecto “A LOS PIES DEL PEREGRINO”

4º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 17.036,80 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80,00 %. sobre un orzamento total de 21.296,00 €

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4321/481.

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN DE MUNICIPIOS DEL CAMINO DE SANTIAGO polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "A LOS PIES DEL PEREGRINO"

En A Coruña a

REUNIDOS

Dunha parte ..... en representación da Deputación da Coruña

E doutra parte, ..., en representación do ASOCIACIÓN DE MUNICIPIOS DEL CAMINO DE SANTIAGO

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e reunidos en presenza do Secretario Provincial.

1 Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e o ASOCIACIÓN DE MUNICIPIOS DEL CAMINO DE SANTIAGO consideran de gran interese para a provincia financiar a atención podolóxica aos peregrinos a través dunha unidad móbil no tramo Melide- Santiago de Compostela

2 Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do ASOCIACIÓN DE MUNICIPIOS DEL CAMINO DE SANTIAGO, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **ASOCIACIÓN DE MUNICIPIOS DEL CAMINO DE SANTIAGO**, CIF G22407431, **,** polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "A LOS PIES DEL PEREGRINO" tal e como aparecen definidas na memoria de actividades

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

O ASOCIACIÓN DE MUNICIPIOS DEL CAMINO DE SANTIAGO levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

UNIDADE MÓBIL	
Coste del personal	4.380,00 €
Coste unidade móbil	1.900,00 €
Gastos xestión	2.000,00 €
Gastos varios	500,00 €
ENQUISA	
Elaboración, xestión e edición conclusións	3.200,00 €
PROMOCIÓN	
Defusión e visibilidade	2.100,00 €
XESTIÓN E COORDINACIÓN	3.520,00 €
TOTAL SEN IVE	17.600,00 €
IVE	3.696,00 €
TOTAL CON IVE	**21.296,00 €**

II.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 17.036,80 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/432.1/481.00, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o ASOCIACIÓN DE MUNICIPIOS DEL CAMINO DE SANTIAGO obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á ASOCIACIÓN ASOCIACIÓN DE MUNICIPIOS DEL CAMINO DE SANTIAGO. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á ASOCIACIÓN ASOCIACIÓN DE MUNICIPIOS DEL CAMINO DE SANTIAGO nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a ASOCIACIÓN DE MUNICIPIOS DEL CAMINO DE SANTIAGO deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa económicamente.

3. No caso de que a ASOCIACIÓN DE MUNICIPIOS DEL CAMINO DE SANTIAGO trámite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do ASOCIACIÓN DE MUNICIPIOS DEL CAMINO DE SANTIAGO.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. A achega da Deputación seralle aboada á ASOCIACIÓN DE MUNICIPIOS DEL CAMINO DE SANTIAGO unha vez que se presente a seguinte documentación:

1.-Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do ASOCIACIÓN DE MUNICIPIOS DEL CAMINO DE SANTIAGO, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
2.-Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña
3.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
4.-Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
5.-Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
6.- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
7.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA deberán estar realizadas entre o 1 de xuño de 2021 e o 30 de novembro de 2021.
2. Unha vez rematadas as actividades, o ASOCIACIÓN DE MUNICIPIOS DEL CAMINO DE SANTIAGO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo de DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao ASOCIACIÓN DE MUNICIPIOS DEL CAMINO DE SANTIAGO para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao ASOCIACIÓN DE MUNICIPIOS DEL CAMINO DE SANTIAGO da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo ASOCIACIÓN DE MUNICIPIOS DEL CAMINO DE SANTIAGO na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ASOCIACIÓN DE MUNICIPIOS DEL CAMINO DE SANTIAGO terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1 O ASOCIACIÓN DE MUNICIPIOS DEL CAMINO DE SANTIAGO deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2 A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
3 A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O ASOCIACIÓN DE MUNICIPIOS DEL CAMINO DE SANTIAGO destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o ASOCIACIÓN DE MUNICIPIOS DEL CAMINO DE SANTIAGO deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que

se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o ASOCIACIÓN DE MUNICIPIOS DEL CAMINO DE SANTIAGO poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o ASOCIACIÓN DE MUNICIPIOS DEL CAMINO DE SANTIAGO queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo periodo que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do ASOCIACIÓN DE MUNICIPIOS DEL CAMINO DE SANTIAGO serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao ASOCIACIÓN DE MUNICIPIOS DEL CAMINO DE SANTIAGO será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xuño de 2021 e o 30 de novembro de 2021, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 28 de febreiro do 2022, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que o ASOCIACIÓN DE MUNICIPIOS DEL CAMINO DE SANTIAGO non poida ter presentada a xustificación **antes do día 31 de decembro de 2021**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o ASOCIACIÓN DE MUNICIPIOS DEL CAMINO DE SANTIAGO perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data. A concesión da devandita prórroga, previos os informe preceptivos da Unidade Xestora, do servizo de contratación e da Intervención provincial será eventualmente realizada mediante Resolución da Presidencia da Deputación.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do ASOCIACIÓN DE MUNICIPIOS DEL CAMINO DE SANTIAGO, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día___de ___de___
E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O representante da Deputación, O Representante da ASOCIACION

O Secretario Provincial"

17.- Aprobación do Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "ACTIVIDADES PROXECTO XEOPARQUE CABO ORTEGAL"

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estos principios se encontran recollidos nos artígos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2º.- Aprecianse no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva,como o incorporado no presente expediente:

A Asociación para a xestión do Xeoparque do Cabo Ortegal recolle nos seus estatutos os seguintes obxectivos, entre outros:

• A promoción do desenvolvemento sostible e equilibrado do territorio, con especial apoio dos seus valores xeolóxicos, naturais e culturais, mediante o desenvolvemento de accións e aposta en marcha de actividades que repercutan no beneficio do territorio.
• A protección e conservación do patrimonio natural do territorio, facendo especial fincapé no seu patrimonio xeolóxico e a súa posta en valor como recurso, coa finalidade do desenvolvemento económico e social da súa poboación.
• A posta en valor, dinamización, recuperación e difusión do patrimonio cultural.
• A promoción e realización de actividades vinculadas ao patrimonio cultural material e inmaterial -lingua, tradicións, costumes, oficios, memoria oral, creación artística, etc.-, dando prioridade a aquelas actividades directamente relacionadas co patrimonio xeolóxico, paleontolóxico e arqueolóxico.
• **O fomento do turismo, especialmente o vinculado á natureza e á atención aos valores xeolóxicos, así como o turismo cultural, sempre dentro dun marco de sustentabilidade**.
• A mellora da calidade e a oferta turística do territorio.
• A dinamización de actividades económicas compatibles cos recursos naturais e culturais do territorio, apoiando especialmente as iniciativas relacionadas cos produtos locais.
• A promoción e o apoio ás accións de cooperación con outras entidades que poidan contribuír ao impulso dos fins da asociación.
• Fomento do contacto e da relación con outras entidades de natureza análoga que teñan entre os seus fins a promoción e defensa dos recursos naturais e culturais, e nomeadamente da figura dos xeoparques.
• A realización doutras actividades que promovan o desenvolvemento económico, social e ambiental do territorio dos concellos vinculados ao proxecto do Xeoparque do Cabo Ortegal.

Os sete concellos impulsores constituíron dita Asociación despois de anos de traballo nos que, liderados e apoiados pola Deputación Provincial da Coruña, e contando tamén co apoio e colaboración da Mancomunidade de concellos da Comarca de Ferrol, entidade de promoción turística do Xeodestino Ferrolterra-Rías Altas, realizaron distintas actuacións para a validación e preparación do territorio para a súa designación como Xeoparque Mundial da UNESCO.

O territorio atópase na actualidade cunha forte tendencia ao despoboamento, un índice de perda demográfica na última década dun 29,62%, e un índice de envellecemento poboacional dun 33,19%. Isto é causa, sobre todo, da perda de actividades industriais das cidades e poboacións próximas, que conlevaron elevadas taxas de desemprego e unha gran perda de capital humano, provocado pola emigración a territorios máis dinámicos e con maiores oportunidades laborais, especialmente da xente máis nova e formada.

O proxecto de Xeoparque do Cabo Ortegal supón unha oportunidade única para dinamizar este territorio rural, e ofrecer alternativas de que reteñan o talento, freen o despoboamento e ofrezan oportunidades de desenvolvemento especialmente para a poboación máis nova, alternativas baseadas no desenvolvemento sostible que renoven os modelos predominantes, baseados na estacionalidade e nas actividades turísticas, agrícolas e pesqueiras e hostaleiras de pouco valor engadido e escasa competitividade.

A Lei 7/1985 LBRL, no referido ás deputacións provinciais, sinala entre as competencias que recolle o artigo 36 as de coordinación dos servizos municipais entre si, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, ou a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e a planificación no territorio provincial.

A Asociación para a xestión do Xeoparque do Cabo Ortegal acude á solicitude desta fórmula de financiamento, xa que, encaixa no seu marco competencial, e non existen outras liñas de financiamento que cubran os importes, tipos de actuacións e que se se axeiten aos prazos establecidos que permitan que o territorio chegue nas condición axeitadas á previsible auditoría da UNESCO que se produciría entre maio e agosto do ano 2022.

Este obxectivo acadarase a través da colaboración público-privada, coa implicación dos concellos e a Deputación, acadando deste xeito a mellora da equidade no desenvolvemento de todo o territorio da provincia da Coruña

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e coa ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL CIF G01628551 para financiar o proxecto “ACTIVIDADES PROXECTO XEOPARQUE CABO ORTEGAL”

4º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 239.943,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 100,000 %, A envergadura do proxecto, nesta primeira achega de actividades, as necesidades orzamentarias de todas as liñas de actuacións a realizar, e a imposibilidade da asociación de asumir os custos derivados de todas as actividades incluídas no proxecto, a necesidade de persoal técnico, motiva a necesidade do financiamento do 100 %,

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/3339/481.

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "ACTIVIDADES PROXECTO XEOPARQUE CABO ORTEGAL"

En A Coruña a

REUNIDOS

Dunha parte ..... en representación da Deputación da Coruña

E doutra parte, ..., en representación do ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e reunidos en presenza do Secretario Provincial.

1 Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e o ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL consideran de gran interese para a provincia financiar actividades encamiñadas a dinamizar, valorizar, deseñar e xestionar o proxecto de Xeoparque do Cabo Ortegal
2 Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL , as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL** , CIF G01628551, **,** polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "ACTIVIDADES PROXECTO XEOPARQUE CABO ORTEGAL" tal e como aparecen definidas na memoria de actividades

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

O ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

PARTIDAS E ACTUACIÓNS	IMPORTE
1. Gobernanza e xestión.	**42.955,00 €**

1.1	Dirección técnica, coordinación de actuacións e control do cumprimento dos obxectivos do presente Convenio.	18.089,50 €
1.2	Coordinación científica do proxecto de Xeoparque do Cabo Ortegal	18.089,50 €
1.3	Creación de órganos de participación-cooperación e networking, tanto territorial, como coa Rede Global de Xeoparques.	6.776,00 €
2. Conservación de recursos, ámbito cientifico e de investigación.		**38.720,0 €**
2.1	Inventario de recursos xeolóxicos, estudo de riscos e plan de actuacións para a protección e posta en valor dos recursos xeolóxicos	9.680,00 €
2.2	Inventario de recursos e plan de acción para a posta en valor de elementos patrimoniais (naturais e culturais).	9.680,00 €
2.3	Deseño e creación de Programas educativos, de investigación e sensibilización (centros escolares, universidades, empresas do sector turístico, outros colectivos)	7.260,00 €
2.4	Elaboración de ferramentas didácticas e material educativo para centros escolares.	12.100,00 €
3. Territorio e infraestruturas		**95.348,00 €**
3.1	Plan de investimentos e actuacións de equipamento	18.089,50 €
3.2	Estudo-auditoría de rutas de sendeirismo e BTT	18.089,50 €
3.3	Deseño e posta en marcha dun programa de intervencións artísticas no territorio do xeoparque	16.940,00 €
3.4	Estudo e creación dun Manual de sinalización de recursos turísticos, definindo un modelo estandarizado.	18.089,50 €
3.5	Plan de mellora das oficinas de información turística	6.050,00 €
3.6	Deseño de contidos para espazos interpretativos do territorio	18.089,50 €
4. Creación e dinamización de produtos de xeoturismo-ecoturismo		**9.680,00 €**
4.1	Plan de formación para entidades e promotores do sector turístico	9.680,00 €
5. Comunicación, promoción e visibilidade do proxecto		**53.240,00 €**
5.1	Deseño, maquetación e elaboración de publicacións e material de difusión do proxecto: folleto de recursos	7.260,00 €
5.2	Deseño, maquetación e elaboración dun mapa de recursos do territorio	7.260,00 €
5.3	Definición dun catálogo de rutas a pé e en bicicleta	8.470,00 €
5.4	Creación de contidos para un Centro de interpretación virtual.	12.100,00 €

5.5	Ampliación de contidos e funcionalidades da páxina web, incluíndo a tradución a inglés.	7.260,00 €
5.6	Asistencia técnica de comunicación e márketing: xeración de contidos de texto, fotografía e vídeo para páxina web e Redes Sociais, así como relación cos medios de comunicación.	7.260,00 €
5.7	Asistencia técnica para traducións a inglés.	3.630,00 €
TOTAL CONVENIO ACTIVIDADE		**239.943,00 €**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 239.943,00 €, o que representa unha porcentaxe de 100,00%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100,00% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/3339/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á ASOCIACIÓN ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL . Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á ASOCIACIÓN ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO

ORTEGAL nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa económicamente.

3. No caso de que a ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL trámite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL .

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL unha vez que se presente a seguinte documentación:

1.-Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL , xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
2.-Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña
3.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
4.-Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
5.-Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para

a mesma finalidade.
6.- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
7.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA deberán estar realizadas entre o 1 de outubro de 2021 e o 30 de setembro de 2022.
2. Unha vez rematadas as actividades, o ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo de DOUS MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1 O ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2 A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a

que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3 A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei

9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo periodo que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de outubro de 2021 e o 30 de setembro de 2022, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de decembro do 2022, sempre e cando exista crédito para tal fin.
2. Para o caso de que o ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL non poida ter presentada a xustificación **antes do día 31 de outubro de 2022**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data. A concesión da devandita prórroga, previos os informe preceptivos da Unidade

Xestora, do servizo de contratación e da Intervención provincial será eventualmente realizada mediante Resolución da Presidencia da Deputación.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL , respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día___de ___de___
E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O representante da Deputación, O Representante da ASOCIACION

O Secretario Provincial"

18.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Consorcio de Turismo y Congresos de A Coruña polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "Realización de actividades que impulsen a proxeción e promoción internacional da cidade da Coruña como destino de producción audiovisuais e de turismo cultural"

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea

Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estos principios se encontran recollidos nos artígos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2º.- Aprecianse no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva,como o incorporado no presente expediente:

O proxecto consiste na realización de actividades de carácter cultural que impulsen a proxección e promoción internacional da cidade da Coruña como destino de produción audiovisual e turismo cultural:

- Gravación dun videoclip cun DJ internacional nun lugar emblemático da cidade aproveitando as novas canles de difusión turística a través de campaña de medios nacional e internacional e vinculada co música electrónica. Proxecto LUSCO E FUSCO
- Realización dunha "Curtametraxe BALLE VOYAGE Tributo a Alfred Hitchock", con actores e produción galega destinada a ser distribuída en festivais internacionais.
- Celebración do I congreso internacional "A Viaxe a través da palabra", convertendo a universidade nun centro de referencia sobre o tema, con especial dedicación ao Camiño de Santiago, en especial ao Camiño Inglés, con mesas redondas e faladoiros literarios.

A posta en valor como elemento de promoción turística dá nosa cidade e dá provincia , a capacidade de atracción de rodaxes, producións audiovisuais, organización de eventos culturais e encontros profesionais que impulsen a proxección dá cidade dá Coruña como escenario, así como destino de turismo cultural e congresual constituíndo os medios audiovisuais, cinematográficos e un congreso de literatura e viaxes vinculado tamén ao turismo cultural ,uns dos elementos dinamizadores e xeradores dalgunhas dás mellores oportunidades que existen na actualidade para xerar un impacto positivo na economía dá cidade e de apoio á súa industria creativa.

O apoio que desde administracións como a Deputación provincial da Coruña e o Consorcio de Turismo e Congresos póidase facilitar aos dous sectores que combinan actividade económica e coñecemento, máxime cando como é o caso os proxectos para os que se quere formalizar un convenio de colaboración entre ambas as administracións, son de relevancia pola súa orixinalidade e contidos e poden contribuír de maneira significativa á promoción turística , cultural e congresual da cidade a nivel nacional e internacional.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e co CONSORCIO DE TURISMO Y CONGRESOS DE A CORUÑA CIF Q6550029J para financiar o proxecto “REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES QUE IMPULSEN A PROXECCIÓN E PROMOCIÓN INTERNACIONAL DA CIDADE DA CORUÑA COMO DESTINO DE PRODUCIÓNS AUDIOVISUAIS E DO TURISMO CULTURAL”

4º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 54.450,00 euros cunha porcentaxe de financiamento do 52,94118 % sobre un orzamento total de 102.850,00 €

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4321/46701 por bolsa de vinculación orzamentaria

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a CONSORCIO DE TURISMO Y CONGRESOS DE A CORUÑA polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES QUE IMPULSEN A PROXECCIÓN E PROMOCIÓN INTERNACIONAL DA CIDADE DA CORUÑA COMO DESTINO DE PRODUCIÓNS AUDIOVISUAIS E DO TURISMO CULTURAL"

En A Coruña a

REUNIDOS

Dunha parte ..... en representación da Deputación da Coruña

E doutra parte, ..., en representación do CONSORCIO DE TURISMO Y CONGRESOS DE A CORUÑA

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e reunidos en presenza do Secretario Provincial.

1. Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e o CONSORCIO DE TURISMO Y CONGRESOS DE A CORUÑA consideran de gran interese para a provincia financiar a realización de actividades de carácter cultural que impulsen a proxección e promoción internacional da cidade da Coruña como destino de produción audiovisual e turismo cultural
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONSORCIO DE TURISMO Y CONGRESOS DE A CORUÑA, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **CONSORCIO DE TURISMO Y CONGRESOS DE A CORUÑA**, CIF Q6550029J, **,** polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES QUE IMPULSEN A PROXECCIÓN E PROMOCIÓN INTERNACIONAL DA CIDADE DA CORUÑA COMO DESTINO DE PRODUCIÓNS AUDIOVISUAIS E DO TURISMO CULTURAL" tal e como aparecen definidas na memoria de actividades

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

O CONSORCIO DE TURISMO Y CONGRESOS DE A CORUÑA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

"LUSCO FUSCO"

CONCEPTO	IMPORTE
ARTISTA (inclúe viaxe, hotel e booking)	9.000,00
PRODUCIÓN DE VÍDEO (dirección, gravación e montaxe).	8.000,00
Campaña de medios nacional	2.500,00
Campaña de medios internacional.	3.500,00
Produccion técnica e executiva.	7.000,00
TOTAL (IVE INCLUÍDO)	**36.300,00**

"Curtametraxe BALLE VOYAGE Tributo a Alfred Hitchock"

CONCEPTO	IMPORTE
Guión e storyboard	3.500,00
Montaxe e sonorización	3.200,00
Vestiario de Roberto Diz	1.500,00
Maquinaria de rodaxe, transporte cámaras e accesorios.	11.800,00
Explotación comercial: Distribución festivais, páxina web, press kit, plan comunicación, etc.	10.000,00
TOTAL (IVE INCLUÍDO)	**36.300,00**

I Congreso Internacional "A viaxe a través da palabra", do 13 ao 16 de outubro de 2021

CONCEPTO	IMPORTE
Secretaría técnica	8.032,00

Deseño gráfico, cartelería e publicidade	5.000,00
Honorarios relatores	4.800,00
Viaxes,aloxamento e manutención relatores	5.080,00
Xestión FUAC	2.838,00
Publicación Libro Congresos	4.500,00
TOTAL (IVE INCLUÍDO)	**30.250,00**

TOTAL 102.850,00 €

II.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **54.450,00** €, o que representa unha porcentaxe de 52,94118%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 52,94118% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/432.1/467.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONSORCIO DE TURISMO Y CONGRESOS DE A CORUÑA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á ASOCIACIÓN CONSORCIO DE TURISMO Y CONGRESOS DE A CORUÑA. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á ASOCIACIÓN CONSORCIO DE TURISMO Y CONGRESOS DE A CORUÑA nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a CONSORCIO DE TURISMO Y CONGRESOS DE A CORUÑA

deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa económicamente.
3. No caso de que a CONSORCIO DE TURISMO Y CONGRESOS DE A CORUÑA trámite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONSORCIO DE TURISMO Y CONGRESOS DE A CORUÑA.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á CONSORCIO DE TURISMO Y CONGRESOS DE A CORUÑA unha vez que se presente a seguinte documentación:

1.-Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONSORCIO DE TURISMO Y CONGRESOS DE A CORUÑA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
2.-Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña
3.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
4.-Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
5.-Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
6.- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
7.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA deberán estar realizadas entre o 5 de agosto de 2021 e o 31 de decembro de 2021.
2. Unha vez rematadas as actividades, o CONSORCIO DE TURISMO Y CONGRESOS DE A CORUÑA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo de DOUS MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONSORCIO DE TURISMO Y CONGRESOS DE A CORUÑA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONSORCIO DE TURISMO Y CONGRESOS DE A CORUÑA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONSORCIO DE TURISMO Y CONGRESOS DE A CORUÑA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a CONSORCIO DE TURISMO Y CONGRESOS DE A CORUÑA terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1 O CONSORCIO DE TURISMO Y CONGRESOS DE A CORUÑA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2 A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
3 A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONSORCIO DE TURISMO Y CONGRESOS DE A CORUÑA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONSORCIO DE TURISMO Y CONGRESOS DE A CORUÑA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o CONSORCIO DE TURISMO Y CONGRESOS DE A CORUÑA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONSORCIO DE TURISMO Y CONGRESOS DE A CORUÑA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo periodo que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONSORCIO DE TURISMO Y CONGRESOS DE A CORUÑA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONSORCIO DE TURISMO Y CONGRESOS DE A CORUÑA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 5 de agosto de 2021 e o 31 de decembro de 2021, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de marzo do 2022, sempre e cando exista crédito para tal fin.
2. Para o caso de que o CONSORCIO DE TURISMO Y CONGRESOS DE A CORUÑA non poida ter presentada a xustificación **antes do día 31 de xaneiro de 2022**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONSORCIO DE TURISMO Y CONGRESOS DE A CORUÑA perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data. A concesión da devandita prórroga, previos os informe preceptivos da Unidade Xestora, do servizo de contratación e da Intervención provincial será eventualmente realizada mediante Resolución da Presidencia da Deputación.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención

concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do CONSORCIO DE TURISMO Y CONGRESOS DE A CORUÑA, respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día___de ___de___
E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O representante da Deputación, O Representante da ASOCIACION

O Secretario Provincial"

19.- Aprobación da toma de coñecemento da información sobre o período medio de pago a provedores á que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de agosto de 2021 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña entre o 1 e o 31 de agosto de 2021.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"PRIMEIRO: Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pago a provedores calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación Provincial da Coruña, no Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e na Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña do mes de agosto de 2021.

SEGUNDO: Tomar coñecemento, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña no período comprendido entre o 1 e o 31 de agosto de 2021.

TERCEIRO: Unha vez remitida a información que proceda ao Ministerio de Facenda, acórdase a publicación desta na páxina de internet da Deputación Provincial da Coruña."

20.- Aprobación da toma de coñecemento da remisión, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, da información da execución orzamentaria da Deputación Provincial e dos seus entes dependentes correspondente ao segundo trimestre de 2021

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Tomar coñecemento da remisión, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, da información da execución orzamentaria da Deputación Provincial e dos seus Entes dependentes (Consorcio provincial contraincendios e salvamento da Coruña e Fundación axencia enerxética da provincia da Coruña), correspondente ao segundo trimestre de 2021, en cumprimento do disposto na Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración da información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira."

21.- Aprobación da toma de coñecemento da aprobación definitiva da Conta Xeral do exercicio 2020 do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e da incorporación do informe definitivo de auditoría financeira elaborado pola Intervención Provincial.

Sr. Secretario

Hai unha emenda.

Sr. Leira Piñeiro

Bo día a todos e a todas.

En primeiro lugar, pedir desculpas polo pouco tempo que tivemos todos e todas para esta actuación, esta emenda que traemos agora no día de hoxe ao Pleno. Xa procurei o antes posible falar con todos os portavoces e darlles unha explicación do porqué desta emenda, que vén dada porque no Pleno do Consorcio, dentro da diferenza que aprobamos o outro día da Comisión dos catro puntos que había na orde do día, o Pleno do Consorcio o que decide no punto terceiro onde falaba de elaborar un plan de acción, decide que primeiro se faga ese plan de acción antes de aprobar as contas do Consorcio, co cal, loxicamente, quedan as contas do Consorcio condicionadas a unha posterior aprobación definitiva, unha vez que se faga este plan de acción.

Co cal, evidentemente, veremos despois no punto seguinte, que tamén influirá por suposto na Conta Xeral do que é a Deputación, no sentido, digamos, literal, aínda que noutro aspecto, pero si dicir que, neste caso, como teñen a documentación no seu poder, nós aceptamos o que o Pleno do Consorcio nos transmite, e é que se faga primeiro este plan de acción e despois, posteriormente, se aproben as contas do propio Consorcio, que en resumidas contas é do que se trata esta emenda.

A continuación, vótase a emenda:

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: 1 deputado (Marea Atlántica).

Aprobada a emenda, procede a votarse o ditame coa emenda incorporada:

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: 1 deputado (Marea Atlántica).

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños e a abstención de Marea Atlántica, acorda:

"PRIMEIRO.- Incorporar ao expediente tramitado para a aprobación da Conta Xeral do Orzamento do Consorcio provincial do exercicio 2020 o informe definitivo de auditoría financeira elaborado pola Intervención Provincial para dar cumprimento ao establecido no artigo 220.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

SEGUNDO.- Tomar coñecemento do acordo adoptado polo Pleno do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña na sesión do 30 de setembro de 2021, con motivo da tramitación da aprobación definitiva da Conta Xeral do Orzamento do Consorcio provincial do exercicio 2020.

TERCEIRO.- Remitir este acordo, xunto coa documentación que integra a Conta Xeral do Orzamento do Consorcio provincial do exercicio 2020 ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, conforme co establecido no artigo 212.5 do TRLRHL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo e na regra 51 da orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, polo que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local; así como ás demais entidades que proceda a súa remisión, segundo a normativa vixente e tamén proceder a súa publicación na web institucional.

Así mesmo remitiranse de igual forma os acordos que se adopten unha vez aprobada definitivamente a conta xeral do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña polos órganos competentes."

22.- Aprobación definitiva da Conta Xeral integrada do exercicio 2020, conformada pola da Deputación Provincial da Coruña, a do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e as Contas Anuais da Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña.

Sr. Presidente

Hai unha emenda.

Sr. Leira Piñeiro

Si, ben, tal como dicía na anterior intervención, loxicamente con esta emenda incorporada e esta decisión tomada, aquí inflúe sobre todo no punto 1, que literalmente quedaría con: “Aprobar definitivamente a Conta Xeral integrada do exercicio 2020 formada pola Deputación Provincial da Coruña e as contas anuais da Fundación da Axencia Enerxética Provincial da Coruña e a do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña", tomando neste último caso a toma de coñecemento do acordo adoptado no Pleno do día de onte.

A continuación, vótase a emenda:

VOTACIÓN

Votan a favor: 28 deputados/as (12 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: 1 deputado (Marea Atlántica).

Aprobada a emenda, procede a votarse o ditame coa emenda incorporada:

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 1 deputado (Marea Atlántica).

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños e a abstención de Marea Atlántica, acorda:

"1º.- Aprobar definitivamente a Conta Xeral integrada do exercicio 2020, formada pola da Deputación Provincial da Coruña, as Contas Anuais da Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña e a do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña; neste último caso tomando coñecemento do acordo adoptado polo Pleno do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, na sesión ordinaria do 30 de setembro de 2021.

2º.- Remitir este acordo, xunto coa documentación que integra a Conta Xeral da Deputación Provincial da Coruña do exercicio 2020 ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, conforme co establecido no artigo 212.5 do TRLRHL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo e na regra 51 da orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, polo que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local; así como ás demais entidades que proceda a súa remisión, segundo a normativa vixente e tamén proceder a súa publicación na web institucional.

Así mesmo remitiranse de igual forma os acordos que se adopten unha vez aprobada definitivamente a conta xeral do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña polos órganos competentes." do a normativa vixente e tamén proceder á súa publicación na web institucional."

23.- Aprobación do Plan de Acción da Presidencia 2021, para dar cumprimento ao establecido no artigo 38 do Real Decreto 424/2017, do 27 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do Control Interno do Sector Público Local.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados/as (11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 13 deputados/as (PP).

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlantica e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, acorda:

"PRIMEIRO.- Aprobar o Plan de Acción da Presidencia 2021, para dar cumprimento

ao establecido no artigo 38 do Real decreto 424/2017, do 27 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do Control Interno do Sector Público Local, co seguinte contido:

PLAN DE ACCIÓN DA PRESIDENCIA: MEDIDAS RESPECTO AOS INCUMPRIMENTOS, DEBILIDADES, DEFICIENCIAS E ERROS POSTOS DE MANIFESTO POLO ÓRGANO INTERVENTOR NO INFORME-RESUMO DOS RESULTADOS DO CONTROL INTERNO.

DESTINO: PLENO DA CORPORACIÓN, CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA, TRIBUNAL DE CUENTAS E INTERVENCIÓN XERAL DA ADMINISTRACIÓN DO ESTADO.

I INTRODUCIÓN: ANTECEDENTES E FUNDAMENTO NORMATIVO.

1 Antecedentes.

Por primeira vez na historia da Deputación da Coruña, o Goberno provincial presentou perante o Pleno da Corporación, na sesión que tivo lugar o 29 de maio de 2020, un Plan de Acción para corrixir os incumprimentos, debilidades, deficiencias e erros postos de manifesto polo órgano interventor con respecto á xestión económico-financeira que se desenvolveu no exercicio 2019. Tal como se explicaba naquel documento, -invocándose o discurso deste Presidente ao co que se deu inicio ao mandato 2019-2023, así está recollido en acta-, a modernización da Deputación é un dos obxectivos prioritarios deste Goberno, poñendo a institución ao servizo da cidadanía, como instrumento transformador e de mellora do tecido social e económico da Provincia.

A ninguén lle cabe dúbida ningunha de que o 2020 foi un ano moi singular, no que tivemos que facer fronte a grande crise sanitaria, económica e social provocada pola aparición e propagación do COVID-19, o que nos fixo mudar algunha das previsións e obxectivos cos que aprobamos o orzamento xeral para tal exercicio económico. A reacción e adaptación da Deputación a estas circunstancias tan excepcionais realizouse decontado, manténdose con todo o estrito cumprimento da normativa reguladora das modificacións orzamentarias, nos procedementos de adxudicación de contratos para a adquirir o material de protección necesario e concedéndose subvencións aos sectores máis afectados con pleno respecto aos principios de publicidade, concorrencia competitiva e transparencia, cooperando moi eficazmente cos concellos da Provincia. Por iso, podemos sentirnos moi satisfeitos e mesmo orgullosos do labor realizado.

Malia a excepcionalidade das circunstancias, dende a Presidencia cursáronse as instrucións oportunas aos distintos servizos para que a actividade administrativa e técnica proseguise a realizar as prestacións que demanda a cidadanía nos distintos sectores de acción pública nos que traballa esta Deputación, Este impulso tamén se accionou para cumprir coas medidas correctivas propostas no Plan de acción xa referido, podendo sinalarse como significativas as seguintes:

- Aprobación dun Plan anual de contratación, para manter sempre a cobertura contractual de todas as prestacións no ámbito das obras, servizos e subministros (Medida 1.2 do Plan de Acción 2020).

- Cumprimento do Plan estratéxico de subvencións aprobado en febreiro de 2020 (Medida 1.1., 1ª do Plan de 2020).

- Cumprimento do estatuto do persoal bolseiro para a realización de prácticas (Medida 1.3 do Plan de acción 2020).

- Aprobación da liquidación de produtividade do persoal eventual correspondente aos exercicios 2016. 2017 e 2018: acordo adoptado pola Xunta de Goberno, na sesión de 15 de maio de 2020.

- Impulso as accións de derivación de responsabilidade para a recadación efectiva dos reintegros de subvencións e das sancións correspondentes: A Tesouraría provincial está impulsando estes expedientes, aínda sendo conscientes da complexidade administrativa da súa tramitación.

- Aprobación dun regulamento para o funcionamento do Parque móbil. Tal como se informaba xa no Plan de acción de 2020, o acordo foi adoptado na sesión de 28 de febreiro de 2020 e o regulamento xa está en vigor (Punto 5 do Plan de acción 2020).

- Inicio dun procedemento administrativo perante a Comunidade autónoma de Galicia para instar a transferencia a esta administración dos centros de ensino Rafael Puga Ramón e Rosalía Mera. Logo do acordo plenario adoptado, a Presidencia asinou unha solicitude formal que foi xa presentada perante a Secretaría xeral técnica da Consellería de Educación.

Estas son os obxectivos cumpridos con respecto ao Plan de acción aprobado en 2020. Por mor das circunstancias excepcionais nas que se desenvolveu a acción política e a actividade administrativa, non foi posible impulsar a creación dunha comisión de estudo para a regulamentación do servizo público que se está a prestar no Pazo de Mariñán nin tampouco se procedeu a redactar e aprobar un novo regulamento para o servizo de Biblioteca provincial.

Polo que respecta ao servizo de Imprenta provincial, aínda que non se creou formalmente unha comisión para a regulación do servizo, xa a Oficiala maior redactou e ten presentado unha completa proposta sobre este asunto, que está sendo obxecto de reflexión no momento actual.

Xa no que se refire ás medidas relativas ao ente adscrito Consorcio provincial contra incendios, no momento presente estase traballando para pórse ao día na liquidación das taxas correspondentes ás intervencións do persoal bombeiro no período 2018-2020, esperando que nun período razoable de tempo estean todas elas notificadas e en xestión de cobro.

Estas tarefas pendentes, xunto coas que se van a expor para regularizar plenamente e mesmo mellorar a acción de fomento provincial, van a configurar o Plan de acción da Presidencia para o exercicio 2021.

2 Marco normativo.

Xa que logo, de acordo co disposto no artigo 38 do Real decreto 424/2017, de 27 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do sector público local, fronte ao informe-resumo do órgano interventor cos resultados do control interno, formúlase este Plan de acción, do que se da conta ao Pleno da Corporación, para o seu coñecemento e seguimento.

II PLAN DE ACCIÓN: MEDIDAS, CALENDARIZACIÓN E SERVIZOS RESPONSABLES.

1 Medidas a adoptar con respecto a determinados servizos públicos, pendentes de execución no Plan de Acción de 2020.

1.1 O Pazo de Mariñán: creación cunha comisión político-técnica para a regulamentación do cumprimento do fin social estipulado polo benfeitor.

Logo de coñecido o informe de control permanente sobre o Pazo de Mariñán, desde o Servizo de xestión tributaria xa se promoveu a modificación da Ordenanza reguladora de prezos públicos que se aplica para determinadas cesións de uso das instalación do Pazo. Agora ben, tal como concluía aquel informe de control financeiro, faise preciso respectar a vontade do testador e causante da herdanza que recibiu esta Deputación, destinando os seus rendementos, a un fin benéfico a prol da infancia. Con tal finalidade, deberase crear unha comisión de estudo para a regulamentación do cumprimento do fin social estipulado polo benfeitor

1.2 A imprenta provincial: regulamentación deste servizo e financiamento do mesmo.

Do mesmo xeito que no caso anterior, antes do fin do exercicio presentarase ante o Pleno a proposta de acordo de creación da comisión de estudo, coa finalidade que poida ter aprobado as normas do servizo, no que se definan cales han de ser as prestacións a realizar por este servizo e o seu financiamento.

1.3 Biblioteca provincial: regulación da cooperación cos servizos de biblioteca municipal nun novo regulamento.

De acordo coas conclusións do informe de control financeiro emitido sobre o funcionamento deste servizo, presentarase un novo regulamento deste servizo público perante o Pleno da Corporación, fixándose no mesmo as medidas e modos de cooperar eficazmente cos servizos de biblioteca de todos os concellos da Provincia, especialmente coa dos concellos de menos de 20.000 habitantes, procurando compartir os recursos existentes, de xeito que se eviten duplicidades e se aforren custes e achegando as actividades culturais da biblioteca a toda a cidadanía provincial.

2 Medidas para mellorar a xestión do gasto público.

2.1 Respecto da xestión das subvencións.

Como ben é coñecido, os procedementos de concesión de subvencións nominativas son os que teñen xerado a meirande parte dos reparos emitidos polo órgano

interventor no exercicio 2020. Neste eido de acción pública tense mellorado considerablemente a xestión, reducíndose significativamente o número de subvencións nominativas concedidas con respecto a exercicios precedentes e documentándose os expedientes coas esixencias e o rigor establecido na Ordenanza xeral de subvencións. Tal e como estableceu o informe de Asesoría Xurídica n.º 45/2018 “As subvencións directas son unha excepción á regra xeral de concorrencia pública e competitiva e, por tanto, de interpretación restritiva, pero admisible en Dereito, co fin de atender concretas e singulares necesidades, de interese publico, social, económico ou humanitario que, por prescindir dos principios de publicidade previa e concorrencia, deben figurar especialmente xustificadas no expediente que se tramite a tal fin”. Con todo, a Intervención segue a emitir reparos suspensivos na tramitación destes expedientes, ao entender que non hai razón para acudir á concesión directa destas subvencións en prexuízo do procedemento ordinario de concorrencia competitiva e publicidade. Por iso, procurarase seguir a senda xa iniciada en exercicios anteriores, creándose novos programas de subvencións en concorrencia competitiva.

Polo demais, mantendo o pleno respecto á normativa orzamentaria, á Lei xeral de Subvencións e á Lei de subvencións de Galicia, **evitarase presentar subvencións para actividades ou proxectos que, no momento de presentarse a solicitude, xa estean completamente executados en exercicios anteriores.**

2.2 Respecto da actividade contractual.

Aínda que os incumprimentos apreciados polo órgano interventor neste ámbito de xestión son de carácter menor, manteranse e melloraranse as medidas establecidas xa en exercicios anteriores, cumprindo estritamente o Plan anual de contratación que xestiona e executa o Servizo de Patrimonio e contratación.

3 Medidas respecto dos incumprimentos detectados na xestión do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña.

Algúns incumprimentos normativos no ente adscrito Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña foron detectados tanto en fase de control de legalidade previa como, posteriormente, na auditoría financeira sobre as contas anuais de 2019 e no informe IRCIA complementario.
A vista dos informes realizados, aceptando todas as recomendacións postas de manifesto no informe-resumo emitido polo órgano interventor, formúlanse as seguintes medidas nos distintos ámbitos de xestión deste organismo:

Primeira.- O sometemento de toda actividade contractual do organismo ás disposicións previstas na Lei 9/2017, de 9 de novembro, de Contratos do sector público.

Segunda.- O impulso da actividade liquidatoria da taxa pola prestación de servizos de intervención e a efectiva xestión recadatoria das mesmas.

Terceira.- A aprobación do inventario de bens e dereitos, realizando os correspondentes axustes no saldo das contas do Inmobilizado e do Patrimonio neto, de xeito que se produza unha conciliación plena entre a información xurídico-

administrativa que debe conter o inventario e a información económica, financeira e patrimonial que figura no contabilidade.

Cuarta.- A depuración dos saldos contables no que atinxe a dereitos pendentes de cobro e conceptos non orzamentarios.

Quinta.- A aprobación ao longo deste exercicio 2021 da Oferta de emprego público do Consorcio e o inicio a partir de xaneiro de 2022 do procedemento selectivo para a provisión definitiva dos postos de traballo do persoal bombeiro.

4 Medidas con respecto ao ente adscrito: Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC).

Tomando en consideración as conclusións emitidas no informe de auditoría operativa realizada sobre este ente e aceptando as recomendacións do órgano interventor, estas son as medidas a adoptar respecto de FAEPAC:

Primeira.- Inicio de actuacións para valorar o futuro da fundación, a súa continuación ou a extinción integrándose os seus medios persoais e materiais no Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego da Deputación.

Segunda.- Namentres se manteña a súa existencia, a modificación dos estatutos da entidade para determinar o réxime das achegas de cada unha das entidades con participación no Padroado, garantindo a proporcionalidade entre o importe de ditas achegas a e representatividade e porcentaxe de votos na toma de decisión.

III CONCLUSIÓN.

Despois de todo o exposto nos apartados precedentes, unha vez máis ha de manifestarse a boa vontade do goberno que presido, non só de cumprir estritamente coa legalidade na xestión económico-financeira, senón de seguir as recomendacións do órgano interventor no tocante á análise e reflexión sobre xestión e funcionamento dos centros e servizos provinciais, co afán de acadar neste mandato unha administración moderna e eficaz, ao realizar as prestacións máis axeitadas ao que nos esixe a cidadanía.

Será o Pleno da Corporación, coa representación que ostenta e na manifestación da autonomía local recoñecida pola Constitución, o que decida finalmente sobre as decisións a adoptar, garantindo así que o os concellos e, por ende, toda a cidadanía da Provincia, reciba as mellores prestacións e servizos posibles."

SEGUNDO.- Incorporar o Plan ao expediente: INFORME-RESUMO DOS RESULTADOS DE CONTROL INTERNO 2020 (Artigo 37 RCIL).

TERCEIRO.- Remitilo á Intervención Xeral da Administración do Estado, así como aos demais órganos de control externo que proceda de conformidade coa normativa de aplicación, e publicalo na web institucional."

24.- Aprobación de creación e bases cos criterios de distribución do incentivo de produtividade para o persoal laboral (non directivo) da Fundación Axencia enerxética provincial da Coruña (FAEPAC).

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados/as (11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 13 deputados/as (PP).

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlantica e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, acorda:

"Examinados a acta de reunión celebrada en data 16 de marzo de 2021 entre a Vicepresidenta da Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC), Cristina Capelán Cancelo, e os traballadores da fundación sometidos a réxime laboral ordinario, na que quedou referenciada a creación dun incentivo de produtividade para os ditos traballadores ao que estes mostraron a súa conformidade, e o informe emitido ao respecto polo secretario da fundación Rafael Diaz-Aguado.

1.- Aprobar a creación dun incentivo anual de produtividade para os traballadores da Fundación, cos importes totais, porcentaxes, periodización, características e criterios de asignación, cuxa contía total é de 12.993,46 euros, coa seguinte asignación:

Enxeñeira/o	5.319,72 €
Axudante	4.296,73 €
Administrativa/o	3.377,01 €

2.- O incentivo percibirase como complemento anual derivado do cumprimento porcentual dos obxectivos fixados no proxecto anual de gasto que aprobe para cada ano o padroado da fundación. A estes efectos aplicarase , por primeira vez ao proxecto de gasto 2020 xa aprobado polo padroado en sesión de data 13 de novembro de 2020.

3.- A percepción do complemento, poderá ser percibido tanto dunha soa vez, como en pagas trimestrais, si este fora o período de xustificación do proxecto perante a Deputación Provincial da Coruña, queda condicionada a aprobación do complemento tanto no padroado como no Pleno da Deputación tal e como esta establecido nos artigos 17 e 18 a) dos estatutos de Fundación e a base 60ª 8 das de execución do orzamento da Deputación para o 2021,que establece literalmente o seguinte para o persoal laboral da Fundación:

> "8º.- En todo caso, con carácter previo á tramitación de convenios colectivos ou acordos negociados co persoal laboral calquera que sexa o seu réxime contractual remitiranse as propostas ao Pleno da Corporación que, á vista dos informes preceptivos, adoptará o acordo oportuno."

4.- Aprobar as bases e criterios que rexen a distribución da produtividade a crear na Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña FAEPAC para os traballadores de réxime laboral ordinario (non directivo).

O sistema de avaliación do desempeño e cumprimento de obxectivos bases e criterios do complemento de produtividade incorporados no presente acordo son establecidos segundo o prescrito no artigo 24.c) do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público. A contía e estrutura das retribucións complementarias dos traballadores que atenderán, entre outros aos seguintes factores: o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o traballador desempeña o seu traballo e o rendemento ou resultado obtido.

A avaliación do desempeño é o procedemento mediante o cal se mide e valora a conduta profesional e o rendemento ou o logro de resultados.

Os dous alicerces fundamentais para poder avaliar a produtividade son:

- Os obxectivos concretos do rendemento.
- A valoración da conduta profesional.

4.1.- Obxectivos do rendemento:

Mediante unha adecuada planificación deberán proporse pola xerencia uns obxectivos anuais que racionalicen a xestión e melloren os resultados, debendo identificar dun modo preciso o indicador ou indicadores que se van utilizar para medir o resultado, que servirá para modular a avaliación dos resultados obtidos e posibilitará a percepción do complemento de produtividade.

Os devanditos obxectivos fixarán explicitamente as metas a alcanzar asociadas ao prazo temporal dun ano e poderán controlarse periodicamente ao longo del. No caso de que se fixe máis dun obxectivo deberase de determinar o peso relativo ou ponderación que terá cada un deles na avaliación do resultado final obtido. No control de resultados cabe a modificación dalgún obxectivo que non se levou a cabo ou que se prevexa que é difícil de conseguir, todo iso previa análise das causas que están a impedir o seu normal desenvolvemento.

Ao mesmo tempo, coa definición de obxectivos a xerencia deberá facer unha relación dos/as traballadores/as adscritos a esa actividade

No primeiro mes do trimestre seguinte ao que se está avaliando, a xerencia elaborará un informe relativo ao grao de cumprimento dos obxectivos que se fixaron. Se o grao ou porcentaxe de cumprimento fose superior a 100 utilizarase esta contía como importe máximo do resultado obtido. O devandito informe deberá estar conformado pola Vicepresidenta da Fundación.

A Vicepresidenta da Fundación velará porque os obxectivos sexan equitativos ou parellos propoñendo as medidas correctoras que considere oportunas.

4.2.- Criterios de valoración do desempeño do posto:

a) Asistencia ao posto de traballo: Computaranse todos os días en que se estivese ausente do traballo, independentemente de que estean ou non xustificados, coa

excepción de vacacións, asuntos propios e permisos contemplados nos artigos 48 e 49 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público.

Efectuarase o desconto proporcional na produtividade polos días ou tramos horarios xustificados, salvo que o saldo final sexa positivo, coas seguintes incidencias:

- Deber inescusable non xustificado e acreditado en base á normativa vixente
- Suspensión de emprego e soldo
- Licenzas sen retribucións
- Folga
- Incapacidade temporal
- Enfermidade sen baixa médica
-

b) Cumprimento da xornada: Descontarase do complemento de produtividade a parte proporcional do incumprimento horario a aquel traballador ou traballadora que logo do cómputo anual, entendido este como o sumatorio total de horas realizadas incluídas as que superan a xornada mensual, non cumpra coa súa xornada; sen prexuízo dos correspondentes descontos en nómina e medidas disciplinarias que procedan segundo a normativa vixente.

En todo caso o persoal que se atope nesta situación disporá do mes de xaneiro do seguinte ano para recuperar o dito déficit horario.

c) Valoración do traballo e contribución aos obxectivos: Poderá considerarase que todos/as os/as traballadores/as contribuíron da mesma maneira ao cumprimento de obxectivos e asignaráselles a mesma porcentaxe resultante do devandito cumprimento. Se algún/algunha traballadora non contribuíu ou o fixo en menor medida ao devandito cumprimento, a xerencia poderá propor de forma motivada que non perciba o complemento ou o faga nunha porcentaxe inferior ao resto do persoal da súa unidade, graduando porcentualmente entre 0 e 20 cada un dos cinco factores que forman parte da avaliación do desempeño.

Esta proposta deberá estar conformada pola Vicepresidenta . Neste caso, o/a traballador/a poderá efectuar as alegacións que estime procedentes, sendo a Vicepresidenta quen lle propoña à Presidencia da fundación a resolución das ditas alegacións, podendo solicitar os informes que procedan, no seu caso, tanto a o traballador/a como a o avaliador/a.

O tempo dedicado à representación dos traballadores/as, segundo a normativa vixente, considérase para todos os efectos tempo de traballo efectivo.

Para o estudo destas alegacións e antes de elevar a proposta de liquidacións definitivas, reunirase o Comité de Avaliación constituído para o efecto, e integrado por:

- A Vicepresidenta da Fundación FAEPAC
- director da Fundación.
- secretario da Fundación FAEPAC

O devandito comité poderá solicitar a información necesaria, tanto dos/das

responsables xerárquicos/as como dos/das traballadores/as avaliados por eles/as para conseguir unha total transparencia e o máximo grao de obxectividade.

Os factores para a avaliación do desempeño dos/as empregados/as serán os seguintes:

- Rendemento: Valorarase a carga de traballo, resposta áxil e cumprimento de prazos, dificultade das tarefas e actividades e calidade na súa execución.
- Competencia práctica: Valorarase a capacidade manifestada na realización das tarefas propias do posto de traballo e o grao de fiabilidade que merece no seu desempeño; a capacidade de priorizar e organizar o devandito traballo.
- Colaboración: Valorarase a disposición para cumprir e facer cumprir as normas, aceptar suxestións e indicacións relacionadas coas funcións e tarefas propias do seu posto de traballo, así como a maneira de relacionarse no posto de traballo, dentro do propio servizo e cos outros traballadores da Fundación.
- Responsabilidade: Valorarase a capacidade de asumir e realizar as tarefas encomendadas coa maior eficiencia e eficacia posibles asumindo como propios os resultados do traballo.
- Iniciativa: Valorarase a capacidade para tomar decisións adecuadas e dar resposta ás esixencias do posto de traballo, tanto ás habituais como ás novas e imprevistas. Tamén a posta ao día na normativa que afecte ao seu traballo e a achega de suxestións para optimizar o procedemento administrativo.

Todos estes factores de avaliación poden entenderse cumpridos na mesma proporción que o foi o resultado final obtido en relación aos obxectivos establecidos e para todos os integrantes da Fundación.
4.3.- Procedemento para a asignación individual do complemento de produtividade:

4.3.1.- Entregas a conta trimestrais
Realizaranse entregas a conta trimestralmente, abonándose como máximo o 80% do importe total previsto no plan de acción de cada exercicio. Para calcular esas entregas trimestrais, aplicarase a porcentaxe que corresponda á contía do complemento de produtividade máximo que podería percibir cada posto nese exercicio no caso de que cumprise no seu grao máximo os obxectivos establecidos, e que sería o 18 por 100 do total das súas retribucións actualizadas segundo o previsto na Lei de presupostos xerais do Estado para ese exercicio.

Para estes efectos, non formarán parte das retribucións do empregado os seguintes conceptos:

Indemnizacións por razón do servizo e gastos suplidos

Atrasos retributivos

4.3.2.- Liquidación provisional
No último trimestre do ano realizarase unha liquidación provisional, polo importe das cantidades consignadas no orzamento correspondente, que ratificará o Comité de avaliación da produtividade e someterase a dita liquidación a aprobación da Presidencia da Fundación para o seu aboamento no mes de decembro.

4.3.3.- Liquidación definitiva do complemento e regularización das entregas mensuais percibidas
No primeiro trimestre do exercicio seguinte farase a liquidación definitiva unha vez coñecido o cumprimento de obxectivos e a valoración do desempeño durante todo o ano anterior. Se o importe da liquidación definitiva fose negativo, é dicir, que o percibido como entrega a conta fose superior ao complemento de produtividade, procederase á dedución mensual nos seus haberes na forma que se determine.

No caso de que o empregado non preste os seus servizos durante todo o ano, cuantificarase o complemento en proporción ao número de días naturais que os preste.

4.4.- As cantidades serán as consignadas anualmente en cada plan de acción, en cumprimento do establecido no artigo 27 do Real decreto lexislativo 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público.

4.5.- As cantidades consignadas para a produtividade estarán suxeitas ao disposto na Lei de orzamentos xerais do Estado do exercicio correspondente, podendo adecuarse esta se resulta imprescindible polo grao de consecución dos obxectivos fixados.

Disposición adicional primeira

Os obxectivos incluídos nas propostas formuladas conforme á base 1, que fixan as metas para alcanzar asociadas ao prazo temporal dun ano, considéranse vixentes desde o 1 de xaneiro de 2021, xa que recollerán a planificación que realizan os responsables das unidades xunto aos responsables políticos para cada exercicio orzamentario.

Disposición final
Estas normas entrarán en vigor ao día seguinte de ser aprobadas polo Pleno provincial, producirán efectos retroactivos dende o día 1 de xaneiro de 2021 e continuarán en vigor ata que se produza a súa derrogación expresa polo órgano competente."

25.- Desestimación do recurso de reposición interposto polo Colexio de Educadores/as sociais de Galicia contra a aprobación da modificación da relación de postos de traballo 2021.

VOTACIÓN

Votan a favor: 28 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: 1 deputado (Marea Atlántica).

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG Alternativa dos Veciños e a abstención de Marea Atlántica, acorda:

"Visto o expediente 2021/21279, relativo ao recurso interposto por Dona Laura Vilaboy Romero actuando en representación do Colexio de Educadoras e Educadores contra o acordo plenario do 30/06/2021 polo que se aproba inicialmente a modificación da relación de postos de traballo 2021, elevado a definitivo ao non presentarse alegacións no prazo regulamentario, no que constan os seguintes

Antecedentes de feito.

I.- O 30/06/2021, o Pleno da Corporación provincial acordou aprobar inicialmente a modificación da relación de postos de traballo do 2021. No BOP nº 125 do 6/07/2021 publícase o anuncio de exposición ao público do expediente. Non téndose presentado alegacións no prazo regulamentario a dita modificación quedou definitivamente aprobada, publicándose no BOP nº 149 do 09/08/2021. II.- Fronte a dito acordo interponse o 08/09/2021 recurso de reposición por Dona Laura Vilaboy Romero, con DNI ***3173** actuando en representación do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia, con CIF Q1500270B, no que solicita a modificación da denominación dos postos de educador que identifica no seu escrito no senso de establecer como denominación a de educador/a social e como titulación requirida para optar aos mesmos a de titulado en educación social ou no seu momento habilitado/a.

Fundamentos de dereito.

I.- A titulación esixida para o desempeño dos postos de educador segundo a relación de postos de traballo vixente é a de "Diplomatura en educación social, pedagoxía ou profesor de educación primaria ou grao oficial universitario equivalente". No caso da administración autonómica, no corpo facultativo de grao medio existe a escala técnica de facultativos, especialidade educadores, e a titulación requirida para o acceso a especialidade é a de Mestre ou graduado nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de mestre en Educación Infantil, primaria ou diplomado en Educación Social, ou primeiro ciclo da titulación de licenciatura en Pedagoxía, da titulación de licenciado en Psicoloxía ou da titulación de licenciado en Psicopedagoxía, ou graduado nunha titulación da rama de ciencias sociais e xurídicas ou da rama de ciencias da saúde equivalente a calquera das anteriores, polo que a configuración dos postos de educador na administración provincial polo que atinxe aos requisitos de titulación é análoga á da administración autonómica, que é a administración de referencia polas suas competencias na materia dos servizos sociais. Pola sua parte, o Decreto 329/2005 que regula os centros de menores e os centros de atención á infancia na comunidade autonóma, al regular os requisitos de persoal dos diferentes tipos de centros se refire sistematicamente a educadores, e non a educadores sociales.

II.- A recorrente non concreta en qué medida o acordo plenario contravén o disposto na Lei 13/2008 ou na Lei orgánica 8/2021, o polo que se refire o IV convenio colectivo estatal de reforma xuvenil e protección de menores, cuxa vulneración se alega pola interesada, o propio convenio, no seu artígo 5º, relativo o seu ámbito personal, dispón que "Se excluyen expresamente del ámbito de aplicación de este convenio:

b) El personal funcionario y laboral al servicio de la administración del Estado, de las administraciones autonómicas, ciudades autónomas, diputación provincial,

municipales y cabildos."

III.- Respecto da esixencia ou non dunha titulación profesional específica para o desempeño de certos postos de traballo de carácter técnico é doutrina xeral respecto diso (SSTS 10/04/2006, 13/11/2006, 10/11/2008, 22/04/2009, 03/10/2010, 24/05/2011) que resulta lícito e ás veces obrigado non reservar en exclusiva os postos a candidatos cunha determinada titulación, sempre que poidan ser igualmente desempeñados de maneira idónea polos que posúen outras titulacións distintas (principio de liberdade con idoneidade) debendo as titulacións esixidas estar razoable e directamente relacionadas coas funcións de cada posto. A xurisprudencia foxe de consagrar monopolios profesionais en razón exclusiva do título ostentado e mantén a necesidade de deixar aberta a entrada a todo título facultativo oficial que ampare un nivel de coñecementos técnicos suficiente. Na citada sentenza de 24/05/2011 podemos ler "con carácter xeral a xurisprudencia desta Sala vén mantendo que non pode partirse do principio dunha rigorosa exclusividade á mantenta da competencia dos profesionais técnicos, nin se poden reservar por principio ámbitos excluíntes a unha profesión, e aínda cando cabe a posibilidade de que unha actividade concreta poida atribuírse, pola súa especificidade, aos profesionais directamente concernidos, esta posibilidade debe ser valorada restrictivamente, tendo en conta que a regra xeral segue sendo a de rexeitamento desa exclusividade, pois, como se recolle naquela sentenza, a xurisprudencia ha declarado con reiteración que fronte ao principio de exclusividade debe prevalecer o de liberdade con idoneidade, xa que, ao existir unha base de ensinos comúns entre algunhas ramas de ensinos técnicos, estas dotan aos seus titulados superiores dun fondo igual de coñecementos técnicos que, con independencia das distintas especialidades, permiten o desempeño de postos de traballo nos que non sexan necesarios uns determinados coñecementos senón unha capacidade técnica común e xenérica que non resulta da situación especifica obtida senón do conxunto dos estudos que se seguiron."

No plan de estudos do grao en educación primaria da universidade da Coruña, por citar un exemplo, atópanse materias pertencentes aos módulos de aprendizaxe e desenvolvemento da personalidade, procesos e contextos educativos, sociedade familia e escola, que sen dúbida proporcionan unha bagaxe de coñecementos suficientes para desempeñar as funcións do postos obxecto de debate. Outro tanto pode afirmarse en relación co plan de estudos do grao en pedagoxía da Universidade de Santiago (módulos de educación, orientación e diversidade, avaliación da formación, contextos de intervención pedagóxica).

Por todo iso, ACÓRDASE desestimar o recurso de reposición formulado por Dona Laura Vilaboy Romero actuando en nome e representación do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia contra o acordo plenario do 30/06/2021 polo que se aproba inicialmente a modificación da relación de postos de traballo 2021, elevado a definitivo ao non presentarse alegacións no prazo regulamentario.

O presente acordo é susceptible de recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da recepción deste escrito, perante o Xulgado do Contencioso-administrativo da Coruña, conforme ao disposto no artigo 46.1, en relación co 8.1, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición; sen prexuízo de que se poida exercitar, no seu caso, calquera outro recurso que se estime procedente."

26.- Dación de conta das resolucións de presidencia número 34521/2021 e 34519/2021 polas que se nomea e cesa persoal eventual.

Dáse conta das resolucións de presidencia número 34521/2021 pola que se nomea persoal eventual para realizar funcións sinaladas legalmente como de confianza e asesoramento e da resolución número 34519/2021 pola que se cesa persoal eventual.

27.- Aprobación da formalización dun convenio de colaboración coa Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC) para cofinanciar o proxecto "ASESORÍA ENERXÉTICA 2021"

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concurrencia, publicidade, igualdad e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios recollidos nos arts. 22.2 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2. Non ter en conta, con carácter excepcional, o principio de imputación temporal de gasto, de conformidade co establecido no art. 176 do texto refundido da Lei de Facendas Locais

3. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración coa FUNDACIÓN AXENCIA ENERXÉTICA PROVINCIAL DA CORUÑA (FAEPAC), CIF G70053087, para regular a achega de 50.000,00 € para cofinanciar o proxecto “ASESORÍA ENERXÉTICA 2021”, cun orzamento subvencionado de 62.735,40€ , o que supón un coeficiente de financiamento do 79,69982 %.

4. Imputar o gasto ao documento RC núm. de operación 220210000601, da aplicación orzamentaria 0520/4251/481, do vixente Orzamento Xeral.

5. Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2022 tendo en conta que a vixencia do convenio exténdese ate o 31 de agosto de 2022.

6. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN AXENCIA ENERXÉTICA PROVINCIAL DA CORUÑA (FAEPAC), PARA FINANCIAR O PROXECTO "ASESORÍA ENERXÉTICA 2021"

Na Coruña a … de …..... de 20....

REUNIDOS

D. ....., en representación da Deputación Provincial da Coruña
D. ....., en representación da Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña
Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

A Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC) é unha entidade sen ánimo de lucro, fundada en maio de 2006 por iniciativa da Deputación da Coruña, a través do programa Intelligent Energy Europe (EIE), co fin de alentar accións a nivel provincial para a utilización eficiente da enerxía e o uso dos recursos enerxéticos provinciais.

A FAEPAC foi clasificada de interese industrial pola Orde do 28 de xuño de 2006, da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (D.O.G. do 19 de xullo de 2006) e declarada de interese galego por Orde da Consellería de Innovación e Industria, do 15 de setembro de 2006 (D.O.G. do 11 de outubro de 2006).

En liña coa política enerxética marcada pola Unión Europea e dos compromisos internacionais adquiridos por España a través da sinatura do protocolo de Quioto, se pretende contribuír a reducir as emisións de CO2 e doutros gases contaminantes, para cuxa consecución faise imprescindible o fomento de políticas de aforro e eficiencia enerxética e de promoción de enerxías renovables a todos os niveis.

De acordo cos seus estatutos, a FAEPAC ven desenvolvendo nese ámbito liñas de traballo xa consolidadas, entre as que figura un servizo gratuíto de asesoramento á cidadanía sobre a factura eléctrica, o bono social, e o aforro e eficiencia enerxética no fogar, que se integran no denominado proxecto "Asesoría Enerxética".

O apoio da Deputación da Coruña ao proxecto "Asesoría Enerxética" que a FAEPAC desenvolve, permite beneficiar a un maior número de fogares e cidadáns da provincia, polo que, en virtude das consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e a Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC) acordan subscribir o presente convenio de colaboración dacordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a

Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC), NIF G70053087, para financiar o proxecto "ASESORÍA ENERXÉTICA 2021", no que se integran as actividades de asesoramento á cidadanía da Provincia da Coruña sobre a factura eléctrica, o bono social, e o aforro e eficiencia enerxética no fogar.

II. ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

A Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC) desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen no proxecto, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Salarios (*)	57.535,40 €
Subministracións	2.600,00 €
Desprazamentos	2.600,00 €
TOTAL	**62.735,40 €**

(*).- Inclúese un director, dous técnicos/as e unha administrativa cunha dedicación ao proxecto do 34% da súa xornada laboral.

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **50.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe do **79,70 %**. A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 79,70 % da cantidade efectivamente xustificada.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/4251/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a FAEPAC obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución do obxecto do convenio corresponderalle á entidade beneficiaria. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa económicamente.

3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, por medios escritos, radiofónicos, audivisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle abonada á entidade beneficiaria unha vez que se presente a seguinte documentación:

a. Memoria de actuación, subscrita polo representante da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

b. Certificación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, se fora o caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o presente ano.

c. Declaración relativa á repercusión do IVE que, se fora o caso, inclúan as facturas xustificativas do gasto realizado. De acordo co disposto no art. 31.8 da Lei xeral de subvencións, o IVE será subvencionable no caso de que non sexa deducible pola entidade.

d. Autorizacións individuais asinadas por cada traballador/a con salario subvencionado, para a cesión á Deputación da Coruña dos datos persoais relacionados co seu contrato de traballo.

e. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

f. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

g. Declaración de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para mesma finalidade, asinada polas persoas que exerzan a responsabilidade de tesouraría e a representación legal da entidade.

h. Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fixera das actividades subvencionadas.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2021

2. Unha vez rematadas as actividades, a FAEPAC deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á FAEPAC para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á FAEPAC da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación,

lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola FAEPAC na documentación presentada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a FAEPAC terá dereito ao aboamento dos xuros de demora, ao tipo de interese legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

1. A FAEPAC deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A FAEPAC destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuizo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a FAEPAC deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a FAEPAC poderá ser escolleito pola Intervención

provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a FAEPAC queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conlevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o incumplimiento también poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou na presentación da xustificación estarase ao disposto na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias.

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á FAEPAC será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de agosto de 2022 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2021.

2. Para o caso de que a FAEPAC non poda presentar a xustificación antes do 31 de agosto de 2022, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial de xustificación, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro de 2022. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas aas dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención Provincial da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo de data _____ de _____

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O REPRESENTANTE DA DEPUTACIÓN,

O REPRESENTANTE DA FUNDACIÓN AXENCIA ENERXÉTICA PROVINCIAL DA CORUÑA,

D. ……."

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓNS

Sr. Presidente

Pasamos a actuacións de control, mocións. A primeira presentada polo Grupo Provincial Marea Atlántica sobre sucursais bancarias no rural.

1.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre sucursais bancarias no rural

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Este mes de setembro están facéndose efectivos o peche de varias sucursais bancarias de Abanca na Provincia da Coruña en concellos como os de Zas, Fene, Cerdido, A Baña ou Vimianzo. Lonxe de ser un feito puntual, o peche destas sucursais segue un plan de desmantelamento bancario polo que Galiza perdeu xa máis da metade das súas oficinas bancarias dende 2008, contando na provincia da Coruña con ata 10 concellos sen ningunha sucursal bancaria a día de hoxe. Este peche de oficinas impide o dereito ao acceso á información sobre os produtos bancarios e dificulta enormemente a vida dunha poboación especialmente envellecida, para a que as sucursais bancarias son insubstituíbles pola banca electrónica ou os caixeiros debido principalmente á falta de competencias dixitais.

Esta situación, derivada dunha clara e errónea reconversión do sector financeiro, é especialmente inxusta e alarmante polo historial da principal causante destes peches, a Corporación Bancaria Abanca S.A. Abanca é a resultante da venda a prezo de saldo das caixas de aforro previamente rescatadas con diñeiro público, un proceso opaco e no que as institucións públicas investiron millóns de euros para o rescate de entidades que logo acabaron a mans estranxeiras sen recuperar o pagado no proceso de rescate e fusión e sen compromiso nin control ningún a posteriori sobre Abanca.

Por se fora pouco, Abanca gañou este verán o concurso da Xunta para instalar caixeiros no rural, subvención pola que recibirá ata 2,8 millóns de euros da Xunta de Galicia ata 2025 a razón de 16.000 euros ao ano por cada caixeiro, podendo incluso a entidade recibir novas axudas pola instalación dos caixeiros naqueles mesmos concellos onde está pechando sucursais. A práctica usureira pola que se pechan sucursais bancarias cunha importancia estratéxica no rural e á vez se reciben millóns

de euros para a súa substitución por caixeiros está obtendo contestación da veciñanza dos concellos mencionados e de alcaldes e alcaldesas de todas as forzas políticas. Abanca gañou neste primeiro trimestre de 2021 137,4 millóns de euros, un 8,2% máis que no 2020, mentres afonda nesta desertización bancaria da nosa provincia, cunhas enormes consecuencias para a calidade de vida e polo tanto para a fixación de poboación no rural.

Polo anteriormente exposto, o pleno da Deputación Provincial da Coruña, adopta os seguintes acordos:

1. Manifesta o apoio ás reclamacións sobre o peche de sucursais bancarias de toda a veciñanza dos pobos, concellos e comarcas afectadas da Provincia da Coruña.
2. Insta á Xunta de Galiza a que estude deixar sen efecto a convocatoria de axudas para abrir caixeiros da que se beneficiará Abanca a costa da desertización bancaria rural.
3. Da traslado do seguinte acordo aos Concellos de Zas, Fene, Cerdido, A Baña ou Vimianzo, así como á Xunta de Galiza, ao Parlamento de Galiza e á entidade bancaria Abanca S.A.

Sr. Lema Suárez

Bo día. Grazas, presidente.

En primeiro lugar darlle a benvida á deputada do Grupo Parlamentario do Partido Popular que hoxe tomou posesión.

Ben, esta moción fai referencia a un fenómeno creo de todos coñecido, que é o peche de oficinas bancarias en concellos do noso rural, do rural galego e tamén, por suposto, no rural da Coruña. Os efectos destes peches veñen incidir tamén nunha situación de perda de calidade de acceso a servizos da xente que vive nestes concellos do rural.

Estase empregando o termo de xeito xusto de exclusión financeira. Hai que dicir que cando se argumenta que estes servizos que se perden de xeito físico se compensan co crecemento dos servizos da banca *online*, que eses servizos non son accesibles para moitas persoas por distintas razóns. A fenda dixital non é unicamente unha fenda xeracional, que tamén é unha fenda cultural e por tanto tamén unha fenda de clase, hai moitas persoas que non saben ou non poden manexar este outro tipo de servizos que son de substitución e que, basicamente, tamén obedecen simplemente a unha procura de rendibilidade do sector financeiro nun proceso que vén padecendo desde hai moito tempo polo cal non deixan de amortizarse postos de traballo e tamén custos fixos, como supón o mantemento de oficinas.

E ante esta dinámica que amosa, desde o noso punto de vista, que non se pode deixar a actividade económica unicamente en mans do sector privado, o que vemos é que hai unha acción da administración que non atinxe ao cerne do problema, que debería ser a creación dun servizo bancario público que ofreza estes mesmos servizos a aquelas zonas que a banca privada entende que deixou de ser rendible a súa explotación.

No caso galego, ademais, vemos como o que restaba da nosa banca pública, que eran as caixas de aforros, pois sufriron un proceso, como sabemos, de fusión e posterior venda que deu lugar, que estaba tamén no cerne desta cuestión que estamos hoxe denunciando aquí, que é o peche de oficinas bancarias naqueles concellos en que está a banca privada, que agora Abanca, decide que non é rendible a súa explotación.

E nós pensamos que ante esta situación, insistimos, a solución global debera ser a prestación directa de servizos financeiros a través dun banco público ou, en caso contrario, articular outro tipo de solucións que non pasen por entregarlle máis fondos públicos a un banco privado como Abanca, que xa no seu día recibiu fondos públicos dabondo que nunca foron reintegrados e que ademais vén acumulando, e así o presentamos noutras mocións que foron aprobadas tamén neste Pleno, vén acumulando unha serie de actuacións abusivas, de cobros de comisións absolutamente abusivas que pensamos que, desde logo, non a converten na mellor candidata a un programa como este da Xunta de Galicia ao que se fai referencia nesta moción, para que reactive os servizos prestados naqueles concellos nos que acaba de pechar as súas oficinas. Nós desde logo non pensamos que sexa Abanca merecente desta subvención, que non deixa de ser unha subvención, que compense a súa política privada de amortización de custos e de amortización tamén, por tanto, de postos de traballo.

Por todo isto presentamos a este Pleno a aprobación dos seguintes acordos:

1. O Pleno da Corporación manifesta o apoio ás reclamacións sobre o peche de sucursais bancarias de toda a veciñanza dos pobos, concellos e comarcas afectados da provincia da Coruña.

2. O Pleno insta a Xunta de Galicia a que estude deixar sen efecto a convocatoria de axudas para abrir caixeiros da que se beneficiará Abanca á custa da desertización bancaria rural.

Por último, número 3. Dar traslado do seguinte acordo aos concellos de Zas, Fene, Cerdido, A Baña, Vimianzo, así como á Xunta de Galicia, ao Parlamento de Galicia e á entidade bancaria Abanca, S.A.

Nada máis e moitas grazas.

Sra. Muíño Filgueira

Bo día a todas e a todos. Reitero a benvida á nova compañeira á Corporación.

E, en relación a moción que presenta o Grupo da Marea, anticipar que o noso voto vai ser favorable e que se sustenta en diferentes cuestións.

A primeira de todas é que penso que coincidimos todos os grupos en que os servizos financeiros son, a día de hoxe, unha cuestión esencial para a cidadanía pola que pasan numerosas xestións e, polo tanto, un servizo do que requirimos para solucionar a nosa vida. Que o acceso a servizos bancarios que presten unha atención directa e persoal á cidadanía redunda noutra cuestión que é a autonomía e control

sobre a nosa vida financeira. Que o actual modelo de concentración bancaria que redunda en peche de oficinas, hai que dicir tamén que, polo tanto, en perda de postos de traballo, que ademais introduce unha redución nos horarios para acceso público, o que fai é restar oportunidades a un sector moi numeroso da cidadanía galega, o da poboación maior, e a nosa realidade é a que é, que realmente o feito do peche de oficinas, de deixarlles como única alternativa a banca electrónica, ou tamén os caixeiros automáticos como solución, o que fai é que estas persoas acaben dependendo doutras persoas para xestionar e tomar decisións sobre o seu diñeiro.

Polo tanto, coincidimos en que resulta sorprendente que unha banca que non deixa de acumular ganancias millonarias, a solución que lle deamos á cidadanía sexa a de financiar con diñeiro público, que é de todos, caixeiros para que continúen operando alá onde deciden deixar a poboación sen este servizo.

Coincidimos, efectivamente, en que si hai que tomar medidas para garantir que os bancos sigan prestando este servizo presencial de proximidade e de calidade, e que, en todo caso, cando as administracións públicas, co diñeiro de todos, temos que intervir para os servizos financeiros, dende logo ten que ser para que este recurso sexa un recurso público de todos e de todas.

Sr. Fernández Piñeiro

Bo día a todos e a todas e benvida de novo, Teresa. Alegrámonos de verte por aquí.

En primeiro lugar, nós compartimos o fondo da moción, penso que é compartido por todos os grupos que conformamos esta Corporación e proba diso é que hai tres mocións sobre a mesma temática. Polo tanto, é unha cuestión que, como digo, nos preocupa e que está de rigorosa actualidade polas consecuencias que ten sobre todo para eses concellos do rural que están a quedar sen este servizo e para os seus veciños loxicamente.

Nós desta moción compartimos o punto 1 e o punto 3 e, non é que non compartamos o punto 2, senón que entendemos que ten que haber matices sobre o mesmo. Podemos entender que se diga que non é xusto que unha administración pública teña que financiar ou cofinanciar caixeiros automáticos, e en circunstancias normais penso que todos poderiamos subscribilo así, pero tamén temos que entender cal é a situación na que estamos, unha situación na que unhas empresas, que son entidades bancarias, deciden o peche das súas oficinas e, en moitos casos, tamén dos seus caixeiros, deixando sen servizo unha parte importante da poboación que reside en concellos sobre todo do rural, e por tanto hai que adoptar algún tipo de medida de carácter urxente.

Podemos establecer, e así penso que vai na liña algunha das mocións, solicitudes, ou mellor dito remitir, non establecer, ao Goberno do Estado ou á Xunta de Galicia para que haxa modificacións lexislativas que poidan garantir que eses servizos se sigan a prestar neses concellos, pero todos e todas sabemos que esas modificacións de carácter legal non son dun día para outro, que vai levar un tempo xestionalas.

Polo tanto, entendemos que neste momento no que hai xa o problema sobre a mesa, no que xa están pechadas as oficinas e hai unha falta de servizo neses concellos, hai que adoptar medidas de emerxencia para poder garantilo. De aí que poidamos, se ben non compartir no fondo esa medida da Xunta de Galicia, porque ten que ir acompañada doutras, e tivo que estar no pasado acompañada doutras ás que despois farei mención, pero si que entendemos que neste momento non queda outra opción de facelo para, polo menos, garantir o servizo de forma inmediata, outra cousa é que se poida seguir avanzando, como digo, en modificacións de carácter normativo que poidan garantir eses servizos. De aí que nós solicitariamos que se poida votar por puntos esta moción, se así o acepta o grupo propoñente, estariamos a favor de votar o punto 1 e o punto 3; se non é así, nós ímonos abster porque repito que compartimos cal é o fondo da moción, a preocupación de todos os grupos que aquí estamos, pero non esa cuestión en concreto.

Por poñer un exemplo, e teño aquí ao alcalde ao meu carón, que o comentabamos antes de entrar, en Dumbría, Abanca tiña unha oficina bancaria que era da súa propiedade, é dicir, non era alugada e polo tanto non lle xeraba ningún custo a ese respecto, máis alá do que poida ter de persoal e estrutura. Pechou a oficina e pechou o caixeiro. Agora mesmo non temos ningún mecanismo legal que obrigue a manter ese servizo. E o Concello de Dumbría loxicamente solicitou que se instale ese caixeiro, porque o primeiro que ten que pensar é en prestar servizo aos seus veciños e que non queden desabastecidos. Polo tanto, é entendible que outros moitos concellos sigan na mesma liña namentres, como dixen antes, non haxa unha solución que garanta ese servizo.

Polo tanto, repito, nós, compartindo que poida haber certas dúbidas a ese respecto, ou que non se poida estar desde un punto de vista máis purista a favor dela, que nós en circunstancias normais repito que poderiamos ter a mesma opinión, entendemos que nesta circunstancia, como medida urxente, debería facerse así.

Iso non quere dicir que haxa outras moitas cuestións que se tiñan que ter abordado polas distintas administracións que teñen competencia nesta materia ao longo destes últimos anos, porque o peche de oficinas bancarias non é unha cuestión que acaba de chegar agora, nin a reestruturación do sector bancario é unha cuestión que acaba de chegar agora. Xa desde a desaparición das caixas de aforros, que pasaron, se mal non recordo, entre o ano 2005 e 2007 de 300 a 45, xa ía adiantar un pouco o que estaban facendo outras entidades bancarias, como o Santander ou algunha outra, que empezaron antes con este tipo de axustes. A bancarización das caixas de aforros que se levou a cabo nos anos 90 ao final acabou cun modelo de banca moito máis apegado ao país e que loxicamente non tiña a busca de beneficios porque eran entidades sen ánimo de lucro e, polo tanto, podían asumir os custos derivados de manter determinadas estruturas en distintos concellos e que agora non é así. E iso foi culpa de moitas, distintas, administracións e daqueles que permitiron esa bancarización desgraciadamente. Pero é unha situación na que estamos e que loxicamente, como digo, vén de moi atrás e polo tanto teriamos que ter adoptado nas distintas administracións nas que hai responsabilidades de goberno, neste caso tamén a Xunta de Galicia, medidas para ir paliando esta situación, algo que non se fixo e agora temos que ir un pouco a salto de mata buscando unha solución intermedia e urxente que poida, polo menos, garantir ese servizo. Non é o desexable, o desexable é que, tendo en conta que este escenario xa vén de moi atrás e era

previsible que ía suceder, que tiveran outro tipo de medidas e que se tiveran posto xa sobre a mesa algunhas propostas de modificación, como dicía antes, do regulamento e do marco normativo a este respecto que non se fixeron.

Polo tanto, e aquí si que me refiro neste caso ao Partido Popular e o Goberno da Xunta, está moi ben confrontar co Goberno do Estado e responsabilizalo cando non goberna o Partido Popular de todo aquilo que pasa, pero tamén é certo que hai que facer esa oposición tamén dunha forma un pouco construtiva, tendo en conta que hai problemas que hai que abordar e que se podían ter previsto ou polo menos posto sobre a mesa solucións aos mesmos ao longo destes anos, algo que desgraciadamente non se viu e non se fixo e agora estamos na situación na que estamos. Polo tanto, esa é a opinión de noso grupo con esa proposta que trasladamos ao grupo propoñente da moción. Moitas grazas.

Sr. Rodríguez Martínez

Bo día. Parecería que quizais o máis acaído sería facer un debate conxunto das tres mocións e logo votalas por separado, pero parece ser que non vai ser así e, entón, vou ser moi breve porque a nosa posición sobre a moción que presenta a Marea Atlántica é coincidente coa que acaba de expoñer o voceiro do Grupo Socialista.

A situación que a día de hoxe está a atravesar este entorno rural respecto da prestación duns servizos básicos de carácter financeiro é a que é, a súa orixe está onde está, está en varias causas, non só evidentemente nalgunha delas; aquí evidentemente hai un proceso importante, que foi o da reordenación bancaria, pero que non hai que esquecer que como consecuencia dunha previa crise financeira histórica, un proceso posterior de concentración de entidades, que tamén afectou a outros sectores, como puido ser con antelación o dos seguros, un proceso de dixitalización deste tipo de servizos, máis no noso caso unha crise demográfica que tamén ten unha incidencia importante e por suposto tamén a pandemia que vimos de atravesar.

Logo, se cadra, deterémonos máis sobre a análise de que nesta multitude de causas parece que se intenta dar un maior peso ou unha maior proporción a unha delas sobre outras, pero o certo é que a situación é a día de hoxe a que é.

Coincidimos totalmente no espírito desta moción, penso que hai unha sintonía evidente no problema que se está a padecer fóra do entorno urbano e na nosa comunidade, con non ser con todo a comunidade, digamos, máis afectada nin en número de oficinas nin tampouco en número de poboación, que a día de hoxe vive nun municipio no que non teña ningún tipo de oficina bancaria pero, aínda así, evidentemente hai que afrontalo e hai que adoptar unha serie de situacións.

E nese sentido, evidentemente, hai un marco lexislativo xeral que está a demandar a Xunta de Galicia para que efectivamente se regularice un sistema de servizos básicos nesas contornas, nesa España baleirada da que se fala tanto e da que, á parte de falar, tamén temos todas as administracións que actuar. E por outro lado, en tanto esa situación ou ese marco, cunha serie de medidas que logo teremos ocasión tamén de falar no debate das posteriores mocións, pois evidentemente hai

que actuar. E polo tanto aquí si que ás veces despístanos un pouco, porque ás veces se crítica a Xunta por non facer e cando fai tamén se crítica, e nese caso a Xunta o que está a facer é actuar sobre un problema que xa se está a dar, cunha actuación que, evidentemente, non vai favorecer o que é a situación idónea que a todos nos gustaría, pero que si vai paliar esa situación que xa se está a dar de ausencia total e que, polo tanto, a través dese convenio que ten asinado coa Fegamp e ao que se están a adherir concellos, entre eles algúns desa decena de concellos da nosa provincia que a día de hoxe xa non contan con ese tipo de servizo, estase a instalar en dependencias municipais eses caixeiros, dando unha atención persoal e dando tamén unha formación para que estas persoas que nese salto dixital ante este escenario poida ser máis transitorio.

Pero, coincidindo en todo iso, non coincidimos, polo tanto, porque se está a actuar e estase a actuar para evitar que ese problema ata que haxa unha solución de ámbito nacional poida terse solucionado, non coincidimos co punto 2 da moción, é dicir, non temos ningún problema, e se se accede, tal e como propuxo o señor Fernández, a votar por puntos anticipamos que o noso voto será favorable aos puntos 1 e 3, non así ao punto 2, porque, aínda que non temos nada en contra de que a Xunta estude retirar as liñas de axuda para que as entidades financeiras, neste caso foi Abanca pero é un concurso aberto, calquera outra entidade podía ter accedido a esas axudas para manter eses servizos, non temos nada en contra de que se estude, pero non coincide coa filosofía, pensamos, que hai que ter, que é a de atender esta situación conxuntural en tanto non se aborde de xeito estrutural.

E, polo tanto, ese punto segundo si que é no que non coincidimos, a pesar de que a formulación pensamos que está clara e pensamos que é unánime por parte de todos os grupos que tomamos a palabra.

Polo de agora máis nada e moitas grazas.

Sr. Lema Suárez

Ben, eu non quero abusar da paciencia nin do tempo de quen nos escoita. Creo que sabemos todos que os procesos económicos non son procesos naturais, que obedecen a distintas lóxicas. O proceso de dixitalización está claro que tamén agocha unha vontade dos grandes oligopolios financeiros de excluír parte da súa competencia, que non pode acceder a este tipo de evolucións tecnolóxicas, e tamén está claro que o proceso de bancarización ten unha historia e que está determinada por determinadas decisións políticas.

Nós tiñamos unha banca pública que tiña esa forma, que era a de caixa de aforros, e que basicamente era depositaria, entre outras cousas, das remesas de décadas da inmigración no exterior de milleiros de emigrantes galegos, peza clave, por certo, na recuperación económica do Estado español nos anos 60 e nos anos 70, nun país coa taxa de morosidade máis baixa do Estado. Como é posible, entón, que esas entidades nas que se depositaron os aforros de décadas de traballo da emigración galega nun país coa taxa de morosidade máis baixa do Estado foran absolutamente, finalmente á bancarrota?, nunca mellor dito. Pois porque houbo decisións políticas que lles permitiron operar fóra deste país, decisións políticas, decisións políticas e que fixeron das caixas de aforros, primeiro semibancos, podían

operar fóra de aquí; despois avanzouse nese proceso de digamos, desnaturalización destas caixas de aforros permitíndolles xa xerar lucros e ir case, case a unha homologación cun servizo bancario usual normal e calquera. Polo tanto, os procesos económicos nunca son procesos naturais, senón que están condicionados tamén por decisións políticas que están finalmente detrás. E, sen dúbida, non podemos obviar esta cuestión e este contexto no que está sucedendo. Por que non podemos retirar o punto 2 da moción? Porque o punto 2 é o único que importa da moción; é dicir, podemos penalizar a Abanca por retirar os seus servizos daqueles concellos nos que o están facendo, ou podemos premiala. Esta subvención da Xunta premia Abanca, compénsaa mediante unha compensación por retirar os servizos que presta naqueles concellos en que considera que non lle son rendibles. Polo tanto, non deixa de ser case, case, unha acción de coordinación. Eu deixo de prestar os meus servizos a non ser que ti me compenses.

Eu a verdade é que a práctica da política me volveu desconfiado, pero ao mellor podo pensar que existe incluso unha especie de coordinación. Eu pecho os meus servizos e curiosamente a administración chega, salvadora, e compénsame ese déficit das miñas contas mediante unha subvención. Caramba! Pois non está mal, ou sexa, pasamos do que debera ser unha penalización a unha antiga caixa de aforros que deixa de prestar servizos a unha compensación. Polo tanto, desde logo, para nada compartimos esta forma de operar.

E as razóns de urxencia que se invocan, aínda que sexa apenas en termos de mercado marxinal, residual, existen outras fórmulas, aínda existen pequenos residuos de banca pública no noso país. Non vou facer aquí promoción comercial de ningunha delas, pero poderíase optar por, por exemplo, por restrinxir, por favorecer que fosen outras fórmulas, que non fose unha banca privada, insisto, que é a mesma que acaba de retirar, de pechar as súas oficinas, a que volva a abrilas mediante cofinanciamento público, senón que poderiamos optar por, por exemplo, favorecer que sexan pequenas entidades financeiras de carácter público as que levasen a cabo este tipo de medidas.

Se non, insistimos, o que estamos é premiando os mesmos que acaban de pechar oficinas, premiando os que acaban de crear este problema. E a futuro mandando unha mensaxe que é que, cando o sector privado ameaza con deixar de prestar certos servizos, pois aparece papá Estado para cubrir as perdas e o diferencial de rendibilidade, que creo que desde logo non estamos aquí para iso. Polo tanto, non podemos retirar ese punto da orde do día nin acceder á votación por separado.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

Moi brevemente, simplemente aínda que os argumentos van ser os mesmos, só dicir unha cousa: é verdade que non se pode premiar, pero tampouco se pode condenar os veciños desas vilas que van quedar sen servizo. Entón a cuestión é, Sr. Lema, paréceme ben que propoñamos que iso non se faga, pero que propoñemos a cambio? Non, pero que propoñemos a cambio que sexa para xa? Non falemos dunha modificación normativa. Non nos enganemos a nós mesmos nin a xente que nos escoita, porque todos sabemos que unha modificación lexislativa non vai ser para xa.

Polo tanto, agora mesmo que non hai servizo, que facemos? E eu poño un exemplo do meu concello: cando eu cheguei á alcaldía, unha entidade bancaria cobrábanos naquel momento comisións case por todo, que agora xa o cobran todas, pero naquel momento era esa soa. Naquel intre tiñamos medio millón de euros nesa entidade bancaria e dixémoslle que, se seguían cobrando neses prezos, que iamos retirar os cartos. Retiramos os cartos, non fixeron absolutamente nada. Entón, agora mesmo co interese negativo con que está o diñeiro ás entidades bancarias impórtalles moi pouco que lles quites os cartos, porque o estamos vendo. Estanos cobrando por telos alí, entón esa medida agora mesmo xa non funciona. Podes dicir: ben, pois voulle retirar, o que falabamos o outro día na Comisión, voulle retirar o ingreso do ICIO por exemplo aí, que iso lles dá información aos bancos. Xa pero se xa pecha a oficina, impórtalle pouco. Ese é o problema, por iso hai que facer, entendendo o que dis e compartindo o fondo da túa argumentación sobre que o Estado non pode estar para prestar un servizo que ten que prestar a banca, pero entendemos que iso hai que facelo cunha reforma legal moito máis ampla que non vai ser para xa, de aí que non compartamos o segundo punto. Todo o demais da moción, tanto o espírito como o fondo, como o punto 1 e o punto 3 compartímolos; pero neste caso, a menos que alguén presente unha alternativa para que se poida prestar o servizo xa dende hoxe, non hai maneira, entendemos que non hai outra fórmula para facelo.

Nada máis, en todo caso se queredes votamos porque hai outras dúas mocións na mesma liña e seguiremos debatendo sobre o mesmo.

VOTACIÓN

Votan a favor: 6 deputados/as (4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: 24 deputados/as (13 do PP e 11 do PSOE).

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do BNG, Marea Atlántica e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP e o PSOE, aproba a seguinte moción:

"Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre sucursais bancarias no rural

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Este mes de setembro están facéndose efectivos o peche de varias sucursais bancarias de Abanca na Provincia da Coruña en concellos como os de Zas, Fene, Cerdido, A Baña ou Vimianzo. Lonxe de ser un feito puntual, o peche destas sucursais segue un plan de desmantelamento bancario polo que Galiza perdeu xa máis da metade das súas oficinas bancarias dende 2008, contando na provincia da Coruña con ata 10 concellos sen ningunha sucursal bancaria a día de hoxe. Este peche de oficinas impide o dereito ao acceso á información sobre os produtos bancarios e dificulta enormemente a vida dunha poboación especialmente envellecida, para a que as sucursais bancarias son insubstituíbles pola banca electrónica ou os caixeiros debido principalmente á falta de competencias dixitais.

Esta situación, derivada dunha clara e errónea reconversión do sector financeiro, é especialmente inxusta e alarmante polo historial da principal causante

destes peches, a Corporación Bancaria Abanca S.A. Abanca é a resultante da venda a prezo de saldo das caixas de aforro previamente rescatadas con diñeiro público, un proceso opaco e no que as institucións públicas investiron millóns de euros para o rescate de entidades que logo acabaron a mans estranxeiras sen recuperar o pagado no proceso de rescate e fusión e sen compromiso nin control ningún a posteriori sobre Abanca.

Por se fora pouco, Abanca gañou este verán o concurso da Xunta para instalar caixeiros no rural, subvención pola que recibirá ata 2,8 millóns de euros da Xunta de Galicia ata 2025 a razón de 16.000 euros ao ano por cada caixeiro, podendo incluso a entidade recibir novas axudas pola instalación dos caixeiros naqueles mesmos concellos onde está pechando sucursais. A práctica usureira pola que se pechan sucursais bancarias cunha importancia estratéxica no rural e á vez se reciben millóns de euros para a súa substitución por caixeiros está obtendo contestación da veciñanza dos concellos mencionados e de alcaldes e alcaldesas de todas as forzas políticas. Abanca gañou neste primeiro trimestre de 2021 137,4 millóns de euros, un 8,2% máis que no 2020, mentres afonda nesta desertización bancaria da nosa provincia, cunhas enormes consecuencias para a calidade de vida e polo tanto para a fixación de poboación no rural.

Polo anteriormente exposto, o pleno da Deputación Provincial da Coruña, adopta os seguintes acordos:

4. Manifesta o apoio ás reclamacións sobre o peche de sucursais bancarias de toda a veciñanza dos pobos, concellos e comarcas afectadas da Provincia da Coruña.
5. Insta á Xunta de Galiza a que estude deixar sen efecto a convocatoria de axudas para abrir caixeiros da que se beneficiará Abanca a costa da desertización bancaria rural.
6. Da traslado do seguinte acordo aos Concellos de Zas, Fene, Cerdido, A Baña ou Vimianzo, así como á Xunta de Galiza, ao Parlamento de Galiza e á entidade bancaria Abanca S.A."

Sr. Presidente

As dúas seguintes mocións, e a proposta do Grupo Popular, debateranse conxuntamente porque teñen a mesma finalidade.

Hai unha moción presentada neste sentido, a primeira, polo Grupo Provincial Popular en apoio do acceso da poboación aos servizos financeiros.

2.Moción que presenta o Grupo Provincial Popular en apoio ao acceso á poboación aos servizos financeiros

Nos últimos anos con especial intensidade desde a crise financeira de 2008- tivo lugar en España un dos maiores procesos de concentración bancaria de Europa. A pesar de que este proceso permitiu reforzar a solvencia das entidades e recuperar a confianza e a estabilidade do sistema financeiro, tamén trouxo consecuencias negativas, como unha importante diminución do persoal e o peche de oficinas bancarias, o que está a

dificultar a accesibilidade aos servizos financeiros por parte da poboación, particularmente no ámbito rural.

Así mesmo, as entidades financeiras están priorizando o uso das novas tecnoloxías para a realización da maioría dos trámites bancarios. Aínda que a banca electrónica aporta vantaxes de inmediatez e accesibilidade, unha implantación precipitada dificulta o acceso a servizos financieros básicos naqueles lugares onde a dixitalización aínda non se desenvolveu na súa plenitude ou naquelas persoas que teñen un menor desempeño nas novas tecnoloxías, con especial incidencia na poboación envellecida e que vive soa.

Todas as administracións públicas, en colaboración coas entidades financeiras que operan en Galicia, debemos garantir que toda a poboación galega, con independencia do seu lugar de residencia e da súa idade, teña acceso aos servizos bancarios e financeiros, prestando especial atención ao ámbito rural e a poboación envellecida.

De feito, xa existen fórmulas útiles neste ámbito, como a iniciativa promovida recentemente pola Xunta de Galicia, en colaboración coa Fegamp, que permitirá a moitas localidades que carecen de oficina dispoñer dun caixeiro no seu municipio, e así mesmo que os veciños poidan contar con servizos de asistencia financeira e de formación.

Ademais a través dos organismos autonómicos de Consumo tamén se traballa na defensa dos usuarios de banca, mediante a organización de campañas informativas e prestación de asesoramento en materia de servizos financeiros.

Dende o noso grupo valoramos estas medidas, pero consideramos que debe existir unha coordinación e unha planificación a nivel estatal para que realmente sexan eficaces, tal e como se aprobou por amplísima maioría no Senado de España. Non estamos ante un problema exclusivamente galego, senón que se da no conxunto de España, e no que todas as administracións debemos implicarnos.

De feito, a Xunta de Galicia enviou o pasado 7 de setembro unha carta ao Executivo central, solicitando a elaboración dun estudo sobre a situación do mercado financeiro en España desde o punto de vista da concentración bancaria, a competencia, e o acceso aos servizos financeiros; así como a implantación dun marco normativo común que regule a prestación universal dos servizos financeiros básicos de xeito que se garanta a súa prestación a todos os cidadáns, con calidade e cun prezo accesible

Ante esa situación e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Provincial Popular insta o Pleno da Deputación da Coruña, a adoptar a seguinte,
PROPOSTA DE ACORDOS:

1º- A Deputación Provincial da Coruña, insta ao Goberno de España, en coordinación coas administracións autonómicas e locais, a posta en marcha dun plan estatal contra a exclusión financeira, con medidas que garantan o acceso de toda a poboación aos servizos financeiros, con especial atención a xente maior. Entre estas medidas estaría a de impulsar unha normativa que regule a atención personalizada para a realización de servizos financeiros básicos ou esenciais e a un prezo asequible.

2º.- A Deputación Provincial da Coruña, insta á Xunta de Galicia, en tanto en canto non estea aprobada unha estratexia estatal de loita contra a exclusión financeira, a continuar impulsando, xunto coas administracións locais galegas e en colaboración coas entidades financeiras que operan en Galicia, medidas que faciliten o acceso da poboación aos servizos financeiros, tales como a instalación de caixeiros multientidades e programas de formación en banca electrónica.

3º A Deputación Provincial da Coruña ,comprométese a ceder espazos municipais para facilitar, en colaboración coas entidades financeiras, a prestación de servizos financeiros, a través da instalación de caixeiros, promovendo a atención presencial dos veciños e colaborando en programas de formación financeira e banca electrónica.

3. Moción que presenta o grupo provincial do PSdeG-PSOE contra o risco de exclusión financeira da poboación rural da provincia

EXPOSIÓN DE MOTIVOS

A pandemia, os procesos de concentración das entidades, a fallida reordenación do sistema financeiro en Galicia e o camiño emprendido cara á dixitalización, está contribuíndo a un proceso inexorable de reestruturación e transformación da banca. En consecuencia, estamos diante dun proceso continuo de peche de oficinas, de mingua na prestación de servizos financeiros, de expulsión da presencia física dos clientes nas entidades, da imposición de modelos de banca dixital a persoas clientes que carecen da suficiente formación ou mesmamente da imposibilidade de que moitos se vexan privados do acceso ó efectivo. Unha tendencia que seguirá no ano 2021 e que de seguro se prolongará nos próximos anos.

Dende o ano 2008 o número de oficinas bancarias non deixou de minguar. Segundo datos do Banco de España, en Galicia lévanse pechado nos últimos 12 anos máis da metade da súa rede de oficinas, pasando de 2.539 do ano 2008 a 1.231, a finais de 2020.

Na actualidade existen 43 municipios sen entidades bancarias, e noutros 114 hai só unha sucursal, limitando o dereito da poboación a optar pola entidade bancaria que máis lles convenza.

Na provincia da Coruña, entre os anos 2008 e 2017, as oficinas pasaron a ser de 951 a 631, é dicir, 320 oficinas menos, o que representa un 34% menos. E temos xa máis de 10 municipios sen ningunha entidade bancaria, según datos proporcionados polo Banco de España.

Aínda que o proceso de peche de oficinas afecta ao conxunto das entidades financeiras en Galicia, resulta certamente rechamante o caso de Abanca, por ser esta entidade a de maior presenza no país tanto por número de clientes como por volume de negocio e conta de resultados. Unha entidade que, como é público e notorio, é o resultado final do proceso de fusión e posterior extinción das caixas de aforros. Caixas que capilarizaban o territorio con presenza en todos os concellos de Galicia dando cobertura de servizos financeiros á inmensa maioría da poboación.

Fai meses que a entidade Abanca ven avisando de peches de oficinas bancarias en

territorios rurais da provincia da Coruña; municipios onde abunda poboación de idade avanzada que carece das competencias dixitais necesarias para operar dende os portais de banca electrónica.

Estas oficinas bancarias son un servizo imprescindible e, en moitas ocasións, o único recurso co que contan estes grupos de poboación para xestionar as contas das que son titulares. Esta cadea de peches afecta xa aos concellos coruñeses de A Baña, Vimianzo, Zas, Cerdido, Fene.

A isto súmase a recente noticia relativa á pretensión do Banco Sabadell de plantexar un ERE que conlevaría o peche da metade das súas oficinas na nosa provincia.

Estas decisións unilaterais de entidades bancarias están a crear unha verdadeira alarma social, e a Deputación Provincial da Coruña non é allea a este fenómeno de "desertización bancaria" que a veciñanza contempla con indignación e impotencia.

Polo exposto, O Grupo Provincial Socialista solicita ó Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:
1. Instar á Xunta de Galicia a adoptar as medidas precisas no marco das súas competencias, dirixidas a evitar o peche de oficinas bancarias e a manter unha atención bancaria digna, entendida como un servizo esencial en todo o territorio rural da provincia da Coruña.

2. Instar á Xunta de Galicia a elaborar dentro do seu abano de competencias exclusivas no ámbito do Consumo, a través do Instituto Galego de Consumo e da Competencias, unha Carta de Servizos Básicos que garanta o dereito de todos os galegos e galegas en canto consumidores e consumidoras a non ser excluídos na prestación de servizos básicos de carácter financeiro.

3. Instar á Xunta de Galicia a dirixirse á entidade Abanca para que, por esta entidade, nun proceso de responsabilidade social, se proceda á paralización inmediata do peche de oficinas bancarias que se ten anunciado nos últimos meses, especialmente, nos concellos nos que esta entidade é a única oficina bancaria, así como á reapertura das oficinas pechadas no ano 2021, nos concellos en que está entidade era a única con oficina bancaria.

4. Esixir á entidade Abanca a que asuma o compromiso de non abandonar ningún municipio no que non coexistan outras entidades bancarias, como xa fixo a entidade bancaria Caixabank coa Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia.

5. Instar ao Goberno do Estado para que promova un marco normativo que garanta o dereito de toda a cidadanía a non ser excluída no ámbito financeiro no seu ámbito territorial.

Sr. Rodríguez Martínez

Ben, por intentar non reincidir, coincidindo neste caso ademais substancialmente coa moción que presenta o Grupo Socialista, á que imos prestar o noso apoio, a verdade é que o que diferenza as dúas mocións é basicamente o

acento sobre o escenario futuro; é dicir, sobre onde temos que afondar para ter unha solución, non como a actual, que é unha solución evidentemente de carácter urxente e de carácter transitorio, senón para poder garantir, sobre todo de cara ao futuro desa non só da Galicia rural, senón tamén desa España rural, porque, insisto, non é un problema exclusivamente da nosa comunidade e, polo tanto, anticipamos o noso apoio a esa moción.

Evidentemente, tal e como ten exposto o señor Lema na anterior moción, é evidente que este é un problema que todos advertimos e que a todos nos preocupa e que todos pensamos que hai que poñer unha solución. Como xa dixen antes, é un problema que ten unha orixe, que ademais expuxo tamén Alberto de forma moi académica, moito tempo atrás, pero que si que efectivamente se foi acelerando na última década como consecuencia dunha serie de causas, algunhas delas de ámbito incluso mundial e outras máis específicas que tamén nos afectan a nós, como pode ser, dentro dese grupo que antes mencionei, a concreta da crise demográfica. Penso que, evidentemente, dez anos despois da reordenación bancaria, como se adoita dicir, a touro pasado, todos somos Manolete. Pero evidentemente si que, sen facer aquí unha defensa do que foron aquelas decisións, do que foi aquel rescate, tamén é certo que ás veces escoitamos falar dese momento como se fora un capricho, como se o goberno de quenda se levantara unha mañá e decidira abordar esa decisión, que foi unha decisión difícil e traumática, pero si é certo que foi unha decisión que houbo que tomar, sobre todo para garantir o estado de benestar e evitar un corralito e evitar que aquí en Galicia, e en España se puideran ter dado imaxes como as que viamos de xubilados gregos ou xubilados portugueses que non era que non puidesen acceder a un caixeiro, é que non podían acceder a metálico. E, polo tanto, foi unha decisión grave, unha decisión que a todos nos gustaría non ter que ter tomado, pero foi unha decisión que evidentemente logo tivo esa finalidade cunha repercusión tamén evidentemente que xa está a día de hoxe calculada no entorno duns 105 € por habitante no noso país, que é inferior á que teñen outro tipo de medidas fiscais ou outro tipo de circunstancias actuais que a todos nos afectan cada mes, como é o prezo da luz. Pero quero dicir que se tomou, oxalá non tivera que tomarse, pero tomouse porque non había outro remedio.

E a partir de aí a situación actual evidentemente é a que temos. Hai un risco evidente, nalgúns sitios non xa o risco, senón unha certeza do que é unha exclusión financeira para determinados sectores por razón do sitio onde residen ou incluso tamén por unha razón subxectiva da súa idade ou a súa formación ou, digamos, relación co mundo dixital e coa banca *online*. Sobre isto, como xa dicía antes, é certo que non somos a comunidade máis afectada, é un problema de ámbito estatal, neste caso a Xunta foi unha das primeiras administracións en abordala e con ese convenio asinado coa Fegamp e con esa orde de axudas resolta este verán, aberta, insisto, á que concorreron dúas entidades bancarias, resultando adxudicataria desas axudas a entidade Abanca, pois instálanse caixeiros automáticos nas dependencias municipais, habilítase a prestación dun servizo de asistencia financeira que permite solucionar de xeito presencial dúbidas e ofértase formación financeira para a banca electrónica.

Eu non acabo de compartir os matices do Sr. Lema en relación coa problemática desta subvención. Eu aí agradezo a coherencia neste aspecto do Partido Socialista porque, non sei, vou poñer un exemplo que non ten nada que ver coa realidade, pero imaxinemos que vostedes apoiaran un goberno que nun momento

determinado, tamén con esa intención de garantir un determinado servizo alí onde o Estado ou a Administración non o presta, e non resulta rendible para o operador económico concreto, pois imaxinemos por exemplo, unha aeroliña, por poñer un exemplo, unha aeroliña, incluso para que sexa aínda un exemplo que se vexa que non ten nada que ver coa realidade, unha aeroliña estranxeira, que incluso pode ser que nese momento incluso nin teña avións, pero parece ser que poida haber algún tipo de voo que sexa estratéxico para determinado perfil da poboación española. E imaxinemos, e insisto, estou falando de algo que é totalmente ilóxico, que incluso se rescata esa aeroliña con 53 millóns, que son aproximadamente 20 anos deste tipo de axudas da Xunta para manter un servizo que a día de hoxe non existe no rural. Imaxinemos que se dea esa situación. Home, eu entendo que vostede aí si que tivera algún tipo de cuestión ou de certa reticencia en apoialo, pero este tipo de medidas que adopta a Xunta, insisto, agradezo a coherencia do Partido Socialista porque evidentemente requiren dunha actuación. É o escenario idóneo? Por suposto que non, pero é un escenario de emerxencia ante a situación que a día de hoxe xa se está a dar. Cal é o modo de superar e de aí os acordos que nós solicitamos que adopte esta Deputación? Pensamos que esta require dunha actuación marco a nivel estatal por unha cuestión competencial onde si que se poida actuar en todo o territorio para poder establecer un servizo esencial, un servizo básico garantido en calquera punto do territorio de carácter financeiro. Como? Pois ofrecendo o Estado incentivos para a cesión de espazos municipais para a instalación de caixeiros, igual que vén de facer a propia Xunta; un plan de despregamento de redes de caixeiros multientidade, que iso si permitiría ao mellor superar as reticencias que o deputado de Marea Atlántica vén de expoñer na anterior moción; ou tamén como programas de formación no medio rural.

Por isto entendemos que todos temos que implicarnos e esperamos tamén o apoio do Partido Socialista a esta moción porque, insisto, hai unha coincidencia importante que non sería bo que se malograra, e por todo isto pensamos que dende a Fegamp se pode aínda avanzar nesa colaboración, dende a FEMP tamén se teñen que implicar, porque é un problema tamén que excede do ámbito territorial galego e que, polo tanto, pensamos que estas medidas que nós propoñemos na nosa moción son todas acaídas a este fin: que son a de instar dende esta Deputación Provincial ao Goberno de España á posta en marcha dun plan estatal contra a exclusión financeira, coas medidas que aí se detallan; e tamén desde esta Deputación instar a Xunta para que, en tanto non se aborde, non estea aprobado ese marco lexislativo estatal, pois continúe impulsando, xunto co resto de administracións locais e coas entidades financeiras que operen no noso territorio, medidas que faciliten o acceso da poboación aos servizos financeiros; e, por último, tamén instar a colaboración da Deputación provincial para facilitar, en colaboración coas entidades financeiras, espazos que permitan tamén avanzar nesa prestación de servizos financeiros no noso territorio, neste caso no da Deputación, sempre en tanto non se acade unha solución global.

Moitas grazas.

Sr. Presidente

Grazas. Facemos que expoña o Sr. Fernández a exposición da súa moción e despois xa vos dou o paso.

Sr. Fernández Piñeiro

No senso do que estabamos a falar no debate da anterior moción, é verdade que na exposición de motivos e nos acordos da Marea se poñía de manifesto unha situación, digamos que facía unha proposta de non..., conforme estamos a debater, de instar a Xunta a que estudase deixar sen efectos a convocatoria, manifestar apoio ás reclamacións e dar traslado do acordo. É verdade que pon de manifesto unha situación, pero entendiamos que quedaba coxa en canto a que non aportaba ningún tipo de solución á problemática, máis alá de trasladar o apoio, que está ben, pero sabemos que iso é unha cuestión máis simbólica, e de estar en contra da única proposta que hai a día de hoxe sobre a mesa, pero non había ningunha proposta máis.

De aí que a nosa moción neste caso incida un pouco máis en realizar propostas, valla a redundancia, concretas sobre as necesidades que se deben abordar nesta problemática e que instando loxicamente as dúas administracións que teñen competencias na materia a adoptar medidas ao respecto, neste caso a Xunta de Galicia e o Goberno do Estado.

Vou dar simplemente lectura dos acordos e despois continuamos debatendo:

1. Instar a Xunta de Galicia a adoptar as medidas precisas no marco das súas competencias dirixidas a evitar o peche de oficinas bancarias e manter unha atención bancaria digna, entendida como un servizo esencial en todo o territorio rural da provincia de Coruña.

O punto número 2: Instar a Xunta de Galicia a elaborar dentro do seu abano de competencias exclusivas no ámbito do consumo a través do Instituto Galego de Consumo e da Competencia unha carta de servizos básicos que garanta o dereito de todos os galegos e galegas, en canto consumidores e consumidoras, a non ser excluídos na prestación de servizos básicos de carácter financeiro.

Punto 3: Instar a Xunta de Galicia a dirixirse á entidade Abanca para que por esta entidade, nun proceso de responsabilidade social, se proceda á paralización inmediata do peche de oficinas bancarias que se ten anunciado nos últimos meses, especialmente nos concellos nos que esta entidade é a única oficina bancaria, así como a reapertura das oficinas pechadas no ano 2021 neses concellos nos que esta entidade era a única oficina.

Punto número 4: Esixir á entidade bancaria Abanca que asuma o compromiso de non abandonar ningún municipio no que non coexistan outras entidades bancarias, como xa fixo a entidade bancaria CaixaBank coa Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

E último punto, número 5: Instar o Goberno do Estado para que promova un marco normativo que garanta o dereito de toda a cidadanía a non ser excluída no ámbito financeiro no seu ámbito territorial.

Basicamente isto é un pouco o que vén por escrito, o que vin comentando ao longo destas intervencións, que é que hai un problema que é importante, que hai que

abordalo con decisións e con medidas que en principio entendemos que teñen que vir acompañadas dunha modificación lexislativa, non hai outra forma de facelo, pero que hai que adoptar outras de carácter máis urxente, como esta da que estabamos a falar. De aí que a nosa moción, como digo, incida en poñer sobre a mesa propostas para dar solución a esta problemática; a curto prazo non vai ser posible, pero polo menos a medio prazo si.

Evidentemente, desde a Xunta de Galicia ou desde esta moción ínstase a Xunta de Galicia a que solicite a Abanca a paralización deses peches, pero tamén somos conscientes todos e todas da capacidade que temos as administracións para obrigar. Podemos esixilo, loxicamente, a Xunta de Galicia ten que facelo nese aspecto poñéndose á cabeza de todos os galegos e galegas nesa reclamación que é xusta e que todos os que estamos aquí compartimos. Polo tanto, ese é en espírito da nosa moción e agora, se imos dar algún argumento máis, pois iremos debatendo.

Moitas grazas.

Sr. García Seoane

Estamos debatendo as dúas en conxunto? Son moi distintas. Non sei se se vai aprobar ao final polo PSOE a do PP, son bastante distintas e, por tanto, eu paso a manifestar... Non intervín antes porque estaba de acordo totalmente co que dicías, Sr. Lema.

Aquí eu creo que ninguén ignora, e o que ignore é un ignorante, que estas medidas que tomou Abanca e os bancos están consentidas polo Goberno da nación e pola Autonomía, e o que o ignore é un ignorante. Por tanto, parece que estamos a falar aquí de descubrir América cando xa a descubriu, din, Colón e antes outros que foron que xa estaban alí naquel momento.

Por tanto, todo canto digamos aquí palabras, palabras, palabras... e que non se leve a feitos pois non vai ser nada, porque xa está autorizado, que van cambiar? Non van cambiar nada porque xa deron a orde no seu momento, non? Estas entidades bancarias que agora neste momento nos cobran por ter os cartos nos bancos, ademais agora néganse a cobrarnos os impostos dos concellos e pagámoslles por cobralos. Tamén se negan ou poñen uns topes que se desmadran totalmente. É dicir, estamos asistindo a unha situación de atraco autorizado dunhas entidades, atraco ás economías das persoas e á cidadanía.

Como dicía estes días, e comentábao na Comisión o outro día, acaban de notificar ao meu concello, imaxino que aos demais igual, que a partir das 11 aquí non se fai un puñetero ingreso en metálico; tremendo, hai cinco traballadores na oficina, miran para as paredes, levas os cartos e din “non, non, volva mañá”. Isto é intolerable, isto chega a unha situación, porque a nós nos obrigan, a todos os que estamos aquí, a ingresar os cartos no banco. A partir de agora a Deputación que se formule pagarnos as axudas de custe ou os soldos aos que os tedes en directo aos deputados para non ter que depender dun banco e pagarlle diñeiro por ter os cartos alí e por chulearnos da forma en que o fan.

A min paréceme que a situación é degradante total. E dise: que medidas

podemos tomar? Podemos tomar moitas medidas, as que toman, as que tomaron as persoas maiores no País Vasco e en gran parte de España para reclamar as súas pensións, a diario na rúa, e impedir e dicirlle ao Goberno que ten que cambiar o que acaba de facer ou o que acaba de tolerar. Pasa como Fenosa, cobran o que queren porque o Goberno estará aforrando por outro lado cartos que tería que aboar o Goberno se non os pagaran os paganinis dos cidadáns españois a través do servizo que temos cada mes.

Esta é a situación que temos, e a min dóeme que neste caso sexa desde un Goberno socialista e dun Goberno mal chamado comunista tamén; dóeme que sexa así, porque desde logo eu nunca souben que o comunismo defendía o capitalismo dunha forma tan descarada para desvalixar as arcas dos cidadáns deste país.

Eu estou de acordo con matices no que di o PSOE, que o fixo así *light*, pero é que o que dicides no Partido Popular me parece grave porque estades manifestando que se colabore coas entidades financeiras e que se poñan locais, dise que aquí a Deputación poña locais. Pero se teñen locais a montóns, se teñen un patrimonio inmenso por toda Galicia, un patrimonio inmenso; esas oficinas que están cerrando que as abran e que monten eles directamente a maquiniña esa para sacar e meter diñeiro da maneira que eles queren. Por que nós lles temos que poñer en locais a uns señores que gañan miles de millóns cada ano e que rouban os cartos públicos cun 0,5% e que cobran unhas taxas tremendas por ter os cartos no banco? Así todo o mundo está escapando agora, escapan os que poden facelo porque son cartos deles, pero os funcionarios e os traballadores deste país que cobramos a nómina, que somos a inmensa maioría, non podemos escapar a ese saqueo constante destas administracións.

Por tanto, hai unhas partes na moción do Partido Popular que eu nunca aceptaría nin de broma: "que a Deputación provincial se comprometa a ceder espazos". Manda truco! Non sei, señor presidente, se vostede vai poñerse a alugar agora locais para poñerlles as oficinas nos lugares onde as sacaron, non sei, deixaría de ser socialista. Por tanto, teña coidado porque se vai prestar e isto non o vai entender moita xente, as políticas do PP son unhas e as de vostedes teñen que ser outras. Pero lamentablemente a nivel de Madrid están sendo as mesmas; goberne quen goberne darannos por saco continuamente nestes temas do gran capital, estamos falando do gran capital. Por tanto, eu entendo que isto non se pode..., vamos, eu non podería admitir baixo ningún concepto, nin como persoa nin como grupo político, que estes dous apartados, o segundo e o terceiro que pon o Partido Popular aquí, o votaran.

E insisto, hai forza, claro que hai forza, a forza está no pobo, a forza está na rúa e, se os que estamos nos concellos, que nos elixiron os veciños para defendelos, os chamamos a saír á rúa, van saír á rúa, saen á rúa. O que pasa é que hai que deixarse de demagoxias e de poñer parches onde hai unha ferida que está gangrenada e que vai acabar ao final coa persoa.

Por tanto, a min paréceme que hai que ser máis serios facendo políticas de defensa dos cidadáns e deixarse de facerlles o caldo gordo a aqueles que levan anos roubándonos, atracándonos e que están desmontando.

E fíxense que eu xa nunca crin nesa..., nós cobramos nós mesmos os impostos. Eu non vou ter os problemas que teñen algúns de vostedes, eu teño un edificio de 4 plantas para cobrar impostos. Xa sei que somos seis só na provincia da Coruña e os demais non o teñen, pero eu sei que moitos non o poden ter, non poden ter ese servizo e estallo facendo a Deputación de feito. Eu non sei que se formulará a Deputación agora cando lle diga tamén Abanca que non vai cobrar ou que lle vai cobrar un tanto por cento máis elevado por cobrar esas taxas aos veciños do IBI e do outro e do outro e do outro. Pero, claro, avecíñase aquí un problema grande, ou para a Deputación ou para os concellos, porque ese é o tema. É que parece que aquí non pasa nada, están pasando cousas moi gordas que van vir a seguir.

Por tanto, insisto, saiamos á rúa, convoquemos os concellos. A min a FEMP non me representa, a FEMP non fala con ninguén para tomar decisións e, cando as toma, tómaas contra os concellos. É inadmisible o que está pasando desde a FEMP, é inadmisible e, por tanto, aqueles que realmente defendamos os nosos veciños temos que coller e tomar unha decisión unánime e poñer días de saír á rúa e dicir: estamos aquí, paren xa de atacarnos, porque os atracadores neste país supostamente o que é pequeno atracador vai ao cárcere, estes non van nunca. Nada máis.

Sr. Lema Suárez

Tratarei de ser breve. Expúxose aquí unha analoxía entre o sector financeiro e o sector aeronáutico, que pasaría dicía o señor Rodríguez se unha aeroliña levantase unha conexión entre dúas cidades e entrase en negociacións cunha delas para recuperala. Claro, se o político que accedese a compensar entrase nese xogo da aeroliña de que se levanta un destino en busca dun trato mellor, en realidade estaría cedendo a unha extorsión; esa é unha práctica da negociación pero que nós podemos chamar extorsión, punto e fin. Iso non quita que ao mellor faga ben e sexa bo para o seu futuro político que acceda a esa extorsión e intente dalgunha maneira vendela o mellor que poida, pero o negocio en si mesmo para un observador neutral chámase extorsión. E non digo que Abanca nos estea extorsionando, o que digo é que a estamos premiando por levantar, por pechar oficinas no rural.

Discrepo de que arranxar un problema pola vía de urxencia sexa realmente darlle solución ou sexa realmente atacar as causas do problema; é dicir, falábase aquí de que había que ir a unha vía lexislativa e que se tarda moito tempo. Non, hai posibilidades de, nese concurso público, por exemplo, que sería unha cláusula penso que ben razoable, que non poidas acceder a esa subvención se pretendes reabrir unha oficina ou poñer de novo un caixeiro no mesmo lugar onde acabas de pechalo. Penso que se podería, é evidente, estamos falando dun concurso, non estamos falando dunha iniciativa lexislativa. Eu creo que o técnico medio desta casa podería chegar a conclusións semellantes a esa para favorecer que outro tipo de iniciativas puideran prestar ese servizo, e existen, insisto, finalmente de xeito marxinal, pero aínda subsisten neste país outras caixas de aforros que poderían por exemplo intentar prestar este servizo.

Por último, creo que moitos lembraremos, cando menos, penso que todos, a existencia da Caixa Postal. Efectivamente a Caixa Postal era un servizo que se prestaba a través das caixas do servizo de Correos polo cal se podían facer certos trámites a custo cero, e que ese era un servizo por exemplo perfecto para que en

zonas dificilmente accesibles, como o rural do que estamos falando, se puidesen facer operacións de caixeiro, de entregar, pagar e tamén cobrar, por exemplo, a pensión sen que che imputen, o cal é realmente sangrante, sen que che imputen o custo da comisión por ter alí a túa pensión, que iso é verdadeiramente pura usura. Laméntoo, iso non se pode chamar doutro xeito que non sexa ese, que é pura usura, e o Estado debería lexislar nese sentido. Pero a Caixa Postal podería ser unha ferramenta perfecta. Ah, pero hai un problema, que é que hai que poñerlle fronte ao *lobby* financeiro, que non é un *lobby* pequeno, e hai que dicir que imos crear un servizo público, por exemplo, insisto, recuperar, non sería crear, sería recuperar un servizo público como era esta Caixa Postal para operacións de caixeiro para que os vellos puideran cobrar a súa pensión sen comisións. Ben, iso non se vai facer, vanse resolver os problemas a curto prazo cunha operación que para min, insisto, é ceder á extorsión dunha entidade privada, lamento ser así de taxativo, pero non se lle vai poñer solución a longo prazo, non. O que vai suceder, ou sexa podemos aquí apostar que dentro de 15 anos seguirá sen haber unha solución dese tipo. Haberá unha sangría de fondos públicos que premien a entidades que teñen unha situación de vantaxe no mercado. Pois eu sospeito que iso é o que vai suceder.

Con todo, nós tamén manifestamos que imos absternos nas mocións que se presentan. Nada máis e moitas grazas.

Sra. Muíño Filgueira

Bo día de novo.

Coincido en que, dado que son estas dúas mocións as que agora se debaten de xeito conxunto, non me vou estender moito máis e evidentemente non podemos dar o noso voto favorable á moción do Partido Popular, e introducimos efectivamente ese matiz de solución de urxencia dunha situación que vén de lonxe e unha solución que, insistimos, non a vemos como tal, non a vemos como unha solución realmente nin accesible nin alcanzable para todo o mundo, que ademais, por outra banda, implica a diferentes entidades locais cos recursos públicos para, dalgún xeito, financiar ou premiar, o que resta moitísima capacidade de negociación ás administracións á hora de que as entidades bancarias non abandonen ou pechen oficinas, e para min incluso dicir que o máis grave de todo o que hai detrás desta cuestión é que pola vía do caixeiro lles estamos dando as costas a todos os traballadores e traballadoras da banca que ven perigar os seus postos de traballo ante o peche das oficinas, e nin tan sequera esiximos que alá onde se manteña a oficina se incrementen os horarios ou a calidade dos servizos prestados. Entón, baixo ningún concepto podemos dar respaldo a esta proposta.

Insistimos en que, á hora de chegar á conclusión de que para resolver esta situación fai falta poñer fondos, recursos que son de todas e de todos, dende logo a vía na que se debía avanzar e explorar é a de ofrecer unha solución que vaia polo camiño da banca pública.

En relación á do PSOE, si que recoñecemos que a vía dos acordos que se recollen, intelixentemente van noutra vía; realmente si fai referencia a esa vía da negociación, non acabamos de ver en relación á intervención anterior de valorar positivamente esa solución urxente dos caixeiros cando entendemos que na vía da

negociación resta moitísima capacidade cando realmente a través destes fondos públicos poñendo os caixeiros estamos solucionando ter un servizo accesible para aquelas persoas que se manexen ben coa tarxeta electrónica ou que poidan aproveitar ese asesoramento puntual que se vai, disque, prestar aos usuarios que vaian ao caixeiro. E por outro lado, insisto, porque non me parece unha cuestión nada menor, con esta solución imos obrigar a moitísima xente maior a que dependa doutra persoa para realizar e tomar decisións sobre o seu diñeiro, o cal me parece que nun país como o noso, coa realidade demográfica que temos, paréceme bastante pouco atinada no plano práctico e tamén dende o plano ético.

Sr. Fernández Piñeiro

Ben, por incidir no mesmo que veño dicindo, todos compartimos o fondo e compartimos tamén iso de que se obrigue a xente maior, a cuestión é que estamos na situación na que estamos. Nós na nosa moción o tema dos caixeiros xustifiquei por que non compartiamos ese punto na da Marea que está votada, xa vedes que na nosa non se propón iso, proponse que se adopten medidas. Entendemos que esa agora mesmo, que na anterior moción se votaba en contra, non o aceptariamos en circunstancias normais? Pois si, pero nesta situación, como tampouco ninguén está poñendo moitas máis sobre a mesa de carácter urxente, porque ben, Sr. Lema, as que ti dicías que eran urxentes, que se podían adoptar de forma urxente, ben, ata certo punto. Eu non comparto, se ao final ao que pecha non lle deixamos volver instalar, non instala ninguén.

A cuestión é: se se vai instalar ou ten que haber algunha oficina bancaria alí, é dicir, como dicías antes algunha caixa ou demais, se xa non están é porque non queren estar, porque non hai posibilidades de negocio, desgraciadamente é así, e iso é unha cuestión que ten que ver co reto demográfico. É dicir, ao final isto é unha consecuencia de, non é o que provoca, é unha consecuencia de. Cando se pechan escolas ou escolas unitarias no rural, iso inflúe directamente no reto demográfico. Cando se pechan oficinas bancarias tamén, e iso ao final fai que se vaia despoboando. Por tanto, ten que haber unha política, ou unhas políticas concretas para paliar esa situación, pero non só empezando polas caixas de aforro, senón por todo o que hai ao redor. É dicir, por que escapa a xente do rural? Porque non hai banco ou xa escaparon antes de que non houbera banco, ou de que antes o banco pechara, pois seguramente fora así, porque levamos moitos anos nesa dinámica.

Por iso que a cuestión, Sr. García Seoane, que pouco te fías de nós, sempre adiantas acontecementos. Na moción do Partido Popular nós propuxemos, ou imos propoñer, que se vote por puntos; estariamos a favor de votar os dous primeiros e non o terceiro, non estamos a favor de que a Deputación, que ademais practicamente non ten ningún tipo de propiedade municipal, poña esas propiedades á disposición das entidades bancarias, porque ademais nos xera dúbidas incluso de carácter legal a posibilidade de poñer aquilo que é patrimonio público nas mans de entidades privadas con ánimo de lucro para prestar un servizo financeiro. Polo tanto, aí xa lle trasladamos ao voceiro do Partido Popular que nós solicitariamos votar por puntos e votariamos favorablemente os dous primeiros, pero ese non, porque evidentemente tampouco compartimos que teña que ser a Deputación, que ademais, repito, non temos practicamente ningunha propiedade desas características, quen as poña á disposición das entidades bancarias.

Dito isto, a verdade é que vemos que o tema dá para moito e que é importante que todos esteamos concienciados sobre esta problemática e en poñer sobre a mesa solucións. Pero direi algo que tamén hai moito tempo que digo e é que, como cidadáns, en xeral somos bastante hipócritas coas entidades bancarias, porque non queremos ás entidades bancarias, pero queremos entidades bancarias. E é certo que as caixas facían un labor social, pero eu levo escoitando que os bancos son ladróns desde que nacín, no ano 81, e xa había caixas, é dicir, a xente non tiña esa percepción, a maioría da cidadanía, de que as caixas facían un labor social. Desgraciadamente non a tiñan e todos o sabemos. Pero, ben, tamén é certo que ao final hai banca desde hai moitos séculos porque os cidadáns, os seres humanos ou como queiramos velo, queremos cubrir necesidades que en moitas ocasións non están ao noso alcance e facémolo a través da banca.

Por iso que hai que encontrar un equilibrio entre esa necesidade que temos de ter financiamento, xa non falo a nivel persoal, senón na industria, nas empresas, etcétera, coa existencia desas empresas, que son empresas e que fan negocio como calquera outra, con que ese negocio non sexa abusivo, que digamos que é unha fase na que poidamos estar nos últimos tempos, e polas necesidades dos cidadáns en canto a ese aspecto de prestar un servizo. Non é doado, se non, imaxino que xa estaría feito hai moito tempo e a verdade é que todos os que estamos aquí nalgún ou noutro momento pasamos por goberno de administracións públicas, e ningún dos partidos que estamos aquí, porque agora Podemos esta no Goberno, o Bloque estivo na Xunta de Galicia, o Partido Popular, o Partido Socialista, puidemos dar solucións a este respecto para conxugar todas esas necesidades, seguramente é porque é máis complexo do que todos e todas poidamos pensar.

En todo caso, repito, nós agradecemos aqueles que vaian apoiar a nosa moción e propoñemos ao Partido Popular a votación por puntos da súa, se non, absteriámonos.

Sr. Rodríguez Martínez

Simplemente para dicir que si, que accedemos á votación por puntos, vemos que hai bastante máis acordo do que en principio puidera parecer, incluso con aqueles que teñen manifestado que non van apoiar a nosa moción, e simplemente aceptamos efectivamente que se proceda a votar por puntos.

Simplemente coincidir tamén con algunha das cousas que teñen dito tanto Gelo como Lema nas súas últimas intervencións. Home, nós evidentemente somos un partido reformista, pero tamén somos un partido liberal, é dicir, nós o que pretendemos sempre é reformar non impoñer, non temos esa capacidade que o señor Seoane nos atribúe para poder forzar dentro do mercado, como tamén acaba de expoñer o señor Fernández, pero polo tanto si que o que facemos é que, como representantes, pensamos que temos a obriga de intentar facer algo máis que chamar á xente á rúa, que, ollo, non quere dicir que nalgunha ocasión non se teña que facer, pero neste caso é promover as reformas lexislativas que permitan acadar o obxectivo no que, por certo, estamos todos de acordo.

E, respecto ao que dixo o señor Lema, coincido tamén no que el dixo que ás veces pode parecer no ámbito aeroportuario algunha extorsión; ben, está a ocorrer

realmente moitas veces con aeroliñas, o caso que mencionei no que hai que animalas, imos dicilo así, ou incentivalas para que poidan manter algún tipo de destinos e, evidentemente, home, eu quero pensar que iso nunca se fai polo futuro político de quen toma decisións, senón polo interese dos cidadáns, como ocorre no caso desta liña de axudas para poder ter uns servizos financeiros básicos.

Non quixen facer ou, se así o entendiches, foi un erro meu, unha analoxía entre isto e a situación desa aeroliña estranxeira que mencionei como caso ficticio, que parece que non o é tanto, pero si que hai unha diferenza importantísima que evita que se poida facer esa analoxía: que o que fixo a Xunta foi un concurso aberto, non foi o que ocorreu con ese exemplo. Pero, ben, penso que non hai máis nada que engadir, aceptamos a votación por puntos que propón o Grupo Socialista e grazas pola atención.

Sr. García Seoane

Simplemente, en relación coas dúas últimas intervencións, que non se pode forzar a Abanca, está claro que non o van forzar porque a banca manda, e a banca, eses partidos que nomeaba o compañeiro do PSOE, que estiveron no poder no país, eses partidos estaban todos condicionados porque quen non sabe, quen ignora tamén que pagaron as eleccións xerais do país, as autonómicas e as outras con créditos que aínda hoxe non se cobraron. É que, claro, “el que paga manda, el que pone la tela manda”. Y esa es la puñetera realidad, y ustedes están atados de pies y manos. Yo no. Están atados de pies y manos. Por tanto, maticen as cousas, no pueden hacerlo, ¿por qué? Porque antes tuvieron que depender de ellos, los compraron de algún modo y ya está. Canto debe o Partido Socialista aínda de contas e o Partido Popular a nivel nacional a esas bancas que había, que algunhas xa desapareceron? Claro. Por que se consentiu tanto descontrol aos bancos?, por que se consentía tantos soldos multimillonarios aos que estaban á fronte diso? Porque había que facelo porque eran os que ao final nos arranxaban os problemas cando nos dirixiamos a eles. Ese é o tema, por tanto non digan... Isto a solución é a rúa, a rúa sempre foi unha solución, sempre. E non ten nada que ver co comunismo, a rúa foi unha solución, porque os vellos que se manifestaron en España durante un ano non eran comunistas, eran cidadáns que cobraban unha pensión e que lles estaban sacando cartos da súa pensión e que querían que se lle regularizara como Deus manda. Por tanto, déixense do comunismo e déixense de todas esas cousas, que iso xa pasou, iso era o señor que mandaba en Rusia e o outro, o Putin, os chineses, que adoran vostedes todos agora. Non, os chineses aquí son unha marabilla; non, xa non son comunistas. Seguen sendo comunistas, fan o que lles dá a gana e vostedes adoran o becerro de ouro. Por que? Porque teñen a prata. E di o dito que “el que tiene plata j... y mata”. Nada máis.

Sr. Fernández Piñeiro

Nós non adoramos os chineses, eh, Sr. García Seoane, de feito fomos moi críticos en cuestións industriais e económicas cos chineses. En todo caso, lémbroche que Oleiros é un dos concellos que teñen a renda per cápita máis alta de Galicia e son case todos ricos, non hai moitos pobres alí. Ou sexa que, vamos a ver, todos temos que xogar coas mesmas cartas, eh. E non creo que sexan comunistas, non, xa, xa, por iso, é unha das túas grandezas. Por iso digo que é un comunismo moi á

China, que hai moitos ricos alí.

Sr. Presidente

A China non vaias que se come moi mal, Sr. García Seoane, dou fe.

Procedemos á votación da moción primeiro do PP por puntos; votamos o primeiro punto.

Votación do punto 1º da moción presentada polo Grupo Provincial Popular.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG e 1 de Marea Atlántica).
Votan en contra: 1 deputado (Alternativa dos Veciños).
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Votación do punto 2º da moción presentada polo Grupo Provincial Popular.

VOTACIÓN

Votan a favor: 24 deputados/as (13 do PP e 11 do PSOE).
Votan en contra: 6 deputados/as (4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Votación do punto 3º da moción presentada polo Grupo Provincial Popular.

VOTACIÓN

Votan a favor: 13 deputados/as (PP)
Votan en contra: 17 deputados/as (11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, aproba a seguinte moción:

"Moción que presenta o Grupo Provincial Popular en apoio ao acceso á poboación aos servizos financeiros

Nos últimos anos con especial intensidade desde a crise financeira de 2008- tivo lugar en España un dos maiores procesos de concentración bancaria de Europa. A pesar de que este proceso permitiu reforzar a solvencia das entidades e recuperar a confianza e a estabilidade do sistema financeiro, tamén trouxo consecuencias negativas, como unha importante diminución do persoal e o peche de oficinas bancarias, o que está a dificultar a accesibilidade aos servizos financeiros por parte da poboación, particularmente no ámbito rural.

Así mesmo, as entidades financeiras están priorizando o uso das novas tecnoloxías para a realización da maioría dos trámites bancarios. Aínda que a banca electrónica aporta vantaxes de inmediatez e accesibilidade, unha implantación precipitada dificulta o acceso a servizos financieros básicos naqueles lugares onde a dixitalización aínda non se desenvolveu na súa plenitude ou naquelas persoas que teñen un menor desempeño nas novas tecnoloxías, con especial incidencia na poboación envellecida e que vive soa.

Todas as administracións públicas, en colaboración coas entidades financeiras que operan en Galicia, debemos garantir que toda a poboación galega, con independencia do seu lugar de residencia e da súa idade, teña acceso aos servizos bancarios e financeiros, prestando especial atención ao ámbito rural e a poboación envellecida.

De feito, xa existen fórmulas útiles neste ámbito, como a iniciativa promovida recentemente pola Xunta de Galicia, en colaboración coa Fegamp, que permitirá a moitas localidades que carecen de oficina dispoñer dun caixeiro no seu municipio, e así mesmo que os veciños poidan contar con servizos de asistencia financeira e de formación.

Ademais a través dos organismos autonómicos de Consumo tamén se traballa na defensa dos usuarios de banca, mediante a organización de campañas informativas e prestación de asesoramento en materia de servizos financeiros.

Dende o noso grupo valoramos estas medidas, pero consideramos que debe existir unha coordinación e unha planificación a nivel estatal para que realmente sexan eficaces, tal e como se aprobou por amplísima maioría no Senado de España. Non estamos ante un problema exclusivamente galego, senón que se da no conxunto de España, e no que todas as administracións debemos implicarnos.

De feito, a Xunta de Galicia enviou o pasado 7 de setembro unha carta ao Executivo central, solicitando a elaboración dun estudo sobre a situación do mercado financeiro en España desde o punto de vista da concentración bancaria, a competencia, e o acceso aos servizos financeiros; así como a implantación dun marco normativo común que regule a prestación universal dos servizos financeiros básicos de xeito que se garanta a súa prestación a todos os cidadáns, con calidade e cun prezo accesible

Ante esa situación e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Provincial Popular insta o Pleno da Deputación da Coruña, a adoptar a seguinte,
PROPOSTA DE ACORDOS:

1º- A Deputación Provincial da Coruña, insta ao Goberno de España, en coordinación coas administracións autonómicas e locais, a posta en marcha dun plan estatal contra a exclusión financeira, con medidas que garantan o acceso de toda a poboación aos servizos financeiros, con especial atención a xente maior. Entre estas medidas estaría a de impulsar unha normativa que regule a atención personalizada para a realización de servizos financeiros básicos ou esenciais e a un prezo asequible.

2º.- A Deputación Provincial da Coruña, insta á Xunta de Galicia, en tanto en canto

non estea aprobada unha estratexia estatal de loita contra a exclusión financeira, a continuar impulsando, xunto coas administracións locais galegas e en colaboración coas entidades financeiras que operan en Galicia, medidas que faciliten o acceso da poboación aos servizos financeiros, tales como a instalación de caixeiros multientidades e programas de formación en banca electrónica."

Sr. Presidente

Seguinte moción, a do Partido Socialista, votámola xa conxuntamente.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, por unanimidade, aproba a seguinte moción:

"Moción que presenta o grupo provincial do PSdeG-PSOE contra o risco de exclusión financeira da poboación rural da provincia

EXPOSIÓN DE MOTIVOS

A pandemia, os procesos de concentración das entidades, a fallida reordenación do sistema financeiro en Galicia e o camiño emprendido cara á dixitalización, está contribuíndo a un proceso inexorable de reestruturación e transformación da banca. En consecuencia, estamos diante dun proceso continuo de peche de oficinas, de mingua na prestación de servizos financeiros, de expulsión da presencia física dos clientes nas entidades, da imposición de modelos de banca dixital a persoas clientes que carecen da suficiente formación ou mesmamente da imposibilidade de que moitos se vexan privados do acceso ó efectivo. Unha tendencia que seguirá no ano 2021 e que de seguro se prolongará nos próximos anos.

Dende o ano 2008 o número de oficinas bancarias non deixou de minguar. Segundo datos do Banco de España, en Galicia lévanse pechado nos últimos 12 anos máis da metade da súa rede de oficinas, pasando de 2.539 do ano 2008 a 1.231, a finais de 2020.

Na actualidade existen 43 municipios sen entidades bancarias, e noutros 114 hai só unha sucursal, limitando o dereito da poboación a optar pola entidade bancaria que máis lles convenza.

Na provincia da Coruña, entre os anos 2008 e 2017, as oficinas pasaron a ser de 951 a 631, é dicir, 320 oficinas menos, o que representa un 34% menos. E temos xa máis de 10 municipios sen ningunha entidade bancaria, según datos proporcionados polo Banco de España.

Aínda que o proceso de peche de oficinas afecta ao conxunto das entidades financeiras en Galicia, resulta certamente rechamante o caso de Abanca, por ser esta entidade a de maior presenza no país tanto por número de clientes como por volume de negocio e conta de resultados. Unha entidade que, como é público e notorio, é o resultado final do proceso de fusión e posterior extinción das caixas de aforros. Caixas que capilarizaban o territorio con presenza en todos os concellos de Galicia dando cobertura de servizos financeiros á inmensa maioría da poboación.

Fai meses que a entidade Abanca ven avisando de peches de oficinas bancarias en territorios rurais da provincia da Coruña; municipios onde abunda poboación de idade avanzada que carece das competencias dixitais necesarias para operar dende os portais de banca electrónica.

Estas oficinas bancarias son un servizo imprescindible e, en moitas ocasións, o único recurso co que contan estes grupos de poboación para xestionar as contas das que son titulares. Esta cadea de peches afecta xa aos concellos coruñeses de A Baña, Vimianzo, Zas, Cerdido, Fene.

A isto súmase a recente noticia relativa á pretensión do Banco Sabadell de plantexar un ERE que conlevaría o peche da metade das súas oficinas na nosa provincia.

Estas decisións unilaterais de entidades bancarias están a crear unha verdadeira alarma social, e a Deputación Provincial da Coruña non é allea a este fenómeno de "desertización bancaria" que a veciñanza contempla con indignación e impotencia.

Polo exposto, O Grupo Provincial Socialista solicita ó Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:
1. Instar á Xunta de Galicia a adoptar as medidas precisas no marco das súas competencias, dirixidas a evitar o peche de oficinas bancarias e a manter unha atención bancaria digna, entendida como un servizo esencial en todo o territorio rural da provincia da Coruña.

2. Instar á Xunta de Galicia a elaborar dentro do seu abano de competencias exclusivas no ámbito do Consumo, a través do Instituto Galego de Consumo e da Competencias, unha Carta de Servizos Básicos que garanta o dereito de todos os galegos e galegas en canto consumidores e consumidoras a non ser excluídos na prestación de servizos básicos de carácter financeiro.

3. Instar á Xunta de Galicia a dirixirse á entidade Abanca para que, por esta entidade, nun proceso de responsabilidade social, se proceda á paralización inmediata do peche de oficinas bancarias que se ten anunciado nos últimos meses, especialmente, nos concellos nos que esta entidade é a única oficina bancaria, así como á reapertura das oficinas pechadas no ano 2021, nos concellos en que está entidade era a única con oficina bancaria.

4. Esixir á entidade Abanca a que asuma o compromiso de non abandonar ningún municipio no que non coexistan outras entidades bancarias, como xa fixo a entidade bancaria Caixabank coa Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia.

5. Instar ao Goberno do Estado para que promova un marco normativo que garanta o dereito de toda a cidadanía a non ser excluída no ámbito financeiro no seu ámbito territorial."

Sr. Ben Otero

Fuera del orden del día a mí me gustaría, por una cuestión de orden y para que queden ciertas cuestiones claras, señor García Seoane, al Partido Popular nunca se le ha condonado una deuda bancaria, nunca, entérese usted. Y, en todo caso, todos los partidos políticos que tienen que rendir cuenta ante los tribunales de cuentas de sus campañas electorales normalmente van a pedir créditos a los bancos. No sé cómo lo hará usted. Me ha hecho una pregunta que le trasladaremos cómo ha pagado usted su campaña si no ha sido con ayuda bancaria.

Y dos cuestiones más: ya hacía alusión el señor Fernández a que es muy sencillo ser comunista de chalet en el municipio de mayor renta per cápita de Galicia. Y otro apunte que ha abierto usted un debate que creo que se ha equivocado, no ha medido bien, como le pasa alguna vez, y es el de que usted no cede ningún tipo de tributo en la recaudación a esta casa, y esta casa con esos tributos y el porcentaje que cobra en la recaudación de esos tributos ayuda a todos los municipios de la provincia, a aquellos que menos tienen, a converger y a hacer cosas.

Usted, señor García Seoane, predica el comunismo de todo a mi bolsillo y a los demás que les vayan dando dos duros, Sr. García Seoane. Usted ha abierto un debate que ya anuncio que va a tener continuidad en el tiempo al respecto de aquellos egoístas que con recaudaciones millonarias no ceden ni un euro para colaborar con los demás ayuntamientos de la provincia de A Coruña, pero ha abierto usted el debate y continuaremos con este debate.

Nada más y muchas gracias, presidente.

Sr. Presidente

A ver, de todas maneras, que sea la última vez que, hubo un turno de debates donde podías haber hablado perfectamente, Sr. Ben, votamos la moción y después volver a abrir el debate es la primera vez que ocurre y no tiene mucho sentido, ¿vale? Entonces, intentar llevar ese orden, a ti que te gusta tanto el orden en los debates.

Sr. García Seoane, si quieres contestar y zanjamos la cuestión.

Sr. García Seoane

Non podo deixar sen contestar.

Sr. Presidente

Xa o sabía, por iso o digo.

Sr. García Seoane

Nós poñemos boeta nas rúas, para pagar a campaña poñemos boeta. Nós, os cidadáns nosos contribúen porque están concienciados, contribúen cunha campaña que sempre facemos o máis austera posible, sen grandilocuencias, e esa é a forma de facelo. Se vostedes o fixeran en cada concello, non terían ese problema que teñen despois cos bancos e coa banca porque, por moito que me diga vostede, a banca está nos libros, está na historia e eliminoulles cantidade de créditos a uns e a outros, cantidade de créditos impagados que non van pagar na puñetera vida.

E o comunista de chalé, vostede que quere?, que vivamos nunha chabola? É que vostede ten un concepto do comunismo deses de Rusia e da China interior. No, hombre, comunismo es socialismo y socialismo no es miseria. Yo lucho por que todo el mundo viva bien, porque todo el mundo viva bien, tenga casa, tenga trabajo, tenga familia, tenga dinero para desarrollar su vida. Ese es el comunismo que yo... El comunismo que aplico en Oleiros y que dio tanta rentabilidad. Yo se lo saco a los ricos para dárselo a los menos favorecidos. Y, por tanto, tenemos una cantidad de equipamientos porque yo no mato la gallina de los huevos de oro, yo se lo saco a quién lo tiene para... Y encima esos señores, que son inteligentes, al parecer, dicen "¿y por qué no vamos a residir en este sitio que nos puso tan bonito este comunista castrista?". Claro ese es el... Pero pregúntense por que veñen todos a un municipio que eu levo 35 anos gobernando e cunha política clara, diáfana e de fronte, sen ocultacións e todos queren agora ser oleirenses. Viva la madre que me parió!

E, respecto ás taxas, e remato, yo y usted en cualquier ayuntamiento tenemos la obligación de cobrarlos pero no quieren cobrar los impuestos porque, igual que las expropiaciones, non se fan melloras de estradas, non se fan... porque, cando se vai a expropiar, "ai non, que non me vota". Esa é a política que teñen algúns de vostedes errada, teñen que rectificala, teñen que reformala, porque, se non, non vai haber nunca estradas boas. E hai que falar cos veciños, e eu en Oleiros falo cos veciños e resulta que me entregan o solo gratis. Que casualidade, que casualidade! Fixo a Deputación dúas obras recentemente que pasou dunha rúa de 5 metros a 21, e outra a 16, onde en 2 quilómetros e en 600 metros todos os veciños entregaron o solo gratuitamente.

O que pasa é que iso require xestión, dedicación, cariño, amor ao pobo que che votou e a ese municipio... Se queren, eu vou montar unha academia para dar clases e, se acaso, se queren apuntarse, xa saben que non lles vou cobrar nada, non lles vou cobrar, pero...

Sr. Presidente

Listo, viva la madre que te parió, Gelo! Veña.

Pasamos á seguinte moción, presentada pola Marea Atlántica, sobre a mina de Touro.

4.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre a Mina de Touro

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Entre 1970 e 1988, a mina a ceo aberto de cobre de Touro foi explotada pola empresa Riotinto Patiño. Os efectos do deficiente traballo de rexeneración da área unha vez pechada a mina sumados aos efectos do novo uso dos terreos para o tratamento de lodos de depuradora, xeran hoxe visibles efectos, tal e como puidemos comprobar in situ na visita realizada o pasado 16 de setembro.

Todos os ríos e regos da área (Portapego, Brandelos, Lañas, Ameneiro-Lamas, etc.) ofrecen unha cor laranxa e baixos niveis de pH que dá testemuño das elevadas concentracións de metais pesados que conteñen, e que acaban formando unha especie de balsa natural a escasa distancia de Fonte Díaz, capital municipal de Touro, nunha paraxe de augas vermellas e vexetación desecada que debería resultarnos aínda máis preocupante se temos en conta que esta canle fluvial acaba deitando as súas augas no curso medio do Ulla e, polo tanto, máis abaixo na ría de Arousa, o sistema costeiro máis produtivo de Europa, que dá traballo a milleiros de familias dependentes do marisqueo, da pesca e do turismo.

Esta situación de falta de rexeneración viuse agravada pola cubrición dunha das canles de evacuación das augas contaminadas procedentes das escorreduras da antiga mina. Sobre estes terreos, cualificados actualmente como solo dotacional público, construíronse nada menos que unha gardería e un centro para a terceira idade entre outras infraestruturas, xusto á beira dun rego de augas contaminadas dos antes descritos. A esta situación xa de por si crítica, súmaselle a tentativa das empresas Atalaya Mining e Explotaciones Gallegas, que a través da súa filial galega, Cobre San Rafael, pretende reiniciar os traballos de explotación da mina.

Sobre este particular manifestouse con contundencia a Sociedade Galega de Historia Natural, entidade que traballa con criterios científicos, no seu informe do 3 de novembro de 2017 sobre o primeiro proxecto presentado por estas empresas.

No seu extenso relatorio, que se achega como documento Anexo I, o presidente da SGHN, Serafín González Prieto, investigador titular do CSIC, realiza unha exhaustiva relación dos efectos que a reactivación da actividade mineira causaría na zona entre os que salientamos os seguintes:

- Unha elevada concentración de residuos metálicos nos acuíferos, que se sumarían aos xa detectados agora mesmo.
- Un gran impacto sobre os cursos de auga e manantiais existentes na zona e a desaparición de ata 20 acuíferos.
- O emprego de distintos compostos químicos de elevada toxicidade.
- A problemática ambiental inherente á construción das balsas de lodos e novos depósitos de estériles nunha área poboada a escasa distancia.
- As potenciais filtracións aos acuíferos, xa evidentes hoxe en día, porían en perigo o río Ulla a partir do seu tramo medio, así como as zonas marisqueiras da ría de Arousa e o complexo do Umia-Grove,

Alén do devandito, o informe cuestiona o número de postos de traballo novos declarados pola empresa e demostra o impacto negativo que esta explotación mineira tería sobre o sector gandeiro da comarca de Arzúa na que se asenta.

Polo anteriormente exposto, o pleno da Deputación Provincial da Coruña, adopta os seguintes acordos:

1. Instar á Xunta de Galicia, ao Concello de Touro, ao Concello do Pino e á empresa "Explotaciones Gallegas, S.L." a realizar todos os traballos de inspección e rexeneración precisos para avaliar o estado das augas e terras afectadas procedentes das escorreduras da antiga mina, facendo cantas intervencións sexan necesarias para garantir a súa salubridade.
2. Instar á empresa "Explotaciones Gallegas, S.L." a que execute a depuración parcial xa aprobada para reducir as verteduras derivadas da súa actividade de depuración de lodos.
3. Requirir ao Concello de Touro, ao Concello do Pino e á Xunta de Galicia a que exerzan todas as accións que correspondan por vía legal a fin de que a empresa propietaria dos terreos (Explotaciones Gallegas) presente un plan de restauración actualizado e o execute con fin de poñer fin a máis de 30 anos de irregularidades e problemática ambiental.
4. Dar traslado deste acordo ao Concello de Touro, ao Concello do Pino, á Xunta de Galicia, ao Parlamento de Galicia e á empresa "Explotaciones Gallegas, S.L.".

Sr. Lema Suárez

Moi interesante sen dúbida a moción precedente dos compañeiros Sr. Ben e Sr. García Seoane.

Acompaño esta moción dunhas ilustracións gráficas, dunhas imaxes que tiramos do estado do río Portapego, un pouco máis abaixo de Fonte Díaz, núcleo municipal de Touro, que falan por si soas. Estamos falando dunhas augas dunha cor alaranxada, ocre que basicamente o que delatan é a presenza masiva de residuos tóxicos das antigas explotacións mineiras de cobre, neste caso que tiñan lugar na mina de Río Tinto Patiño, que explotou Río Tinto Patiño, a empresa, entre 1970 e 1990 alí á beira, alí en Touro.

É verdade que é un caso práctico, un caso evidente de mala praxe na xestión da finalización dunha actividade mineira. Hai alí unha serie de vertidos que van dar a regatos que logo forman parte dos fluviais que máis adiante desembocarán no río Ulla e, por tanto, que finalmente irán dar á ría de Arousa, como sabedes, o sistema marítimo máis produtivo de Europa, do que dependen as vidas de moreas de familias que viven do marisqueo no noso país nesa zona.

Pero, ademais, nós pensamos que tamén a situación actual da zona é un risco para a seguridade e a saúde da veciñanza de alí de Touro. É curioso porque está situada, o entorno do que estamos falando é xusto detrás da discoteca Dona Dana e enriba do que era unha antiga canle de evacuación deses residuos converteuse este

terreo en dotacional público e alí construíronse equipamentos como gardarías ou como residencias para a terceira idade que, desde logo, non nos parece a situación máis acaída.

Nós consideramos que, desde logo, insisto, esta situación é case un símbolo paradigmático dos efectos dunha minaría, dunha actividade mineira, que despois non se lle obriga a efectuar os labores de rexeneración precisos e que, sen dúbida, é o labor pendente hoxe en día que propoñemos na parte resolutiva desta moción.

A moción tamén vén acompañada dun informe moi exhaustivo realizado pola Sociedade Galega de Historia Natural no que advirte tamén dos riscos que tería a futuro a reapertura da actividade mineira nesta zona, aínda que, insistimos, a día de hoxe xa son evidentes os seus efectos. Realmente é alarmante a situación e pensamos nós que pode supoñer un perigo desde o punto de vista da seguridade e salubridade da veciñanza da zona.

Exposto o seguinte, propoñémoslle a adopción dos seguintes acordos a esta Corporación:

En primeiro lugar, instar a Xunta de Galicia, o Concello de Touro, o Concello do Pino e a empresa Explotaciones Gallegas, S.L., a realizar todos os traballos de inspección e rexeneración precisos para avaliar o estado das augas e terras afectadas procedentes das escorreduras da antiga mina, facendo cantas intervencións sexan precisas para garantir a súa salubridade.

En segundo lugar, instar a empresa Explotaciones Gallegas, S.L., a que execute a depuración parcial xa aprobada para reducir as verteduras derivadas da súa actividade de depuración de lodos.

En terceiro lugar, requirir o Concello de Dodro, o Concello do Pino e á Xunta de Galicia que exerzan todas as accións que corresponden por vía legal co fin de que a empresa propietaria dos terreos, Explotaciones Gallegas, presente un plan de restauración actualizado e o execute co fin de poñer fin a máis de 30 anos de irregularidades e problemática ambiental.

Por último, dar traslado deste acordo ao Concello de Touro, ao Concello do Pino, á Xunta de Galicia, ao Parlamento de Galicia e á empresa Explotaciones Gallegas, S.L.

Moitas grazas.

Sr. Ben Otero

Gracias, presidente.

Y antes de nada disculpa porque posiblemente no era el momento de..., pero bueno, hay ciertas cuestiones al respecto de las deudas condonadas o no, que desde luego nosotros no tenemos nada que ocultar y quería dejarlo de manifiesto.

Nós xa adiantamos que nos imos abster nesta iniciativa xa que posiblemente

será aprobada polo resto dos grupos. En relación coa moción que ten presentada o señor Lema, teño que dicirlle que a Xunta denegou en febreiro deste ano a concesión da explotación da mina de Touro como consecuencia da declaración de impacto ambiental desfavorable apoiada nos informes emitidos por Patrimonio Natural e Augas de Galicia, evidentemente, como penso que se teñen que facer as cousas. Denégase en virtude dos informes distintos que chegan sectoriais, que son os que determinan se unha actividade pode saír adiante ou non, non por unha decisión caprichosa nin persoal, nin dun presidente, nin dun Goberno, nin dun deputado. Deste xeito a Administración autonómica cumpre co seu deber de denegar calquera proxecto que non contemple os requisitos esixidos desde o punto de vista legal, técnico ou ambiental.

O Goberno galego defende que é posible unha minaría sustentable comprometida co coidado do medio ambiente, co uso respectuoso dos recursos naturais e coa compatibilidade co resto de actividades para que poida xerar riqueza e emprego.

Tendo en conta a lexislación vixente, tras a denegación, requiríuselle á empresa a corrección do plan de restauración e o proxecto de drenaxe, e aprobouse como medida cautelar un proxecto para recoller as augas que emanan de forma natural polos noiros da balsa e bombealos a un oco da antiga mina. Dado que non executou esta medida, iniciouse un expediente sancionador.

Dende o Grupo Provincial Popular non podemos compartir o boicot á industria que están levando a cabo En Marea e BNG, como socios do Goberno do Estado, especialmente nos sectores enerxéticos e mineiros. Señores e señoras deputados, a minaría dá emprego a 4.400 postos de traballo, cunha facturación de 600 millóns de euros en Galicia, sendo punteira en sectores como o granito, a pizarra, etcétera. Hai que ter coidado con criminalizar certo tipo de actuacións, porque en Galicia á fin e ao cabo temos que vivir de algo e non só de soldos públicos ou subvencións ou axudas.

Por agora, logo seguiremos falando, nada máis, grazas.

Sra. Muíño Filgueira

En relación co obxecto que aborda a moción, dicir primeiro de todo que o BNG vai votar a favor, que a cuestión medioambiental arredor da mina de Touro é unha das temáticas que xa desde o 2015 leva traballando a nivel parlamentario o grupo do BNG, que a última efectivamente se fixo en xullo de 2021, e que a min, un pouco ao fío da intervención do portavoz do Partido Popular, dicir que defender que se actúe consonte a responsabilidade medioambiental, que se asegure que as actividades non teñan un impacto negativo en cuestións que atinxen á saúde pública, que poden condicionar outras actividades, non é facer boicot á industria; e que o que non hai que confundir interesadamente é cando se confrontan diferentes modelos de xestión de desenvolvemento industrial, que o que se fai é unha crítica, pódese considerar construtiva para o país, cando confrontamos en diferentes modelos que, dende logo, non se pode dicir en ningún momento que o que fai o BNG é un boicot á industria galega, senón que defende un determinado modelo de desenvolvemento, o cal considero entón que realmente é fondamente inxusto. Discrepamos? Pois si, pero non se pode dicir así a groso que defender que se cumpra coa responsabilidade

medioambiental, que se sexa respectuoso coas persoas que viven nas contornas e co noso medio sexa poñer cortapisas ou se boicotee o desenvolvemento industrial dun país e non se defendan os postos de traballo.

Sr. Fernández Piñeiro

Nós compartimos os acordos da moción e, por tanto, imos votar a favor. Si que é certo que non compartimos ou matizamos a exposición de motivos, un pouco incidindo no que estaban comentando ata o de agora os que me precederon no uso da palabra. Nós non estamos en contra da actividade mineira, o que estamos é a favor de que a actividade mineira se desenvolva con todas as garantías de carácter medioambiental, de seguridade, etcétera. Porque falaba antes de certa hipocrisía, e estanos pasando nos últimos tempos algo similar con determinadas actividades, que non queremos mentres as fagan outros e despois temos unha dependencia, como está pasando agora, que pecha Citroën porque non hai chips, porque non hai litio, porque non hai cobre; ou os problemas que tivemos durante a pandemia, que tanto nos ensinou das carencias que ten este país na produción de determinados produtos que temos que importar doutros países, algúns deles desgraciadamente cunhas calidades democráticas que son as que son e que ao final eses estados, como pode ser o caso de China, teñen un control total e absoluto sobre a produción que pode aplicar incrementos de prezos, como ocorreu durante a pandemia, a produtos que custaban 2 céntimos cobralos a 5 €, por poñer un exemplo.

Por tanto, repito, temos que apelar á responsabilidade de que nós non estamos a favor da minaría a calquera prezo, que ten que ser con todas as garantías, pero tampouco estamos en contra da minaría, que é unha mensaxe que en determinados ámbitos xa empeza a calar, como que agora tampouco estamos de acordo en moitos casos coa eólica, é dicir, ao final, se non estamos de acordo con practicamente nada, teremos que compralo todo fóra, e iso vai ter unhas consecuencias. As primeiras, de carácter económico ao noso país, esas son as primeiras de todo, iamos ter unha dependencia total e absoluta de terceiros países que desgraciadamente, como dixen, non son na maioría dos casos países democráticos, e que se rexen polas mesmas normas que nos rexemos países occidentais ou europeos, se queremos velo así.

Deberiamos facer entre todos e todas unha reflexión a ese respecto para non caer nesa deriva na que levamos algún tempo e que penso que nos conduce a unha ruína total e absoluta. Ten que haber todo iso do que falamos e, se o podemos producir aquí con garantías, mellor que telo que comprar fóra. Entón, é importante que vaiamos matizando, non sempre poñendo sobre a mesa todo aquilo negativo que representan estas actividades que, efectivamente, traen aparelladas consecuencias de carácter negativo, pero tamén hai outras de carácter positivo que non estamos a valorar. E desgraciadamente o medio ambiente non é unha sala estanca na que o que se contamina en China non vaia afectar a España, contamina exactamente igual. Se hai que producir, prefiro que se produza en España con todas as garantías, e non que produza China sen ningunha delas, porque desgraciadamente a nivel medioambiental vainos afectar a todos exactamente igual.

Dito isto, como digo, compartimos os acordos da moción, na exposición de motivos non é que se diga isto que estou a dicir eu, pero si que é certo que hai cousas

que hai que matizar, e quixen introducir esta reflexión que penso que sería moi positiva para todos e todas.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Lema Suárez

Debo dicir que ao mellor non está correctamente exposto na moción, pero nós en ningún momento dicimos que esta moción faga referencia a unha posición contraria á reapertura da mina, nin tampouco a unha denuncia xeral da actividade mineira, como tampouco da actividade eólica, nin moito menos.

O certo é que esta non é unha cuestión de todo ou nada, é unha cuestión de modelo, é unha cuestión de quen se vai beneficiar dese tipo de actividades e quen as vai padecer, tanto no caso eólico, onde é unha actividade lucrativa e unha actividade privativa onde estamos a ver que iso non redunda no beneficio dos galegos e das galegas en xeral que somos os que padecemos esta actividade, e o mesmo neste caso.

Aquí non se fala de reapertura si ou reapertura non, fálase de que é evidente na zona de que houbo uns impactos tremendos no territorio da antiga actividade mineira, que a empresa, a empresa que fixo esa explotación, ten que ocuparse de rexenerar, isto é así, este é o modelo que podemos chamar dentro dunha actividade de elevado impacto como é a minaría, que asegura certa sustentabilidade, que a propia empresa que a explota se faga cargo das consecuencias desa explotación, das consecuencias para o seu entorno, e non que nos impute, como acontece tantas veces, á Administración pública o custo da rexeneración *a posteriori* do impacto da súa actividade, que é o que propoñemos aquí unicamente. Polo tanto, eu esas pinturas de *grosso modo* minaría si-minaría non, traballo si-traballo non, por favor eu creo que é bo que atendamos ao que se expón na propia moción e non á caricatura que cadaquén fai da posición do rival, que creo que non é realmente xusto.

E, por último, a cuestión da contabilidade dos postos de traballo: cantos postos de traballo están referidos coa actividade marisqueira na ría de Arousa? Probablemente moitos máis dos que están relacionados coa posibilidade de traballos na mina que se volvería a abrir.

Por outro lado, advertiu ICOMOS, tendo en conta que o Camiño Francés é Patrimonio da Humanidade e que esta actividade mineira non está lonxe da traxectoria do Camiño Francés, tamén que suporía un risco para a conservación dese status de Patrimonio da Humanidade.

Polo tanto, vaiamos un pouco ao detalle, á letra miúda desta cuestión, non é minaría si-minaría non, senón que é quen se fai cargo das consecuencias da actividade mineira, vaise socializar, vai supoñer un risco para a saúde das persoas que alí viven e, sobre todo, que consecuencias vai ter para o resto das actividades económicas, porque a mina evidentemente, a actividade mineira non se pode illar do resto das actividades, nun país ademais que, afortunadamente, ten unha densidade de acuíferos tremenda, polo tanto que facilita moitísimo a evacuación de residuos cara a outras zonas; neste caso, volvo repetir, cara ao Ulla, que é o río que xera a ría de

Arousa, diriamos a zona de marisqueo máis importante de Europa.

E tamén, por suposto, podería atinxir á conservación dese status do Camiño Francés que creo que todos desexamos. Polo tanto, minaría si, pero nas condicións de seguridade e de saúde que deben ser e que debe facerse cargo delas a propia empresa que a explota, que é unicamente o que se propón nesta moción.

Nada máis e grazas polo seu apoio.

Señor Ben Otero

Gracias de nuevo, presidente. Yo gran parte de las cuestiones que se solicitan en los acuerdos se están llevando a cabo ya. En el último año hubo más de 300 análisis de aguas por parte de Aguas de Galicia en la zona de la mina. Evidentemente hay un control exhaustivo, como no puede ser de otra manera.

Lo que pasa es que llama la atención un poco que cada vez que hay un problema de cualquier tipo, se puede intuir o queremos que algo no funcione o tenemos una senda ideológica que marcar, ponemos en riesgo el marisqueo de la Ría de Arousa. En la ría de Arousa no iba a volver a haber berberechos ni actividad marisquera porque se iba a hacer el puente sobre la ría de Noia. Pues, mire usted, es el puente sobre la ría de Noia ha traído consigo un acercamiento del turismo a Santiago, generando unas sinergias superpositivas económicamente y una facilidad de movilidad tremenda.

Ustedes habían anunciado, y sus compañeros del Bloque, que en esto van de la mano casi siempre, que aquello iba a ser el apocalipsis final, se iba a acabar, se iba a acabar... Por favor, hay que ser un poco serios en estas cuestiones. Mire, señor Lema, usted en los últimos plenos viene trayendo de forma reiterada una serie de cuestiones que dicen “peche de, prohibir o, que no se haga que”. Oiga, ustedes son copartícipes de una decisión letal para la provincia de A Coruña y para parte de la de Ferrolterra, lo conoce perfectamente el señor Formoso, por el anuncio de la transición ecológica justa, As Pontes cerrada, con lo que ha traído consigo. Hay que tener cuidado con las cuestiones de las prohibiciones porque las consecuencias son complicadísimas.

Ustedes ahora por una cuestión ideológica están obsesionados y van a hacer todo lo posible para acabar con la actividad de Ence en Pontevedra, con lo que trae consigo que miles de personas pierdan su puesto de trabajo y con la minoración económica para los grandes productores forestales que hay en la provincia de A Coruña. Claro, estas cuestiones que ustedes permanentemente prohibir, prohibir, prohibir, reitero, yo tengo la esperanza y la ilusión de que nuestros hijos, yo tengo hijos pequeños, que tengan futuro en Galicia y en España, que tengan una actividad económica que poder ejercer, un trabajo que poder tener. Es que ustedes con este ritmo de vida que están haciendo no sé de qué quieren que se viva en Galicia. Han puesto en riesgo con el tema de Ence y por un capricho absoluto toda la actividad económica en el dominio público marítimo-terrestre con la Ley de costas. ¡Por el amor de Dios! Yo le digo a usted que hay que ser un poco sensato y no ir cada día: escuchamos un pequeño ruido, nada, manifestación. Porque, claro, nosotros tomamos una decisión de cerrar As Pontes y luego tenemos el cuajo de ir de primeros en la pancarta con los que han perdido su trabajo. Nosotros ahora estamos apoyando

en el tema de Alcoa, evidentemente, y en todas las empresas electrointensivas, nos preocupa lo que está pasando, pero hemos cerrado la mayor productora eléctrica del norte de España, mientras en Francia y en Alemania se están abriendo térmicas, nosotros somos cachondos de la leche, vamos, somos unos irresponsables con decisiones que tomamos a veces, y esas decisiones traen consecuencias, traen consecuencias.

Y el señor Formoso lo conoce perfectamente, lo que pasa es que ha tenido la habilidad de ponerse de perfil, que le pasan los golpes por el lado, porque es su partido político el que ha cerrado la fuente de trabajo de su ayuntamiento, ¡caramba!, con el apoyo necesario de ustedes, que son socios de Gobierno en Madrid, y el voto del amigo Rego, que está allí como quien no lo tiene, esto es lo que hay, esto es lo que está pasando en este país.

Entonces yo le pido que traiga algún día una moción que diga: Proponemos crear, impulsar, ayudar a implantarse... Algo en positivo, por el amor de Dios, es lo que le digo, nada más.

Y nada más, gracias.

Sr. Lema Suárez

Tiña tentación de non contestarlle, señor Ben, pero, a verdade, é que é complicado non facelo escoitándoo. A ver, creo que xa se comentou outras veces neste mesmo Pleno a historia da empresa pública Endesa, Empresa Eléctrica do Noroeste, empresa pública creada, por certo, na época da autarquía franquista aproveitando un recurso dispoñible, como era o carbón da zona das Pontes, que chega un momento no que é privatizada. E quen inicia, quen culmina a privatización de Endesa, que pasa a ser propiedade dunha empresa pública italiana que se chama Enel, é o seu Goberno, señor Evaristo Ben. Co cal que vostede agora, 20 anos despois, non, 30 anos despois, veña aquí a dicirnos que quen pecha é este Goberno ou aquel... quen privatizou Endesa? quen privatizou Endesa? Co cal, a verdade, cadaquén di o que lle peta, pero creo que vostede moitas leccións de defensa do patrimonio industrial do país creo que non llas pode dar a ninguén.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Presidente

Eu simplemente unha cuestión, Sr. Ben, a título informativo, que é importante que se manexe para ser, como dis ti, rigoroso, rigoroso.

Do tema do peche da central das Pontes temos falado moitísimo aquí, fóra de aquí e compartimos ademais a mesma visión sobre o tema. Eu estou de acordo co que dis sobre Marea Atlántica, dende AGE no Parlamento galego, ata Esquerda Unida, ata Izquierda Unida, ata Podemos, cando as centrais térmicas estaban operando e estaban xerando miles de postos de traballo en Galicia, en España e en Europa, falo de hai 2 anos, 3 anos, xa eles pedían o peche das centrais térmicas, tamén a das Pontes, iso é certo.

Pero despois o peche da central térmica prodúcese, aínda que, xa o dixen aquí abertamente, aínda que o Goberno actual central en circunstancias normais, cando se provocou o peche, ocorreu o peche das Pontes, é un Goberno a que non lle doe o mesmo que ao Partido Popular, compréndoo completamente e estou aí co Partido Popular, é dicir, é un grupo político que non aposta pola transición dunha maneira disruptiva, aínda que no seu programa o fai, pero os feitos onde goberna o Partido Popular en política enerxética coinciden cos intereses das centrais térmicas, coincide co que penso eu e coincide co que pensas ti.

Pero esta noticia é de hai moi pouco tempo, pero son decenas e decenas de noticias que saen permanentemente por desgraza. Vattenfall, que é unha das maiores operadoras enerxéticas en Alemaña pero de capital sueco, curiosamente, cierra una central de carbón alemana con tan solo 6 años, 6 años de vida, de 1600 MW, 100 MW más que As Pontes, totalmente moderna, hasta es bonita estéticamente, totalmente moderna, y cierra, porque estaba prevista en 2038, y lo dice claramente aquí, por el precio del CO_2. Y el precio del CO_2, el mercado de CO_2, la especulación que se provoca en el año 2017 la promueve la Comisaría de Energía dirigida por Arias Cañete, que lo hubiera hecho igual el comisario europeo, pero eso son los hechos estrictamente ciertos.

Entón, o que ocorre con isto é que, froito da especulación, as centrais de carbón non son operativas nin son rendibles en ningunha parte de Europa, en ningunha parte de Europa. Tamén en Alemaña están pechando todas as centrais moito antes do que se pensaba. Outra cousa é a sensibilidade que teña un partido político ou outro con este tema a nivel nacional. Comparto a túa visión, pero dígoo por ser solventes e por falar con criterios, digamos, obxectivos sobre a materia.

Procedemos, por tanto, se vos parece, á moción presentada por Marea Atlántica.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados/as (11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Altántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: 13 deputados/as (PP)

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, aproba a seguinte moción:

"Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre a Mina de Touro

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Entre 1970 e 1988, a mina a ceo aberto de cobre de Touro foi explotada pola empresa Riotinto Patiño. Os efectos do deficiente traballo de rexeneración da área unha vez pechada a mina sumados aos efectos do novo uso dos terreos para o tratamento de lodos de depuradora, xeran hoxe visibles efectos, tal e como puidemos comprobar in situ na visita realizada o pasado 16 de setembro.

Todos os ríos e regos da área (Portapego, Brandelos, Lañas, Ameneiro-Lamas,

etc.) ofrecen unha cor laranxa e baixos niveis de pH que dá testemuño das elevadas concentracións de metais pesados que conteñen, e que acaban formando unha especie de balsa natural a escasa distancia de Fonte Díaz, capital municipal de Touro, nunha paraxe de augas vermellas e vexetación desecada que debería resultarnos aínda máis preocupante se temos en conta que esta canle fluvial acaba deitando as súas augas no curso medio do Ulla e, polo tanto, máis abaixo na ría de Arousa, o sistema costeiro máis produtivo de Europa, que dá traballo a milleiros de familias dependentes do marisqueo, da pesca e do turismo.

Esta situación de falta de rexeneración viuse agravada pola cubrición dunha das canles de evacuación das augas contaminadas procedentes das escorreduras da antiga mina. Sobre estes terreos, cualificados actualmente como solo dotacional público, construíronse nada menos que unha gardería e un centro para a terceira idade entre outras infraestruturas, xusto á beira dun rego de augas contaminadas dos antes descritos. A esta situación xa de por si crítica, súmaselle a tentativa das empresas Atalaya Mining e Explotaciones Gallegas, que a través da súa filial galega, Cobre San Rafael, pretende reiniciar os traballos de explotación da mina.

Sobre este particular manifestouse con contundencia a Sociedade Galega de Historia Natural, entidade que traballa con criterios científicos, no seu informe do 3 de novembro de 2017 sobre o primeiro proxecto presentado por estas empresas.

No seu extenso relatorio, que se achega como documento Anexo I, o presidente da SGHN, Serafín González Prieto, investigador titular do CSIC, realiza unha exhaustiva relación dos efectos que a reactivación da actividade mineira causaría na zona entre os que salientamos os seguintes:

- Unha elevada concentración de residuos metálicos nos acuíferos, que se sumarían aos xa detectados agora mesmo.
- Un gran impacto sobre os cursos de auga e manantiais existentes na zona e a desaparición de ata 20 acuíferos.
- O emprego de distintos compostos químicos de elevada toxicidade.
- A problemática ambiental inherente á construción das balsas de lodos e novos depósitos de estériles nunha área poboada a escasa distancia.
- As potenciais filtracións aos acuíferos, xa evidentes hoxe en día, porían en perigo o río Ulla a partir do seu tramo medio, así como as zonas marisqueiras da ría de Arousa e o complexo do Umia-Grove,

Alén do devandito, o informe cuestiona o número de postos de traballo novos declarados pola empresa e demostra o impacto negativo que esta explotación mineira tería sobre o sector gandeiro da comarca de Arzúa na que se asenta.

Polo anteriormente exposto, o pleno da Deputación Provincial da Coruña, adopta os seguintes acordos:

5. Instar á Xunta de Galicia, ao Concello de Touro, ao Concello do Pino e á empresa “Explotaciones Gallegas, S.L.” a realizar todos os traballos de inspección e rexeneración precisos para avaliar o estado das augas e terras afectadas procedentes das escorreduras da antiga mina, facendo cantas

intervencións sexan necesarias para garantir a súa salubridade.

6. Instar á empresa “Explotaciones Gallegas, S.L.” a que execute a depuración parcial xa aprobada para reducir as verteduras derivadas da súa actividade de depuración de lodos.
7. Requirir ao Concello de Touro, ao Concello do Pino e á Xunta de Galicia a que exerzan todas as accións que correspondan por vía legal a fin de que a empresa propietaria dos terreos (Explotaciones Gallegas) presente un plan de restauración actualizado e o execute con fin de poñer fin a máis de 30 anos de irregularidades e problemática ambiental.
8. Dar traslado deste acordo ao Concello de Touro, ao Concello do Pino, á Xunta de Galicia, ao Parlamento de Galicia e á empresa “Explotaciones Gallegas, S.L.”."

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 14:01 horas.